

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CURSO 2023-2024

DATOS DO CENTRO		Data de aprobación do Claustro	Data de presentación ao Consello Escolar
CEIP MESTRE MANUEL GARCÍA			
CÓDIGO	36006067		
LOCALIDADE	Camiño do Fial, 23 36794 Oia		
CONCELLO	Oia	14/ 11 /23	21/ 11 /23
PROVINCIA	Pontevedra		
Teléfono: 886 110 488 – 682 742 501			
E-mail: ceip.mestre.manuel.garcia@edu.xunta.es			

ÍNDICE

1. CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

- 1.1. OBXECTIVOS DE CENTRO
- 1.2. OBXECTIVOS DO PROFESORADO
- 1.3. OBXECTIVOS DO ALUMNADO
- 1.4. OBXECTIVOS DAS FAMILIAS

2. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO NEAE

- 2.1. ATENCIÓN A DIVERSIDADE
- 2.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
- 2.3. TAREFAS EXTRAESCOLARES
- 2.4. ACTIVIDADES DE ATENCIÓN EDUCATIVA
- 2.5. AVALIACIÓN INDIVIDUALIZADA

3. ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

- 3.1. DATOS DO ALUMNADO E GRUPOS
- 3.1. DATOS DO PROFESORADO
- 3.3. XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO
- 3.4. QUENDAS DE VIXILANCIA DOS RECREOS
- 3.5. QUENDAS DE VIXILANCIA DO ALUMNADO TRANSPORTADO E ENTRADAS ESCALONADAS

4. PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

- 4.1. CONSELLO ESCOLAR
- 4.2. CLAUSTRO DE PROFESORADO

5. PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO

6. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

- 6.1 TITORÍAS

6.2 COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

6.3. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

6.4. EQUIPOS DO CENTRO

7. PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA.

8. LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO

9. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

9.1. PROGRAMA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

9.2. PROGRAMA DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

9.3. PLAN DE ACTIVIDADES EN COLABORACIÓN COA ANPA

10. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

10.1. PLAN DE EVACUACIÓN / CONFINAMENTO

10.2. PROCEDIMENTO DE ATENCIÓN ÓS ALUMNOS/AS ACCIDENTADOS.

10.3. PROCEDIMENTO DE ATENCIÓN ÓS ALUMNOS/AS CON PATOLOXÍAS

SANITARIAS

11. PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DE TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE

11.1. PERSOAL COMEDOR ESCOLAR

11.2. PERSOAL LIMPEZA DO CENTRO

11.3. AUXILIAR TÉCNICO EDUCATIVO

12. PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS COAS FAMILIAS.

13. PLAN DE TRASPORTE ESCOLAR

13.1. RUTAS

13.2. NORMAS DE SEGURIDADE.

13.3. CONVIVENCIA E DISCIPLINA

13.4. PROCEDEMENTOS DE CONTROL

14. REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN DE COMEDOR

15. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

16. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DE CENTRO.

17.1. MODALIDADES E FUNCÍONS

17.2. ELEMENTOS

17.3. INSTRUMENTOS E ESTRATEXIAS

17.4. MOMENTOS

18. PLAN ANUAL DE LECTURA.

19. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

20. PLAN DIXITAL

21. CONCRECIÓN PLAN DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE. (PADO)

22. CONCRECIÓN PLAN DE CONVIVENCIA

23. PLAN IGUALDADE

ANEXOS

ANEXO I: CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

ANEXO II: PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

ANEXO III: PLAN ANUAL DE LECTURA

ANEXO IV: PLAN ANUAL DO DO

ANEXO V: PLAN DE IGUALDADE

ANEXO VI: OBXECTIVOS PLAN DIXITAL

ANEXO VII: PLAN DE BENESTAR EMOCIONAL

1. CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

OBXECTIVOS	XUSTIFICACIÓN	MEDIDAS E RECURSOS	RESPONSABLES	TEMPO
PEDAGÓXICOS				
Modificación da concreción curricular nos cursos pares de EP.	Aplicación da estrutura curricular LOMLOE.	Programacións PROENS	Profesorado	1º trimestre
Impulsar no alumnado habilidades e destrezas para a consecución de competencias.	Adquisición de coñecementos co fin de acadar os perfís de saída de cada competencia.	Ofertar una educación baseada en aprender a aprender con rigor pedagóxico, metodolóxico e científico.	Profesorado	Anual
Actualizar os documentos e protocolos en materia de convivencia do centro co fin de mellorar o respecto ás normas do alumnado e a resolución de conflitos no centro.	Necesidade de renovar a Aula de convivencia/atención educativa e NOF.	Renovación de documentos, difusión da información e unificación de medidas de actuación.	CCP, DO, Equipo directivo e equipo específico.	Anual
Favorecer a planificación e organización das actividades xurdidas dende os distintos ámbitos.	Mellora da organización	Planificar a realización das actividades de forma coordinada para un mellor desenvolvemento.	Eq. directivo Eq. EDNL, ACE, Biblio, Tics, Convivencia, Comedor, ANPA	Anual
Dinamizar as novas tecnoloxías na práctica educativa do centro (Aula Virtual, Proxecto E-Dixgal).	Actualización nos accesos e responsables.	Promover e potenciar o coñecemento e uso das novas tecnoloxías e uso da información.	Equipo Tics	Anual
Aplicar os criterios de cualificación e programas de reforzo.	Criterios elaborados o curso pasado LOMLOE	Aplicar criterios para a avaliación e reforzo a través dos documentos establecidos.	Profesorado	Anual

Favorecer o desenvolvemento adecuado da personalidade para conseguir o máximo benestar social do alumnado e prever a aparición de problemas.	Mellora nas habilidades sociais e emocionais.	Promover a adquisición dunha adecuada conciencia das emocións propias e alleas. Aplicación de actividades de benestar emocional.	Equipo directivo Profesorado Coordinadora de Benestar emocional. Profesorado	Anual
Potenciar a competencia dixital e o tratamento da información.	Proxecto Edixgal.	Iniciación de 5º EP no proxecto EDIXGAL, continuidade de 6º EP no proxecto EDIXGAL e uso de 4º de ordenadores ABALAR e uso de aula TICs.	Equipo directivo, Equipo Tics, profesorado dos cursos.	Anual
Potenciar a competencia lingüística. Motivar o gusto do alumnado pola lectura e actividades literarias . Usar as bibliotecas como laboratorios de aprendizaxe.	Biblioteca como centro de recursos, investigación dinamización, lecer e ampliar e consolidar aprendizaxes.	PLAMBE por 12º ano consecutivo. PDI: "OIADORES".	Equipo de biblioteca. Todo o profesorado.	Anual
Potenciar a competencia matemática. Aprendizaxe máis manipulativa, razoada e comprensiva.	Aula STEM -matemáticas. Metodoloxía OAOA.	-Horarios aula STEM. -Materiais bibliográficos específicos. -Recursos materiais manipulativos e xogos específicos.	Equipo directivo e profesorado	Anual
ORGANIZATIVOS				
Adaptar os horarios dos grupos de acordo aos criterios específicos das materias	Mellora no desenvolvemento das materias	Recoller criterios e confeccionar horarios	Xefatura Profesorado	Inicio do curso
Dinamización da aula STEM (matemáticas e ciencias).	Adaptar novos espazos	Dotar de material e horarios específicos.	Equipo directivo e profesorado especialista.	Anual

Uso do espazo do laboratorio de radio.	Programa de Radio na Biblio	Establecer organización, responsables e forma de participación.	Equipo Tics e Equipo de Biblioteca.	Anual
Potenciar o uso da páxina web como medio de comunicación.	Obxectivo 3 Plan Dixital.	Web dinámica, interactiva e con información accesible.	Equipo directivo. Equipo TICs.	Anual
Renovación e redistribución da biblioteca e os seus recantos.	Favorecer a organización e o acceso aos recursos da biblioteca .	Pintar, adquisición de mobiliario, expurgo e redistribución especialmente nos recantos: Bibliquiosco, xogos, patio interior e recanto de ordenadores de consulta.	Eq. Directivo e Equipo de Biblioteca	Anual

1.1. OBXECTIVOS DE CENTRO

OBXECTIVO	XUSTIFICACIÓN	MEDIDAS E RECURSOS	RESPONSABLES	TEMPORALIZ.
DOCUMENTAIS E PROGRAMÁTICOS				
Documentos institucionais legislativos.	Legislación vixente, de nova aprobación e protocolos.	Revisar e Actualizar	Claustro	Anual
Concreción curricular.	LOMLOE - Decretos currículo e avaliación	Adaptar	Profesorado	1º Trimestre
NOF		Revisar e actualizar	Eq. directivo	
Plan de Convivencia		Implementación	Eq. Convivencia	
Plan TICs de Centro		Revisar e actualizar	Eq. TIC	
Plan de At. á Diversidade		Aplicación	DO	Anual
Plan de Igualdade		Aplicación	DO	Anual

Plan de Acción Titorial		Revisar e actualizar	CCP/DO	Anual
Reglamento de Comedor		Revisar e actualizar	Eq. Comedor	1º Trimestre
Plan Anual de lectura		Revisar e Actualizar	Eq. Biblioteca	1º Trimestre
Plan Lingüístico		Aplicación	Eq. EDNL	Anual
Plan específico de reforzo e recuperación.		Aplicación	Eq. directivo / DO	1º trimestre
Plan de Comunicación.		Revisión	Eq. directivo	Anual
Plan dixital.		Implementación	Eq Plan Dixital /Tics	Anual
Plan de Autoprotección		Aplicación	Eq. directivo	Anual
Plan Alerta Escolar		Revisar	Eq. directivo	1º Trimeste

ORGANIZATIVOS

Potenciar unha comunicación visual na web.	Adaptación a contornos dixitais e físicos.	Información accesible con apoios visuais. Pautas de publicación.	Equipo directivo	Anual
Actualizar inventario de mobiliario e material	Existencia de material e mobiliario novo	Inventariar os materiais facilitando plantillas	Equipo directivo	Anual
Actualizar datos de imaxe, familiares, recollida e sanitarios do alumnado.	Actualización de datos	Actualización de formularios. Libro vermello (Datos dos grupos).	Equipo directivo	1º Trimestre
Actualización de cadernos de aula.	Coordinación información de incidencias e faltas dos grupos.	Caderno de incidencias, faltas leves e graves de titorías. Cadernos de faltas.	Equipo directivo	1º Trimestre
Atender á demanda de materiais diversos (mesas e sillas, cañóns, ordenadores, ...)	Necesidades	Recoller demandas, xestionar e priorizar.	Equipo directivo	Anual
Arranxar desperfectos nas instalación do centro.	Seguridade e hixiene	Xestionar	Equipo directivo	Anual

Renovación e redistribución da zona de entrada do centro.	Acondicionamento de recantos.	Pintar, adquisición de mobiliario e redistribución. (Pacios choiva)	Eq. Directivo Equipo Biblioteca	1º trimestre
Reorganización de espazos no centro.	Optimizar espazos.	Adquisición de mobiliario e redistribución.	Eq. Directivo	1º trimestre
Colocación do almacén da 2º planta.	Favorecer a almacenaxe, colocación e acceso a recursos.	Eliminación de material obsoleto ou en mal estado. Colocación de material.	Profesorado	1º trimestre.
Responsable de comedor escolar. Normas de comedor escolar.	Reducir a incidencia negativa da xestión do comedor nas tarefas de xestión e pedagóxicas da dirección do centro.	Nomeamento dunha responsable de comedor da comunidade educativa allea ao profesorado. Normas de traballo no comedor escolar.	Dirección	1º Trimeste
Dispor de conserxe	Mantemento e arranxos do centro	Solicitar ao concello	Concello	Anual

1.2. OBXECTIVOS DO PROFESORADO

OBXECTIVO	XUSTIFICACIÓN	MEDIDAS E RECURSOS	RESPONSABLE S	TEMPO.
Mellorar a calidade do ensino empregando recursos e estratexias axeitadas que atenda a diversidade do alumnado	Mellora dos resultados académicos	Promover a readaptación da metodoloxía empregada con técnicas activas e de participación. Solicitude de Contratos-Programa	DO Equipo directivo Profesorado	Anual

Potenciar a comunicación e coordinación entre equipos e niveis.	Operatividade	Optimizar as reunións, concretar e levar a cabo os acordos tomados. Reducir e coordinar as actividades dos diferentes equipos.	Equipo directivo Profesorado	Anual
Favorecer a consolidación dun ambiente cordial cos diferentes membros da comunidade educativa	Necesidade dunha boa interacción social na comunidade educativa	Promover as relacións	Profesorado	Anual
Establecer as liñas para a formación permanente do profesorado para o curso.	Renovación e formación profesional.	Cursos de formación. Formación coordinador PLAMBE. Programa de formación permanente do profesorado (PFPP)	Equipo directivo Profesorado	Anual
Facer máis funcionais , concretos e áxiles os documentos, plans , programas e documentación de centro.	Utilidade e funcionalidade dos documentos.	Proporcionaranse plantillas e modelos de plans, programas, informes e memorias para coordinar e axilizar documentos.	Todo o profesorado	Anual

1.3. OBXECTIVOS DO ALUMNADO

OBXECTIVO	XUSTIFICACIÓN	MEDIDAS E RECURSOS	RESPONSABLES	TEMPORAL
Adquirir destrezas e estratexias básicas favorecendo a autonomía e integración social	Necesidade de ser autónomo e sociable	Favorecer situacións e oportunidades para desenvolverse	Profesorado	Anual
Valorar a adquisición de coñecementos mediante o esforzo e iniciativa persoal	Falta de espírito de superación	Fomentar as actitudes de constancia e esforzo persoal	Profesorado	Anual
Fomentar actitudes e condutas positivas a nivel individual e colectivo	Consolidación dunha formación integral do alumnado	Potenciar os comportamentos adecuados	Profesorado	Anual

1.4. OBXECTIVOS DAS FAMILIAS

OBXECTIVO	XUSTIFICACIÓN	MEDIDAS E RECURSOS	RESPONSABLES	TEMPORAL
Facer partícipes as familias na vida da comunidade educativa.	Implicación na vida escolar	Informar e ofertar oportunidades	Eq. directivo	Anual
Implicalas no proceso de ensino–aprendizaxe dos seus fillos e fillas e na adquisición de destrezas nas TICs	Necesidade dun apoio familiar e continuidade entre familia-escola	Aula virtual. Abalar móbil. Actividades.	Eq. Directivo Profesorado	Anual
Potenciar o uso da páxina web para trasladar información do ámbito escolar.	Establecer canles de comunicación activas e eficientes	Manter actualizada a páxina web e interactividade coas familias.	Eq. Directivo. Coordinador equipo TICS	Anual

2. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO NEAE

2.1. ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Empregaremos distintas estratexias para atender á diversidade do alumnado, adaptando tamén a metodoloxía en función das características dos alumnos e alumnas.

Intentamos prever distintas situacións de aprendizaxe para poder acadar os obxectivos previstos, reformulando tarefas e estratexias sempre que sexa necesario para lograr a súa comprensión, proporcionando aclaracións, explicacións complementarias, demostracións e exemplos que nos permitan chegar ó máximo grao posible de axuste entre as características dos alumnos e das alumnas e a natureza das actividades de aprendizaxe.

A organización dos contidos a través dos proxectos e unidades didácticas permítenos que os nenos e as nenas progresen ao seu propio ritmo realizando tarefas con distintos niveis de dificultade e axustadas as súas ideas previas.

Aínda que os obxectivos de aprendizaxe son os mesmos par todos/as, as axudas para conseguilos son diferentes e diferenciadas.

Contemplaremos, pois, axudas a partir de:

- Niveis diferentes nas tarefas a realizar sobre un mesmo tema despois dunha introdución común, para uns poderán ser tarefas novas ou de ampliación, para outros de consolidación.
- Métodos diferentes aos empregados para o gran grupo, que aplicamos a pequenos grupos ou individualmente.
- Uso de materiais distintos na presentación do traballo para que todos os alumnos/as poidan implicarse segundo as súas posibilidades e o dominio que teñan das distintas formas de expresión.
- Distintas formas de agrupamento (Aprendizaxe cooperativa) que facilitan as interaccións entre compañeiros/as.
- Procuraremos coñecer e analizar a forma de actuar dos alumnos/as para adecuar a acción educativa ás súas necesidades coa finalidade de que consoliden significativa e funcionalmente as súas aprendizaxes.

- Nos casos de alumnos e alumnas que teñan adaptacións curriculares individualizadas farase o seu seguimento e avaliación.

Este ano o centro continúa co programa que favorece a atención a diversidade, no marco do plan RECUPERA-T establecido pola consellería:

PROA+: no que se conta cunha docente a media xornada durante todo o curso escolar destinado aos cursos de 3º, 4º, 5º e 6º curso de EP.

A avaliación deste programa farase trimestral, coincidindo coas establecidas, facendo os cambios ou modificacións necesarios nas pautas de intervención para mellorar as accións e os resultados do alumnado. Quedará todo recollido na memoria final de curso.

2.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

O centro ten establecidos uns criterios acordados en equipo que pretenden facilitar a avaliación do alumnado para conseguir a maior obxectividade posible e que son concretados e adaptados nas diferentes programacións docentes.

Criterios de Cualificación e promoción: Anexo I

2.3 TAREFAS EXTRAESCOLARES

O recente Decreto do 15 de setembro de 2022 polo que se establecen a ordenación e o currículo da EP na comunidade autónoma de Galicia (que coincide co establecido no Decreto 105/2014 para os cursos pares de primaria): *“As tarefas extraescolares terán en conta un adecuado encaixe na vida das familias, de xeito que facilite a participación activa destas aprendizaxes e a adecuada conciliación da vida persoal e familiar, con respecto aos tempos de lecer do alumnado. Ao tempo fomentárase a responsabilidade dos alumnos na súa formación e a súa autonomía, en liña cunha cultura do esforzo e do traballo”.*

Coa finalidade de fomentar a responsabilidade dos alumnos e alumnas na súa formación e a súa autonomía, acordamos ter en conta a posibilidade de propoñerlles tarefas extraescolares, de acordo cos seguintes criterios:

- Procurarase ter en conta un adecuado encaixe na vida das familias, de xeito que se facilite a participación activa das mesmas na aprendizaxe e a conciliación da vida persoal e familiar, con respecto aos tempos de lecer.
- Tentarase concienciar ao alumnado da importancia dos hábitos de estudo e traballo autónomo, propoñéndolles en ocasións tarefas que poidan realizar sen axuda, e procurando que lles resulten motivadoras e non repetitivas.
- Nos cursos máis baixos limitaranse as posibles tarefas a tempos curtos, para ir ampliando a responsabilidade a medida que medran.
- Especialmente nos cursos máis altos, facilitaráselles aos alumnos e alumnas as técnicas de estudo e as indicacións das condicións convintes no seu lugar de traballo, co fin de optimizar o tempo e os resultados.
- Valorarase especialmente que as actividades non sobrepasen os límites da sensatez, para que non supoñan unha sobrecarga ao alumnado. Así, procuraremos unha axeitada coordinación entre os mestres/as que imparten docencia no grupo, para que non coincidan na mesma xornada un exceso de actividades para a casa.

2.4. ACTIVIDADES DE ATENCIÓN EDUCATIVA

Os/as alumnos/as de ed. infantil que non acuden ás clases de Relixión Católica, impartidas pola profesora especialista, reciben durante esas sesións semanais Atención Educativa realizando outras actividades alternativas á Relixión.

As actividades que se realizarán estarán relacionadas coa biblioteca, cos contos, actividades plásticas, xogos de mesa, visuais...

Tamén actividades de habilidades sociais e de resolución de conflitos, traballos grupais de colaboración...

2.5. AVALIACIÓN INDIVIDUALIZADA / DIAGNÓSTICO

O recente Decreto do 15 de setembro de 2022 polo que se establecen a ordenación e o currículo da EP na comunidade autónoma de Galicia expresa: *“No cuarto curso de EP todos os centros docentes realizarán unha avaliación de diagnóstico das competencias clave adquiridas polo seu alumno, segundo dispoña a consellería en materia de educación. Esta avaliación terá carácter informativo,*

formativo e orientador para os centros docentes, profesorado, alumnado e familias...” Terá carácter censual.

Partimos dos datos recollidos na avaliación inicial feita ao alumnado, os datos aportados polo Departamento de Orientación e os resultados de dita proba.

Entre as as accións de mellora, propoñemos a seguinte guía de intervención:

- Potenciación do razoamento lóxico e o cálculo mental.
- Intervención en expresión oral e ampliación de vocabulario, incidindo especialmente en galego.
- Potenciación da competencia dixital para preparar ao alumnado con vistas á adquisición de coñecementos previos axeitados para a inmersión no proxecto ABALAR.
- Reforzo da competencia lectora a través de tarefas centradas en busca de información, elaboración de textos propios a través da información atopada, lectura de imaxes para deducir información (fotografías, planos ...), lectura discontinua (instrucións, prospectos, anuncios...).

3. ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

3.1. DATOS DO ALUMNADO E GRUPOS

NIVEL	ALUMNOS	US. COMEDOR	FAMILIAS
4º E.I.	12	12	7
5º E.I.	10	10	7
6º E.I.	9	8	7
TOTAL CICLO	31	30	21
1º E.P.	11	10	6
2º E.P.	18	18	14
3º E.P.	18	17	12
4º E.P.	16	14	12

5º E.P.	18	14	18
6º E.P.	23	21	22
TOTAL ETAPA	104	94	84
TOTAL	135	124	105

3.1. DATOS DO PROFESORADO

DOCENTES	FUNCIONES - OBSERVACIONES			
Montserrat Cadilla Lomba	EI	Apoio EI		
Ana B. Álvarez González	EI	T. 3 anos		
Ana B. Garcés Domínguez	EI	T. 5 anos	Dirección	
Lorena Fernández Pazos	EI	T. 4 anos	Coord. 2º C. EI	
Sofía González Cordero	EP	T. 1º EP	Coord. 1º C. EP.	
Álvaro Gómez Fernández	EP	T. 2º EP	Coord. Biblio	
José Ramón Castro Paredes	EP	T. 3º EP	Coord. 2º C. EP	
Natalia Vizcaíno Lence	EP	T. 4º EP		
Hortensia Peralba Penedo	EP	T. 5º EP	Secretaría	Coord. EDIXGAL
Carla Cabrera Alonso	EP	T. 6º EP	Coord. 3º C. EP.	
Andrea Bua Aguín	EA	Coord. ACE	EDIXGAL	
Francisco J. Rodríguez Sobrino	EF	Coord. TICs	EDIXGAL	Voz Natura
Rosa Muñiz Vidal	LE	Coord. EDLG	EDIXGAL	
Raquel Baldonado López	PT			
María Luz Domínguez Ruzo	PT			½ xornada
María Belén Sánchez Veiga	AL	XXEE	Coord. Convivencia	Coord. Ben. Emocional
Iván Fernández Alfonso	OR			Itinerante
Alicia González Hermida	ReCA	EDIXGAL		Itinerante

3.3. XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO

A comezo de curso escolar e seguindo as instrucións establecidas pola consellería establecéronse as actuacións recollidas dentro do plan de acollida do centro.

O CEIP MESTRE MANUEL GARCÍA conta con xornada continua con horario de 9:40 a 14:40 con comedor escolar de 14:40 a 15:45. A temporalización da xornada é a seguinte:

9:25 h	🕒 Vixilancia alumnado transportado.
9:40 h	🕒 ① SESIÓN
10:30 h	🕒 ② SESIÓN
11:15 h	🕒 ③ SESIÓN
12:00 h	🕒 RECREO
🕒 12:30 HORA DE LER	HORA DE LER PRIMARIA / + XOGO INFANTIL
13:00 h	🕒 ④ SESIÓN
13:50 h	🕒 ⑤ SESIÓN
	14:35 Aviso 🚩 Saída infantil 14:40 Aviso 🚩 Saída Primaria
14:40 h COMEDOR ESCOLAR	SAÍDA COMEDOR 15:25 Aviso 🚩 OIA 15:35 Aviso 🚩 BUS MARIÑAS 15:40 Aviso 🚩 BUS MOUGÁS 15:45 Aviso 🚩 BUS PEDORNES / S. XIÁN

No relativo ao horario do profesorado e a súa permanencia no centro segue o seguinte organigrama xeral:

Horario xeral	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
🕒 9:10 -9:40	-Vixilancia alumnado transportado. -Traballo persoal.	-Titorías -Vixilancia alumnado transportado.	-Vixilancia alumnado transportado. -Traballo persoal.	-Vixilancia alumnado transportado. -Reunións DO/ Equipos	-Vixilancia alumnado transportado. -Traballo persoal.
🕒 ① 9:40 -10:30	<i>Docencia</i>	<i>Docencia</i>	<i>Docencia</i>	<i>Docencia</i>	<i>Docencia</i>
🕒 ② 10:30-11:15	<i>Docencia</i>	<i>Docencia</i>	<i>Docencia</i>	<i>Docencia</i>	<i>Docencia</i>
🕒 ③ 11:15-12:00	<i>Docencia</i>	<i>Docencia</i>	<i>Docencia</i>	<i>Docencia</i>	<i>Docencia</i>
🕒 12:00-12:30	RECREO				
🕒 12:30-13:00	HORA DE LER PRIMARIA / + XOGO INFANTIL				
🕒 ④ 13:00-13:50	<i>Docencia</i>	<i>Docencia</i>	<i>Docencia</i>	<i>Docencia</i>	<i>Docencia</i>

5 13:50-14:40	<i>Docencia</i>	<i>Docencia</i>	<i>Docencia</i>	<i>Docencia</i>	<i>Docencia</i>
----------------------	-----------------	-----------------	-----------------	-----------------	-----------------

TARDES	MARTES - PERMANENCIA NO CENTRO / TELEMÁTICO	
📅 16:00 -16:45	REUNIÓNS /Dinamizacións /Traballo Persoal	
📅 16:45 -17:30	DINAMIZACIÓNS / Traballo persoal	
📅 17:30-18:00	TITORÍAS / Traballo persoal	
GARDAS EXTRAESCOLARES	DÍAS (Luns, martes, mércores, xoves e venres) ➔ Calendario Gardas Trimestral	
🕒 15:40-17:10	<i>Luns: boulder- clube da ciencia-biblioteca Martes: inglés- xadréz Mércores: biblioteca- debuxo e pintura Xoves: judo-biblioteca Venres: tenis-biblioteca-piscina.</i>	

Os días non lectivos do centro son: 13 de outubro (escollido) e 20 de maio (festivo local “Virxe do Mar”).

3.4. QUENDAS DE VIXILANCIA DOS RECREOS

Retómase unha quenda de recreo para todo o centro (de 12:00-a 12:30) que pode ser ampliada na etapa de EI (12:00-13:00) co fin de cumprir cos principios pedagóxicos da etapa.

Establécese tamén unha distribución de mestres e espazos en caso de días de choiva cando non se poidan usar os espazos ao aire libre. Priorizarase sempre o uso de espazos exteriores se as condicións climáticas o permiten.

PATIO	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
<i>EI</i>	Andrea Lorena	Ana Andrea	Montse Alicia	Lorena Alicia	Ana Montse
<i>EP</i>	Raquel Fran	Tensi Carla	Iván Belén	Ramón Natalia	Sofía Álvaro
🕒 12:00 - 12:30	RECREO CHUVIA				
	<i>Patio cuberto</i> Infantil+1º-2ºEP Andrea- Lorena	<i>Patio cuberto</i> Infantil+5º-6ºEP Ana-Andrea	<i>Patio cuberto</i> Infantil+1º-2ºEP Montse-Alicia	<i>Patio cuberto</i> Infantil+1º-2ºEP Alicia-Lorena	<i>Patio cuberto</i> Infantil+3º-4ºEP Ana-Montse
	<i>Rincóns entrada</i> +Biblio 3ºEP-4ºEP Raquel	<i>Rincóns entrada</i> +Biblio 1ºEP-2ºEP Tensi	<i>Rincóns entrada</i> +Biblio 3ºEP-4ºEP Belén	<i>Rincóns entrada</i> +Biblio 5ºEP-6ºEP Ramón	<i>Rincóns entrada</i> +Biblio 5ºEP-6ºEP Álvaro
	<i>Pavillón</i> 5ºEP-6ºEP Fran	<i>Pavillón</i> 3ºEP-4ºEP Carla	<i>Pavillón</i> 5ºEP-6ºEP Iván	<i>Pavillón</i> 3ºEP-4ºEP Natalia	<i>Pavillón</i> 1ºEP-2ºEP Sofía

3.5. QUENDAS DE VIXILANCIA DO ALUMNADO TRANSPORTADO

BUS		LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:25 - 9:40	BUS	Sofía Álvaro Raquel	Andrea Lorena Natalia	Rosa Ana B. Montse	Tensi Fran Carla	Iván Belén J. Ramón
	GARDA	Ana B. Garcés Lorena Natalia Tensi Fran Montse Rosa Belén J. Ramón Carla Andrea	Ana B. Garcés Tensi Montse Sofía Raquel Álvaro Rosa Fran J. Ramón Belén Carla Iván (Refoxos)	Alicia Lorena Andrea Sofía Fran J. Ramón Raquel Álvaro Natalia Carla Iván Tensi Garcés Belén	Alicia Ana B. Garcés Montse Sofía Belén Iván Raquel Rosa Álvaro J. Ramón Natalia Lorena Andrea	Ana B. Montse Garcés Lorena Tensi Sofía Fran Rosa Raquel Álvaro Natalia Carla Andrea

4. PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

As súas funcións, competencias e composición están definidas nas Normas de Organización e Funcionamento e no Regulamento Orgánico dos colexios de Educación Infantil e Primaria.

CALENDARIO DE REUNIÓN	Reuniranse preceptivamente en sesión ordinaria unha vez por trimestre e de xeito extraordinario por calquera outra necesidade que se presente a nivel escolar. (Presencial ou telemática)
------------------------------	---

4.1. CONSELLO ESCOLAR

As reunións do Consello Escolar celebraranse en día e hora que posibiliten a asistencia de tódolos membros. A súa composición é a seguinte:

EQUIPO DIRECTIVO	REPRESENTANTES PROFESORADO	REPRESENTANTES DOS PAIS/NAIS	REPRESENTANTE PAS	REPRESENTANTE CONCELLO
-Ana Belén Garcés Domínguez (Presidenta e directora). -María Belén Sánchez Veiga (Xefa de Estudos). -Hortensia Peralba Penedo (Secretaria).	-Lorena Fernández Pazos. -Francisco J. Rodríguez Sobrino. -Raquel Baldonado López. - VACANTE - VACANTE	- Uria Caneda Comesaña. - Lucía María Leyenda Roperó. - María Marta Morro Newberry (ANPA). - Dorinda Míguez Granja. - Ana María Álvarez Estévez.	- Belén López Comesaña.	- Cristina Correa Pombal

No presente curso académico existen dúas vacantes de representantes do profesorado debido a que as tres mestras que cubrían eses postos entran a formar parte do Equipo Directivo e outro posto está en comisión de servizos.

Inseridas no Consello Escolar preséntanse as seguintes comisións:

COMISIÓN DE CONVIVENCIA	COMISIÓN ECONÓMICA	COMISIÓN DE BIBLIOTECA	COMISIÓN COMEDOR ESCOLAR
O seu obxectivo será velar pola prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida escolar, propiciando a reflexión conxunta sobre un dos obxectivos máis importantes do sistema educativo, ensinar a convivir e a ser persoa.	Reunirase previamente ao Consello Escolar convocado no que se informe sobre o estado económico, balance de contas do colexio e do comedor escolar.	Analizará as necesidades da biblioteca escolar. Realizará propostas para as melloras necesarias, promoverá actividades de sensibilización e dinamización cultural entre toda a comunidade escolar entre outras.	Analizar o funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar.
MEMBROS: - Ana Belén Garcés Domínguez. - María Belén Sánchez Veiga.	MEMBROS: -Ana Belén Garcés Domínguez. -Hortensia Peralba Penedo..	MEMBROS: - Álvaro Gómez Fernández. -María Marta Morro Newberry (ANPA).	MEMBROS: -Ana Belén Garcés Domínguez. -Hortensia Peralba Penedo.

- Belén López Comesaña.	-Lorena Fernández Pazos -Dorinda Míguez Granja	- Cristina Correa Pombal	-Lorena Fernández Pazos -Dorinda Míguez Granja. -María del Carmen Rodríguez Estévez. (Encargada comedor).
-------------------------	---	--------------------------	--

4.2. CLAUSTRO DE PROFESORES

Os membros do claustro de profesores son os seguintes:

EQUIPO DIRECTIVO	ED. INFANTIL	ED. PRIMARIA	ESPECIALISTAS
- Ana Belén Garcés Domínguez (Directora)	- Montse Cadilla Lomba	- Sofía González Cordero	- Francisco J. Rodríguez Sobrino (EF)
- Belén Sánchez Veiga (Xefa de Estudos)	- Lorena Fernández Pazos	- Álvaro Gómez Fernández	- Andrea Bua Aguín (Artística)
- Hortensia Peralba Penedo (Secretaria)	- Ana B. Álvarez González	- José Ramón Castro Paredes	- Rosa Muñiz Vidal (Inglés)
		- Natalia Vizcaíno Lence	- Raquel Baldonado López (PT)
		- Carla Cabrera Alonso	- Iván Fernández Alfonso (Orientación)
			- Alicia González Hermida (Relixión)
			- María Luz Domínguez Ruzo (PT)

5. PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO

MEMBROS		FUNCIÓNS
DIRECTORA	Ana Belén Garcés Domínguez	Os membros do equipo directivo traballarán de forma coordinada no desempeño das súas funcións. Dinamizarán todas as actividades do Centro e atenderán ao cumprimento do establecido no programa de dirección e ás distintas demandas da Comunidade Educativa.
XEFA DE ESTUDOS	Belén Sánchez Veiga	
SECRETARIA	Hortensia Peralba Penedo	
CALENDARIO DE REUNIÓN		SEMANALMENTE

PLAN DE ACTUACIÓN

- Coordinar o conxunto de órganos do centro, realizar propostas de temas a tratar, preparar as convocatorias, ordes do día, materiais necesarios, etc.
- Crear canles de información e comunicación garantindo que circule en todas as direccións.
- Coordinar tódalas actividades do centro cara á consecución dos obxectivos propostos.
- Impulsar a innovación educativa favorecendo a creación dun clima no que sexa posible.
- Elaborar, oídas as propostas do Claustro e coa colaboración da Comisión Pedagóxica, os Proxectos de Xestión do Centro.
- Impulsar as actividades do deseño do Plan Lector.
- Impulsar as actividades do Plan TIC.
- Dirixir o funcionamento da Páxina Web do centro.
- Poñer en marcha as actividades necesarias para o cumprimento do Proxecto Lingüístico de Centro.
- Organizar e designar o uso das diferentes instalacións do centro.
- Impulsar o desenvolvemento do Plan de Acción Titorial, e coordinar o seu seguimento co DO.
- Elaborar a proposta de orzamento e levar a cabo a súa análise e seguimento.
- Xestionar a burocracia do Centro.
- Ordenar a representación do Centro.
- Facer o seguimento e executar os acordos do Claustro e do Consello Escolar.

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

E. DIRECTIVO	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1 9:40 -10:30			XEFATURA	SECRETARÍA	
2 10:30-11:15		XEFATURA		XEFATURA	
3 11:15-12:00		DIRECCIÓN	DIRECCIÓN SECRETARÍA	DIRECCIÓN	SECRETARÍA
4 <i>RECRO</i>					

★ Hora de ler					
④ 13:00-13:50	DIRECCIÓN XEFATURA SECRETARÍA	DIRECCIÓN		DIRECCIÓN	XEFATURA
⑤ 13:50-14:40		SECRETARÍA			DIRECCIÓN

SECRETARÍA, XEFATURA E DIRECCIÓN: a atención ao público por temas de secretaría farase preferiblemente de forma telefónica ou sempre con cita previa.

TITORÍAS FAMILIAS: poderán ser realizadas de forma telemática ou presencial. Deixarase constancia dos temas e acordos acadados na follas de rexistros establecidas.

6. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

6.1 TITORÍAS

O mestre/a titor/a, orientará o proceso educativo do seu alumnado, coordinará ao profesorado que incide sobre o grupo e manterá unha relación permanente coa familia e todas aquelas funcións que figuran na lexislación vixente.

TITORAS DE EDUCACIÓN INFANTIL		TITORAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA	
		2º EP	Álvaro Gómez Fernández
		3º EP	José Ramón Castro Paredes
4º EI	Ana B. Álvarez González	4º EP	Natalia Vizcaíno Lence
5º EI	Lorena Fernández Pazos	5º EP	Hortensia Peralba Penedo
6º EI	Ana B. Garcés Domínguez	6º EP	Carla Cabrera Alonso

6.2 COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

MEMBROS	FUNCIÓNS
Lorena Fernández Pazos (Coord. Infantil) Sofía González Cordero (Coord.1º ciclo EP) José Ramón Castro Paredes (Coord.2º ciclo EP) Carla Cabrera Alonso (Coord.3º ciclo EP) Álvaro Gómez Fernández (Biblioteca) Rosa Muñiz Vidal (EDLG) Francisco Rodríguez Sobrino (TICS)	Diseñará as directrices xerais para a elaboración e revisión do proxecto curricular e todas aquelas competencias que ten outorgadas na lexislación vixente.

Raquel Baldonado López (PT) Belén Sánchez Veiga (AL) Iván Fernández Alfonso (Orientación)	
---	--








CALENDARIO DE REUNIÓN	MENSUALMENTE 3º MARTES DE MES.
------------------------------	--------------------------------










6.3. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

MEMBROS	FUNCIÓNS
Ana Belén Garcés Domínguez (Directora) Raquel Baldonado López (PT)* Belén Sánchez Veiga (AL e XXEE)* Iván Fernández Alfonso (Orientación)* Lorena Fernández Pazos (Cord. Infantil) Sofía González Cordero (1º Ciclo EP) José Ramón Castro Paredes (2º Ciclo EP) Carla Cabrera Alonso (3º Ciclo EP)	Revisará e actualizará os Plans do departamento e determinará as actuacións dos especialistas para atender ás necesidades específicas de apoio educativo do alumnado e todas aquelas competencias que ten outorgadas na lexislación vixente.

CALENDARIO DE REUNIÓN	D.O. MENSUALMENTE (1º MARTES DE MES). *EQUIPO D.O. (SEMANALMENTE: todos os mércores).
------------------------------	--

6.4. EQUIPOS DO CENTRO

EQUIPO BIBLIOTECA	EQUIPO TICS
 <p>Coordinador: ÁLVARO GÓMEZ</p>    <p>RAQUEL MONTSE SOFÍA</p> <p>Potenciará o uso da Biblioteca como espazo común de aprendizaxe e ferramenta educativa e velará polo cumprimento do Plan anual de lectura e da consecución dos obxectivos establecidos no PLAMBE.</p> <p>FUNCIÓNS:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Promoción da lectura e a innovación pedagóxica. -Adquisición, catalogación etiquetaxe e colocación. -Organización da biblioteca e renovación mobiliario. -Dirección PDI: forma e exposición. 	 <p>Coordinador: FRAN RODRÍGUEZ</p>   <p>TENSI CARLA</p> <p>Manterá actualizado o Plan Dixital e fomentará o uso das novas tecnoloxías como recurso e medio de aprendizaxe tanto para o alumnado como para o profesorado</p> <p>FUNCIÓNS:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Xestión Tics. -Mantemento da páxina web e carpeta compartida. -Formación, mantemento e asesoramento Aula Virtual, aplicacións informáticas e encerados dixitais. -Xestión das incidencias TICs do centro en colaboración co "ESCAPE" e UAC.

<ul style="list-style-type: none"> -Concursos e recompensas. -Organización de préstamos e recreos-biblio. -Formación voluntariado. -Bibliotecas abertas: mochilas viaxeiras, préstamos de verán, Nadal, apadriñamentos, carnets... -Reforzo competencia lingüística e aula STEM. -Actividades e exposicións. -Renovación proxecto lector de centro. -Outras... -Coordinación da actividade de todos os equipos: -Timbre musical. -Xestión programa Radio na Biblio. -Xestión do programa e Voluntariado de lectura. 	<ul style="list-style-type: none"> -Xestión equipamentos EDIXGAL / ABALAR: apoio na distribución e posta en funcionamento. -Xestión e organización da Aula TICS e apoio en TICS. -Xestión de imaxes e vídeos de centro. (Galería web). -Colaboración na elaboración do plan TICS e inventario. -Timbre musical. <p>RADIO ARRABAL-RADIO NA BIBLIO: gravación e apoio na súa elaboración (Organización, tempos, seccións e periodicidade pactada entre participantes).</p>
<p>EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA</p> <p> Coordinadora: ROSA MUÑIZ</p> <p> ANA B.  A. GARCÉS</p> <p>Velará polo cumprimento do Plan Lingüístico potenciando o uso da lingua galega no centro.</p> <p>FUNCIÓNS :</p> <ul style="list-style-type: none"> -Promoción da lingua galega. -Xestión do calendario de Nadal. -Revista ou xornal escolar "Parladoiro". -Promoción do uso do galego especialmente entre o alumnado. -Apoio ao equipo de biblioteca na elaboración de actividades. -Información de concursos literarios, municipais ou de asociacións. -Peso específico no desenvolvemento de conmemoracións en colaboración con outros equipos. -Timbre musical. -Outras que se acorden. 	<p>EQUIPO ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES</p> <p> Coordinadora: ANDREA BUA</p> <p> LORENA  NATALIA</p> <p>FUNCIÓNS:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Xestión actividades complementarias. -Xestión xunto coa XE da organización das actividades. -Xestión autorizacións e buses das saídas xunto co profesorado implicado. -Información de actividades complementarias e extraescolares que se oferten. -Coordinación festivais (+ TICS parte técnica). -Proxecto económico de ACE (Impreso). -Colaboración con Voz Natura no horto escolar. -Colaboración no desenvolvemento de conmemoracións.
<p>EQUIPO DE CONVIVENCIA ESCOLAR</p> <p> Coordinadora: BELÉN SÁNCHEZ</p> <p> </p>	

IVÁN
J. RAMÓN
FUNCIÓNS :

- Actualizar e implementar o plan de convivencia, plan de acollida, plan de igualdade, NOF.
- Xestionar o funcionamento da aula de convivencia/atención educativa.
- Colaborar co ED na realización da consulta/enquisa de convivencia escolar da consellería.
- Elaborar e aplicar actividades e programas que favorezan a convivencia escolar.
- Formar e formarse na mediación escolar e na resolución pacífica de conflitos.
- Conmemoración de datas relacionadas co seu eido.
- Promover a mediación escolar.
- Asesorar e informar ás familias e comunidade educativa.

CALENDARIO DE REUNIÓNS

REUNIRANSE MENSUALMENTE (En función das necesidades).

7. PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA.

As iniciativas que se van a levar a cabo neste sentido pasan por:

PROGRAMA	XUSTIFICACIÓN	SOLICITUDE	RESPONSABLES	TEMPO.
Contratos Programa Recupéra-T	Ampliar necesidades de atención a diversidade	PROA+ (3º,4º,5º, 6ºEP)	Eq. directivo	Proa+ Anual
PLAMBE	Continuidade	Tramitada	Eq. Biblioteca	Anual
RADIO NA BIBLIO	Continuidade	Solicitud (Pendente)	Eq. Biblioteca	Anual
VOLUNTARIADO	Continuidade	Solicitud (Pendente)	Eq. Biblioteca	Anual
CLUB DE LECTURA	Implementación	Solicitud (Pendente)	Eq. Biblioteca	Anual
CP INNOVA	CALIDADE: Plan de autoprotección, Plan Dixital, Edixgal, Aula virtual, Web dinámicas e Plan de comunicación.	Solicitud (provisionalmente concedidos, agás EDU CALIDADE)	Eq. directivo	Anual
	INNOVA: matemáticas OAOA, estudo de ámbitos nas materias de EP e PDi			
	EXCELENCIA: radio escolar e voluntariado da biblioteca.			
	SAÚDE: boulder, merendas saudables, milla e menú escolar saudable.			

	SOSTIBILIDADE: horto escolar, horto vertical, compostaxe e visitas ao entorno.			
CP INCLÚE	IGUALA-T: módulo de igualdade na aula virtual.	Solicitude (provisionalmente concedidos)	Eq. directivo	Anual
	CONVIVE-T: actualización NOF, Aula de convivencia, xuntanzas de delegados/as			
	INCLÚE-T: actividades de concienciación da inclusión e diversidade. Talleres de lingua de signos.			
	EMOCIONA-T: talleres de educación emocional. Plan de bienestar emocional (anexo VII).			
PROXECTA+	Proxectos de vida deportiva.	Solicitude (Provisionalmente aprobada)	Equipo directivo e profesorado implicado.	Anual
PFPP	Seminario de formación específica sobre pantallas dixitais.	CEFORE	Equipo directivo e profesorado implicado.	Anual
EDIXGAL	Continuidade	Incorporación 5º EP Continuidade 6º EP	Equipo directivo e profesorado implicado.	Anual
VOZ NATURA	Continuidade	Solicitude (Concedido)	Coordinador e profesorado implicado	Anual

PROGRAMAS DO PLAN PROXECTA

PROXECTO DE VIDA ACTIVA E DEPORTIVA

TÍTULO: PROXECTOS DE VIDA ACTIVA E DEPORTIVA

MODALIDADES: MILLA DIARIA E DAFIS

Con este proxecto queremos crear hábitos de boas prácticas deportivas levando a cabo actividades de balxa intensidade pero prolongadas no tempo.

Mestres participantes: 2

Alumnado participante: alumnado de primaria.

ACTIVIDADES A LEVAR A CABO:

- Cuestionarios de consumos de actividade física diaria e semanal.
- Cuestionarios/enquisas de actividade deportiva.
- Medicións de parámetros de composición corporal (tamen incluídos en DAFIS): Altura, peso (IMC), perímetros de cintura e cadeira.
- Medicións DAFIS (Datos Actividade Física Saudable).
- Reto mensual da MILLA durante os 6 meses que dura o programa.
- Xornada de xogos populares.

8. LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO

Os materiais didácticos son as ferramentas e utensilios que utilizan o profesorado e o alumnado para o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe. Empregamos varios tipos de materiais:

Materiais con carácter globalizador e orientativo:

- * Libros de texto e de consulta.
- * Libros dixitais.
- * Libros de lectura da biblioteca de centro e de aula.
- * Material elaborado polo profesorado: unidades didácticas, proxectos, arquivos, cazas do tesouro, actividades elaboradas con ferramentas de autor (LIM...), actividades online...
- * Material elaborado polo propio alumnado: dossieres, presentacións informáticas usando algunha ferramenta de autor, creando material online...

Material auxiliar:

Material informático, audiovisual, fotográfico, deportivo e psicomotor, de interacción social, logopédico, de plástica, cartográfico, xogos didácticos e instrumentos musicais, material para facer medicións, impresoras, fotocopidora, distintos materiais de refugallo, etc.

Materials curriculares e documentos do Centro:

(PE) Proxecto Educativo, (NOF) Normas de Organización e Funcionamento, (PXA) Programación Xeral Anual, Programacións dos distintos niveis, Plan de convivencia, PAT (Plan de Acción Titorial), PAADO (Plan de Anual de Actividades do Departamento de Orientación), Plan de Dinamización da Lingua Galega, Plan Dixital, Proxecto PLAMBE...

Material funxible:

En E. Infantil o material funxible empregado polo alumnado é común e compartido sendo a súa reposición e compra financiada polas familias dos propios alumnos e alumnas ó principio do curso. Seguindo a normativa vixente este presuposto común aportado polas familias será xestionado polos propios pais/nais.

A utilización dos recursos e materiais a nivel de Centro está organizada de forma coñecida por todos: horas dispoñibles para a aula de música, aula STEM, da biblioteca, do ximnasio, da aula de informática, etc. así como o rexistro do fondo documental relacionado co tema transversal e coa acción titorial. Procúrase tamén controlalo e mantelo en bo estado a través das distintas normas de uso e conservación elaboradas e difundidas tanto para uso dos materiais de aula como dos comúns.

Os libros de texto solicitados no presente curso son:

LIBROS DE TEXTO DE 1º CURSO DE PRIMARIA – CURSO ESCOLAR 2023-2024

MATERIA	ISBN	TÍTULO	EDITORIAL	AUTOR	ANO
MATEMÁTICAS	978-84-09-31725-7	MATEMÁTICAS OAOA	LIFER S.L.	MARCOS MARRERO CÁRDENAS	2022
LENGUA	978-84-682-3211-9	PROXECTO ZOOM: COPRENDER E APRENDER 1º EP para a mellora da competencia lectora.	VICENS VIVES	L. TORO LIENAS	2020
LECTURA	978-84-9896-461-5	COMPRENDER INSTRUCCIONES ESCRITAS NIVEL 1 (Colección: "Estimular y aprender").	GESFOMEDIA EDUCACIÓN	JESÚS JARQUE GARCÍA	2022
LENGUA	978-84-680-7727-7 978-84-680-7123-7	LECTOESCRITURA CONSTRUYENDO MUNDOS (Pauta)1º EP LECTOESCRITURA CADERNO (Caderno Pauta) 1º EP	SANTILLANA	PROYECTO CONSTRUYENDO MUNDOS	2022
INGLÉS	978-84-668-3653-1	GO FAR! 1 STUDENT'S PACK	SANTILLANA	RINCHMOND	2022

LIBROS DE TEXTO DE 2º CURSO DE PRIMARIA – CURSO ESCOLAR 2023-2024

MATERIA	ISBN	TÍTULO	EDITORIAL	AUTOR	ANO
MATEMÁTICAS	978-84-09-41174-0	MATEMÁTICAS OAOA	LIFER S.L	MARCOS MARRERO CÁRDENAS	2022
LENGUA	978-84-9896-462-2	COMPRENDER INSTRUCCIONES ESCRITAS NIVEL 2 (Colección: "Estimular y aprender").	GESFOMEDIA EDUCACIÓN	JESÚS JARQUE GARCÍA	2022
LENGUA	978-84-6856-821-8	DIVERLEXIA 4	BUBOK PUBLISHING S. L.	CARMEN SILVA	2022
GALEGO	978-84-682-5946-8	COMPRESIÓN LECTORA : PROXECTO ZOOM 2º EP (Caderno)	VICENS VIVES	VINCENS VIVES	2022
LENGUA	978-84-17748-39-5	LECTURAS COMPRENSIVAS 6 (Parrafos)	GEU EDITORIAL	JOSÉ MARTINEZ ROMERO	2022
LENGUA	978-84-9915-537-1	ORTOGRAFÍA DIVERTIDA Nº4	GEU EDITORIAL	JOSÉ MARTÍNEZ E ANTONIO ALCALÁ	2022
GALEGO	978-84-9972-776-9	LINGUA+	SANTILLANA OBRADOIRO	EQUIPO EDITORIAL	2022
INGLÉS	978-84-668-3654-8	GO FAR! 2 STUDENT'S PACK	SANTILLANA	RINCHMOND	2022

LIBROS DE TEXTO DE 3º CURSO DE PRIMARIA – CURSO ESCOLAR 2023-2024

MATERIA	ISBN	TÍTULO	EDITORIAL	AUTOR	ANO
MATEMÁTICAS	978-84-680-7670-6	MATE+ Serie Participa	SANTILLANA	EQUIPO EDITORIAL	2022
LENGUA CASTELLANA	978-84-680-8291-2	LENGUA+ Serie Participa	SANTILLANA	EQUIPO EDITORIAL	2022
LINGUA GALEGA	978-84-9185-545-3	LINGUA+ Tarefas e destrezas comunicativas	SANTILLANA OBRADOIRO	EQUIPO EDITORIAL	2022
C. NATUREZA	978-84-9185-410-4	CIENCIAS DA NATUREZA Construíndo Mundos	SANTILLANA OBRADOIRO	EQUIPO EDITORIAL	2022
C. SOCIAIS	78-84-9185-416-6	CIENCIAS SOCIAIS Saber Construíndo Mundos	SANTILLANA OBRADOIRO	EQUIPO EDITORIAL	2022
INGLÉS	978-84-668-3655-5 978-84-668-3663-0	GO FAR! 3 STUDENT'S PACK GO FAR! 3 ACTIVITY PACK	SANTILLANA	EQUIPO EDITORIAL	2022

LIBROS DE TEXTOS DE 4º CURSO DE PRIMARIA – CURSO ESCOLAR 2023-2024

MATERIA	ISBN	TÍTULO	EDITORIAL	AUTOR	ANO
MATEMÁTICAS	978-84-144-0292-4	MATE+ Serie Participa	SANTILLANA	EQUIPO EDITORIAL	2023
LENGUA CASTELLANA	978-84-144-0275-7	LENGUA+ Serie Participa	SANTILLANA	EQUIPO EDITORIAL	2023
LINGUA GALEGA	978-84-9185-855-3	LINGUA+ Tarefas e destrezas comunicativas	OBRADOIRO-SANTILLANA	EQUIPO EDITORIAL	2023
C. NATUREZA	978-84-9185-692-4	CIENCIAS DA NATUREZA Construindo Mundos	OBRADOIRO-SANTILLANA	EQUIPO EDITORIAL	2023
C. SOCIAIS	978-84-9185-698-6	CIENCIAS SOCIAIS Saber Construindo Mundos	OBRADOIRO-SANTILLANA	EQUIPO EDITORIAL	2023
INGLÉS	978-84-668-3656-2	GO FAR! 4 STUDENT'S PACK	SANTILLANA	EQUIPO EDITORIAL	2023
	978-84-668-3664-7	GO FAR! 4 ACTIVITY PACK			

9. PLAN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Atendendo ás necesidades e intereses do alumnado, cabe resaltar a importancia dunha formación integral que favoreza o desenvolvemento dos nenos e nenas en todos os ámbitos da personalidade.

As actividades complementarias e extraescolares son , en boa medida, un bo instrumento para levar á práctica as aprendizaxes traballadas no día a día no centro así como para favorecer a adquisición de valores nunha cidadanía activa e comprometida co entorno máis próximo e a diversidade e riqueza cultural.

Porén, as actividades deben ser seleccionadas baixo parámetros de rigor, interese pedagógico, obxectivos definidos e de calidade e que permitan unha boa integración no proceso de aprendizaxe que se estea levando a cabo en cada momento.

9.1. PROGRAMA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Procurase unha acción coordinada e unitaria nas distintas actividades xerais de centro entre os diferentes equipos e propostas evitando duplicidades e unha sobreesaturación cas mesmas.

Para iso estableceranse as seguintes pautas:

- Reunión inicial de coordinadores de equipos ao inicio de curso para unificar programacións.
- Reunión de coordinadores antes de organizar e realizar algunha actividade que implique a todo o centro.
- Diseñaranse actividades interdisciplinares de calidade que axuden a acadar o maior número de obxectivos posibles.

Ao inicio de curso, logo do debate no seo de cada un dos equipos, realizarase esta reunión conxunta dos coordinadores no que se establecerán as liñas xerais en canto a actividades anuais e conmemoracións para encaixalas nas programacións.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS AO LONGO DO CURSO ACADÉMICO

Acórdase polo Claustro de Profesores e o Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, a realización das seguintes actividades:

- Saídas para visitar lugares de interese noutros Concellos
- Saídas e visitas didácticas no propio Concello.
- Visitas de distintos artistas da contorna no centro.
- Andaina outonal: Casa Forestal (Oia)
- Magosto: yincana na escola e degustación de castañas.
- Excursións.
- Participación no Proxecto de Voz Natura (todo o curso).

- Celebración do Entroido (2º trimestre).
- Teatro, contacontos, animacións...organizadas no centro.
- Piscina: 2º trimestre.
- Colaboración con entidades do entorno e o concello.
- Radio Escolar: anual.
- Festival de Nadal e fin de curso (Música).
- PDI: OIADORES

O claustro de mestres/as, os Equipos Dinamizadores, xunto cos Equipos de Ciclo poderán propoñer ao longo do curso diversas actividades que vaian xurdindo e que se adapten ás necesidades e intereses pedagóxicos traballados.

Outros membros da comunidade educativa poderán propoñer e realizar suxestións en canto ao desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares. Será o claustro do centro quen valore a viabilidade e interese das mesmas tomando a última decisión.

En canto ás diferentes conmemoracións obrigatorias do calendario escolar o seu traballo rexerase pola seguinte clasificación: a nivel de aula (1), referencia xeral a nivel de centro con actividades de grado de tarefa de nivel medio (2), ou participación específica do centro cun proxecto, tarefa ou actividade de alto nivel (3).

CONMEMORACIÓNS: <i>(ORDEN CALENDARIO ESCOLAR)</i>	1. Aula	2. Medio	3. Alto
---	----------------	-----------------	----------------

20 de novembro: Día Universal da Infancia.	x		
25 de novembro: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.		x	
Do 30 de novembro ao 7 de decembro: Constitución e Estatuto.	x		
3 de decembro: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.		x	
10 de decembro: Día da Declaración Universal dos DD.HH.	x		
24 de xaneiro: Día Internacional da Educación.	x		
30 de xaneiro: Día Escolar da non Violencia e da Paz.		x	
23 de febreiro: Día de Rosalía.			x
8 de marzo: Día Internacional da Muller.	x		
15 de marzo: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.	x		
Do 6 ao 10 de marzo : Semana da Prensa. (Un día xornais).		x	
1 de Abril: Día das Artes Galegas.			x
7 de abril: Día Mundial da Saúde.	x		
Entre o 17 ao 21 de abril: Semana do Libro.		x	

2 de maio: Día Internacional contra o Acoso Escolar.	x		
9 de maio: Día de Europa.	x		
Do 15 ao 19 de maio: Semana das Letras Galegas.			x
5 de xuño: Día Mundial do Ambiente	x		
Diversidade afectivo-sexual. (Próximas a datas de celebracións internacionais).	x		

9.2. PROGRAMA DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Entre o programa de actividades extraescolares que se propoñen para o presente curso son:

Bibliotecas Abertas	<p>Apertura da biblioteca en horario extraescolar. Luns, mércores, xoves e venres (15:45-17:00h).</p> <p>Promoción da aproximación da comunidade escolar aos recursos informativos e lectores. Será necesario que os menores veñan acompañados dun adulto.</p>
Actividades de fin de curso.	Programa de actividades acordado entre o equipo ACE, claustro, familias e profesorado do 6º curso de EP.
PDI	Actividades vinculados ao PDI deste curso académico sobre OIA.

Outras	Saídas, excursións, andainas... que se organicen ao longo do curso acordados polo claustro e/ou Consello Escolar.
---------------	---

9.3. PLAN DE ACTIVIDADES EN COLABORACIÓN COA ANPA

Tralas reunións levadas a cabo entre a dirección do centro, representantes da ANPA escolar e distintas entidades colaboradoras, establécese o seguinte plan de actividades extraescolares:

ACTIVIDADE	HORARIO	Nº INSCRITOS	OBSERVACIÓNS
BOULDER	LUNS (15:30-17:00)	5	Proposta polo centro (Ximnasio).
CLUBE DE CIENCIA	LUNS (15:40-16:40)	14	Proposta pola ANPA (Aula de ciencias)
INGLÉS	MARTES (15:40-16:40)	7	Proposta pola ANPA (Aula de ciencias)
XADREZ	MARTES (15:40-16:40)	9	Proposta pola ANPA (Aula de ciencias)
DEBUXO E PINTURA	MÉRCORES (15:40-16:40h)	18	Proposta pola ANPA (Aula de ciencias)
JUDO	XOVES (15:40-17:40h)	20	Dependente da Deputación no marco do Plan de Deporte Galego. (Ximnasio)

TENIS	VENRES (15:40-16:40h)	12	Club de Tenis (Ximnasio)
PISCINA	VENRES (15:45-17:30h)	12	Proposta pola ANPA (En A Guarda)

10. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

O Centro conta cun plan de autoprotección escolar propio elaborado no que se detallan os mecanismos e medios dispoñibles para facer fronte ante calquera incidencia que afecte a seguridade do alumnado, profesorado e demais traballadores do centro, así como ás instalacións escolares.

No centro existen:

- o Dispositivo de alarma e detector de incendios.
- o Portas de seguridade con apertura anti-panico e libres de obstáculos.
- o Extintores.
- o Mangueriras.
- o Indicadores luminosos
- o Etc.

Este plan incorpora tamén o protocolo de actuación ante **urxencias e enfermidades crónicas** colgado na páxina web do centro no apartado “Documentos de centro”.

10.1. PLAN DE EVACUACIÓN / CONFINAMENTO

Os diferentes membros da Comunidade Educativa teñen coñecemento deste plan. Ao longo do curso académico levaranse a cabo diferentes simulacros de posta en funcionamento que contribuirán a garantir a protección do alumnado, familias, profesorado e persoal laboral do Centro.

O confinamento debe realizarse cando o risco proveña de fóra do Centro e implica encerrarse no interior do colexio sen saír ata que o indiquen as autoridades. A organización, evacuacións,

publicidade, simulacros e avaliación detállase na concreción do mesmo. **Concreción Plan de Autoprotección: Anexo II.**

10.2. PROCEDIMENTO DE ATENCIÓN ÓS ALUMNOS/AS ACCIDENTADOS.

No caso de accidentes leves, que se poidan atender no Centro, será o profesor/a que nese momento estea co accidentado/a o que o leve ó gabinete médico e lle faga as curas pertinentes ou avise ao profesorado de garda.

No caso de accidentes que requiran asistencia médica ou sanitaria fóra do Centro porase de inmediato en coñecemento da familia.

No suposto de que ningún familiar puidera facerse cargo do alumno/a accidentado ou indisposto e a urxencia o requira, acompañará ó alumno/a o seu titor/a ou outro mestre do Centro ata o Centro de Saúde de Oia (por ser o máis próximo ó Colexio).

A este efecto, cando os nenos/as ingresan no Centro, solicítaselle ós pais unha fotocopia da tarxeta sanitaria do alumno/a ou no seu defecto fotocopia da cartilla ou seguro onde estea inscrito/a.

Contamos tamén cunha folla de comunicación de incidencias sanitarias ás familias que se entregará ás mesmas cando sucedan lesións de saúde relevantes.

10.3. PROCEDIMENTO DE ATENCIÓN ÓS ALUMNOS/AS CON PATOLOXÍAS SANITARIAS

Ao comezo de curso recollerase a información sanitaria do alumnado que posúa patoloxías sanitarias relevantes así como aqueles que deben formar parte do Plan de Alerta Escolar.

Con esta información elaborárase un **“Caderno vermello”** que estará dispoñible en todas as aulas no primeiro caixón da mesa do mestre onde se detallan esas patoloxías, alerxias ou intolerancias. Será necesario combinar a necesaria confidencialidade e sxiilo dos datos que recolle, coa accesibilidade necesaria que se precisa para unha correcta actuación en cada grupo tanto das persoas titulares como das posibles substitutas.

Aquel alumnado que forme parte do Plan de Alerta Escolar estará inserido neste caderno coa foto e o procedemento de actuación por se se dera algunha situación de incendio ou risco sanitario.

Asemade, na zona de botiquín estará centralizado tamén o material/medicación sanitaria necesaria, debidamente etiquetado, clasificado e coa imaxe do alumno ou alumna e unha folla de actuacións no caso de que se dea unha situación de crise sanitaria. Aquel alumnado que precise ter a medicación na propia aula, deberá estar nun lugar accesible claramente identificado.

11. PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DE TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE

11.1. PERSOAL COMEDOR ESCOLAR

O Centro conta cunha cociñeira e unha axudante de cociña. Este persoal é contratado pola Consellería de Educación con competencia directa sobre o seu contrato, horario e normas.

As súas funcións:

- Elaboración dos menús.

- Limpeza das instalacións relacionadas co comedor.

11.2. PERSOAL LIMPEZA DO CENTRO

O Centro conta con dúas persoas de limpeza en horario de tarde de 15:00 a 20:00h. Este persoal é contratado polo Concello de Oia, con competencia directa sobre o seu contrato, horario e normas.

As súas funcións:

- Desinfección e hixienización das zonas comúns.

- Limpeza exhaustiva de todas as instalacións escolares.

11.3. AUXILIAR TÉCNICO EDUCATIVO

Contamos cunha coidadora por ter no centro escolarizados un alumno que cursa con NEE e precisa deste recurso.

12. PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS COAS FAMILIAS.

Os obxectivos e actuacións para a potenciación e organización das relacións coas familias e a comunicación con todos os membros da comunidade escolar está detallado no **Plan de Comunicación** elaborado polo centro, aprobado e publicado na web.

13. PLAN DE TRASPORTE ESCOLAR

13.1. RUTAS

O transporte escolar é un servizo que oferta a Xunta de Galicia a través da Consellería de Educación e xestionado pola Xefatura Provincial de Educación. Está realizado polas empresas UTE A GUARDA e UTE LUGOVE 5.

RUTA	PARADAS	SOLICITANTES
Ruta XG883048	SERVIZO INTEGRADO: Recta Orelludas - As Mariñas	35
Ruta ED360223 + ED360224	SERVIZO ORDINARIO: Portocelo - Plaza + Pedornes Eirado - Pedornes Carretera	4 + 16
Ruta ED360222	SERVIZO ORDINARIO: Eirado Mougás - Gandarela	45

Contamos con acompañantes nas tres rutas. A Dirección do Centro será quen coordine a todos os sectores implicados no transporte: alumnado, familias, transportistas e Consellería.

13.2. NORMAS DE SEGURIDADE.

As normas van destinadas a potenciar a seguridade e a convivencia do alumnado transportado:

- En cada autobús, soamente poderán viaxar o número de asegurados segundo a relación da Consellería para o presente curso. Os percorridos faranse tal como se indica nas follas dos distintos itinerarios.
- Todos os autobuses procurarán chegar ao Centro como máximo 20 minutos antes sobre a hora de comezo da xornada escolar e aparcarán fóra do recinto escolar na zona delimitada.
- O acompañante é responsable da seguridade e da disciplina do alumnado durante os traxectos. Por esta razón o alumnado débelle obediencia e respecto. Encargarase da recollida e acompañamento do alumnado ata a entrada do recinto escolar.
- Os autobuses farán as paradas nas zonas delimitadas extremando ao máximo a seguridade nas mesmas. O alumnado agardará nas paradas sen ocupar as zonas de estacionamento e só se achegarán ao autobús cando estea totalmente parado.
- As subidas e baixadas faranse con orde, sen presas, evitando atropelos e empuxóns, dando prioridade aos máis pequenos. O alumnado irá debidamente sentado e só se erguerán para baixar cando o autobús estea totalmente parado. Procurarán non molestar ao condutor /a, evitarán berros e ruídos innecesarios e respectarán os asentos e a limpeza do autobús.
- Os condutores non arrincarán mentres non estean seguros de que subiron todos os alumnos/as. Estes informarán ao acompañante da ausencia dalgún compañeiro ou compañeira.
- Se á saída do Centro se atrasa algún autobús, o alumnado correspondente agardará dentro do recinto escolar ata que o vehículo chegue vixiado polo profesorado de garda.
- Se por causa xustificada o autobús non puidese facer a parada no lugar establecido, o condutor recollerá ou deixará aos alumnos correspondentes nun lugar o máis próximo posible, extremando ao máximo a seguridade.
- Os familiares do alumnado que non vaia a retornar no autobús, deberán avisar á persoa acompañante. Se o alumnado non vai facer uso do servizo con determinada periodicidade, deberá informar mediante escrito ao centro.

13.3. CONVIVENCIA E DISCIPLINA

As normas de convivencia e disciplina no transporte escolar son as mesmas que rexen a vida escolar. Destacamos o respecto como norma básica. Ademais recordamos a solidariedade, a axuda

mutua, sobre todo na previsión de perigos cos compañeiros máis pequenos e os que teñan dificultades de calquera tipo.

Calquera incidencia será recollida no caderno de rexistro de faltas de conduta que posúe cada ruta.

13.4. PROCEDEMENTOS DE CONTROL

Segundo a circular da Consellería corresponde á Dirección do Centro o control de posibles irregularidades ou incumprimentos no transporte escolar, quen os comunicará ao servizo de Recursos Educativos Complementarios da Consellería de Educación e O. U.

Segundo a orde do 23 de xuño do 2011 corresponde ao profesorado realizar as vixilancias do alumnado transportado (saída e partida).

14. REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN DE COMEDOR

O comedor escolar é un servizo complementario de carácter educativo que, ademais de servir a Administración Educativa como factor importante para a escolarización, desenvolve unha destacada tarefa social e educativa, conciliando a vida educativa e familiar coa laboral e cumprindo ademais unha función básica de alimentación e nutrición.

O comedor escolar está integrado na vida e organización do noso centro, de acordo coa normativa vixente; a súa programación, desenvolvemento e avaliación forma parte da nosa programación xeral anual.

Para o desenvolvemento e normal funcionamento deste servizo que o centro ofrece, réxese a través dun protocolo aprobado polo consello escolar (8- 09- 2023) no que se recolle todo o relacionado co mesmo facendoo público na web.

14.1. PERSOAL	14.2. PERSOAL COLABORADOR
Directora: Ana B. Garcés Domínguez Encargada: María del Carmen Rodríguez Estévez Cociñeira: María Isabel Martínez Comesaña Auxiliar de cociña: M ^a del Carmen Álvarez Bargiela	Álvarez Pérez, María Victoria Caneda Comesaña, Uria Dorado Dorado, Raquel Gómez Lemos, Beatriz Cristina Granja Otero Patricia Pereira González Vanessa Pérez Benítez Lucía Pulido Martínez

15. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

O obxectivo principal da utilización das instalacións do centro é o máximo aproveitamento dos espazos co fin de sacarlles o maior rendemento pedagóxico posible tendo en conta que os espazos tamén son ferramentas didácticas. Cumpren así tres funcións:

Instrumento didáctico: inténtanse vincular os espazos e a súa organización con lugares creadores de experiencias e do aprender facendo.

Elemento onde se instala e apoia o desenvolvemento curricular: búscase unha asociación de espazos con diversos ámbitos curriculares: biblioteca e recunchos da entrada (C. Lingüística, tratamento da información, radio...), zona tics (aulas Edixgal, aula Tics, laboratorio de radio...) e aulas STEM (desenvolvemento da C. Matemática ciencia e tecnoloxía, espazo creativo, maker...).

Como lugar de convivencia e comunicacións: preténdese favorecer que o alumnado practique a convivencia e comunicacións sociais.

Os criterios que se seguen para a asignación de aulas e espazos son os seguintes:

- A asignación de aulas e espazos realízanse sempre atendendo a criterios organizativos e pedagóxicos tales como: tamaño, número de alumnado, servizos, conexións, mobiliario, accesibilidade, estrutura....
- Potenciarase o uso e aproveitamento máximo de todas as instalacións do centro.
- Corresponderalle ao equipo directivo a designación da funcionalidade dos espazos e a distribución dos grupos, profesorado, departamentos e equipos neles; buscando, na medida do posible, consenso co resto do claustro.
- Non se reservarán espazos nin aulas por antigüidade ou tradicións organizativas sen xustificación pedagóxica.
- Procurarase que o alumnado que comparte etapa educativa e ciclo se sitúen de forma próxima para fomentar a colaboración pedagóxica.

- Pode terse en conta a posibilidade de que as especialidades se impartan nunha dependencia determinada sempre asignadas de maior e menor xustificación pedagóxica, cando as instalacións do centro o permitan.

- Aquelas outras que se tomen por consenso nos órganos colexiados correspondentes.

A distribución dos espazos seguindo o plano de distribución do centro é o seguinte:

PLANTA ALTA		PLANTA BAIXA	
<i>Espazo 1</i>	Salón de actos aula madrugá/	<i>Espazo 1 e 18</i>	Biblioteca e outras.
<i>Espazo 2</i>	AL	<i>Espazo 2</i>	Dirección / Secretaría
<i>Espazo 3</i>	AULA STEM (matemáticas)	<i>Espazo 3</i>	Aula orientación
<i>Espazo 4</i>	Almacén común	<i>Espazo 4</i>	Aula convivencia/atención educativa
<i>Espazo 5,6,7</i>	Aseos profesorado e alumnado	<i>Espazo 5</i>	Sala de profesores 2 (traballo)
<i>Espazo 8</i>	Aula 1º EP	<i>Espazo 6</i>	Aseo (Adaptado)
<i>Espazo 9</i>	Aula 4º EP	<i>Espazo 7</i>	Espazo limpeza
<i>Espazo 10</i>	Aula música/plástica/ciencias Act. Extraescolares	<i>Espazo 8, 19, 26,27,29</i>	Aseos profesorado e alumnado
<i>Espazo 11</i>	Aula 1º EP	<i>Espazo 9</i>	Aula 4º EI
<i>Espazo 12</i>	Instalacións	<i>Espazo 10</i>	Aula 5º EI
<i>Espazo 13</i>	Recuncho de traballo	<i>Espazo 11</i>	Aula 6º EI
<i>Espazo 14</i>	Aula PT	<i>Espazo 12</i>	Aula 5º EP (EDIXGAL)
<i>Espazo 15</i>	Aula 3º EP	<i>Espazo 13</i>	Aula 6º EP (EDIXGAL)
<i>Espazo 16</i>	Aula ANPA	<i>Espazo 14</i>	Aula TICs / Valores
OUTROS ESPAZOS		<i>Espazo 15</i>	Aula inglés
<i>Pavillón</i>	EF / Psicomotricidade /Recreos Outras / Actividades extraescolares.	<i>Espazo 15-B</i>	Radio escolar
<i>Pista polideportiva</i>	Patios e actividades fóra do horario escolar.	<i>Espazo 16</i>	Sala de profesores 1 (reunión)
<i>Areiro, parque infantil e zona cuberta</i>	Recreo e outras actividades.	<i>Espazo 17</i>	Voz Natura.
<i>Patios de luces</i>	Xardíns e recanto biblioteca.	<i>Espazo 20</i>	Cociña.

<i>Horto</i>	Zona de horto e compostaxe.	<i>Espazo 21</i>	Comedor.
<i>Campo de fútbol</i>	Recreos e actividades fóra do horario escolar.	<i>Espazo 22</i>	Aula multiusos.
		<i>Espazo 23, 24,25</i>	Vestíbulo. Recantos biblioteca: quiosco e xogos.
		<i>Espazo 28</i>	Aula de documentación /Despacho comedor.

As instalacións do Centro serán cedidas, fóra das horas lectivas, para a realización de actividades organizadas por entidades ou organismos (DEPUTACIÓN, ANPA, CONCELLO, CRUZ VERMELLA...) e que cumpran os requisitos legais esixibles facendo un correcto uso das mesmas e do posible deterioro e reparación dos desperfectos que durante a realización se poidan ocasionar.

Para este curso escolar serán as seguintes:

Exteriores	Planta baixa.	Planta alta
-Pavillón: Boulder e judo. -Pista polideportiva. Tenis. -Zona cuberta: Cruz Vermella.	- Biblioteca escolar (espazo 1) en horario de actividades extraescolares. - Aula de inglés: inglés extraescolar.	- Salón de actos (espazo 1) Plan Madruga. - Aula música/STEM (espazo 3): clube de ciencias, e debuxo e pintura.

A estas actividades pódesele sumar calquera outras que a dirección, o Consello Escolar e o Claustro de profesorado decida e que cumpra cos requisitos legais.

As principais obras de acondicionamento propostas deste curso son:

- Reparacións necesarias nas instalacións do centro. Eliminación de mobiliario en mal estado e obsoleto e adquisición doutro novo.
- Cambio da area do areeiro (Patio infantil).
- Colocación nova porta emerxencia planta superior.
- Pintado da aula de 3º EP , 4º EP e inglés.
- Ordenación do almacén común. Eliminación de material e mobiliario obsoleto.
- Renovación da fontanería de cociña (se o presuposto o permite).

- Modificacións e reparacións de conexións informáticas e de electricidade: conexións en secretaría, biblioteca, ...
- Arranxo da alfombra de entrada.
- Pintado das paredes e xogos do patio.
- Arranxo da alfombra de entrada.
- Colocación dos estores na aula de 2º EP.
- Revisión de persianas e arranxos na aula de 5º EP.
- Reubicación das pizarras dixitais das antigas titorías.
- Reparación do patio cuberto do centro. (Solicitada e pendente da resolución)
- Outras necesidades que vaian xurdindo.

17. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DE CENTRO.

17.1. MODALIDADES E FUNCIÓNS

Fundamentalmente utilizamos a avaliación na súa función de carácter pedagóxico, de regulación continua da aprendizaxe na medida en que nos aporta informacións útiles para a adaptación das actividades de ensino-aprendizaxe ás necesidades do alumnado.

Consideraremos tamén, aínda que en menos ocasións, a súa función de carácter social de orientación e promoción do alumnado en tanto que nos permite informar da progresión das súas aprendizaxes ao alumnado e ás súas familias.

Incluimos, por tanto, a avaliación no propio proceso de aprendizaxe, tanto no inicio, durante e ó remate do mesmo, sempre coa finalidade de mellorar a aprendizaxe cando aínda se está a tempo.

Para facultar o acceso á AUTONOMÍA requirida intentaremos que o alumnado se sinta protagonista do seu propio proceso de aprendizaxe e competente para realizar as actividades que se lles propoñen, valorando o esforzo de todos e cada un dos alumnos/as, segundo as súas propias capacidades pero tendendo sempre a superalas. Contribuiremos, pois, a que se vaian apropiando progresivamente e na medida das súas posibilidades dos criterios de corrección. Para isto realizaremos actividades e procesos de autoavaliación e de coavaliación.

17.2. ELEMENTOS

Os elementos a avaliar refírense a todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe e van ter cabida tanto na avaliación inicial como na formativa, permitíndonos determinar o éxito ou fracaso de todo o conxunto.

Teremos en conta, pois, os seguintes elementos e aspectos sen esquecer as interrelacións entre eles e a necesaria readaptación dos que o necesiten:

a) ALUMNADO:

Os coñecementos previos dos alumnos/as, antes de empezar a aprendizaxe.

As adquisicións e logros polos nenos e nenas tendo como punto de referencia os obxectivos fixados nos Proxectos de Centro e nas programacións.

A integración socio-familiar e escolar dos alumnos e alumnas.

A súa actitude diante do traballo, das normas de circulación, da problemática social e ambiental, a saúde, o consumo, a tolerancia, o bo trato, a cooperación, a sensibilidade...

A adquisición e emprego das destrezas xerais no uso da información, expresión oral e escrita, hábitos de traballo e organización do mesmo.

A adquisición e emprego das destrezas específicas das distintas áreas do currículo.

As actividades realizadas, tanto individualmente como en equipo.

A asimilación e cumprimento das normas de convivencia.

b) FUNCIONAMENTO E PRÁCTICA DOCENTE:

A adecuación da programación ós principios e obxectivos determinados no PEC.

A pertinencia das metas establecidas.

A organización e equilibrio dos diferentes tipos de contidos que favorezan o desenvolvemento de todas as competencias.

A adecuación das estratexias metodolóxicas empregadas.

Os recursos empregados tanto humanos como materiais.

A coordinación e o traballo interdisciplinar entre os membros dos distintos equipos de profesores do Centro.

c) PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

A consecución dos obxectivos propostos no devandito plan.

A calidade e a efectividade das actividades programadas.

A coordinación dos equipos.

A temporalización do plan.

17.3. INSTRUMENTOS E ESTRATEXIAS

Empregaremos as estratexias e instrumentos precisos para obter un conxunto de datos que é necesario utilizar para que sexa posible a reorientación do proceso, corrixindo aqueles aspectos nos que se detecten desaxustes.

Os INSTRUMENTOS serán de moi diverso tipo, posto que os distintos tipos de contidos esixen distintos procedementos avaliadores e ademais precisamos facer observacións complementarias que nos proporcionen información sobre todos os elementos que configuran a realidade.

Procedementos		Instrumentos de avaliación
Probas específicas.	Probas escritas	<ul style="list-style-type: none"> ● Resolución de exercicios ● Resolución de casos prácticos ● Resolución de problemas. ● Realización de fichas ● Resposta a preguntas ou cuestións ● Obxectivas: test verdadeiro - falso, textos mutilados, de opción múltiple, ... ● Abertas: cuestionarios, interpretación de datos... ● Elaboración de temas. ● Elaboración de resumos, esquemas, gráficos... ● Probas de capacidade motriz.
	Probas orais	<ul style="list-style-type: none"> o Exposición dun tema. - Resposta a preguntas - Lectura expresiva - Diálogo, entrevista, asemblea, postas en común...
Traballos individuais.		<ul style="list-style-type: none"> o Traballos de investigación e experimentación o Tarefas de análise – aplicación. o Producións orais. o Tarefas de síntese. o Presentacións o Debates o Monografías o Resumos. o Resolución de exercicios e problemas.
Traballos en grupo		<ul style="list-style-type: none"> o Traballos de investigación e experimentación o Tarefas de análise – aplicación. o Producións orais. o Tarefas de síntese. o Presentacións o Debates o Monografías o Resumos. o Resolución de exercicios e problemas.

Traballo na aula-observación sistemática.	<ul style="list-style-type: none"> o Textos escritos. o Producións plásticas e musicais. o Producións motrices. o Investigacións. o Xogos: de simulación, dramáticos, deportivos...
Traballo na aula-observación sistemática.	<ul style="list-style-type: none"> o Listas de control o Escalas de observación o Caderno do alumno o Rexistro anecdótico o Diarios de clase o Outras

As **ESTRATEGIAS** de regulación permítennos adecuar o dispositivo didáctico ás necesidades do alumnado, para axudarlles a superar as dificultades detectadas. Empregaremos as seguintes:

-Por retroacción: Baseadas no contraste de representacións a través da información que sobre os seus éxitos e as dificultades na aprendizaxe lle proporciona

- profesor/a ó alumno-a
- o mesmo alumno-a
- **un compañeiro ou compañeira**

-Revisión, repaso e realización de tarefas complementarias sobre os contidos que se considera que o alumno/a non ten ben adquiridos.

-Por adopción de novas estratexias de aprendizaxe.

-Por acción sobre factores máis fundamentais que implican ó Equipo Docente e a toda a Comunidade Escolar. A miúdo son factores relativos a actitudes fronte a aprendizaxe, en relación co traballo en grupo, problemas de autoestima, ambiente social desfavorable, etc.

17.4. MOMENTOS

Avaliación Inicial: no momento de empezar o proceso de ensino-aprendizaxe, unha unidade didáctica, proxecto ou actividade determinada.

Avaliación Formativa: durante o desenvolvemento do proceso. De toda a información recollida farase unha análise e xuízo sobre o resultado da mesma nos seguintes momentos do curso.

Avaliación sumativa-terminal: mide os resultados ao remate do proceso para comprobar se os alumnos e alumnas acadaron o nivel esixido e o éxito ou fracaso do conxunto do proceso educativo.

No referente ó alumnado, realízase ó final do curso coincidindo coa terceira avaliación, este ano fóra de período lectivo. Ao longo da última quincena de xuño realizamos a avaliación de todo o proceso educativo e reflectimos os resultados na Memoria Final de Actividades.

18. PLAN ANUAL DE LECTURA.

O Plan Anual de Lectura do CEIP Mestre Manuel García “BibliOia” concreta os obxectivos e establece as accións para o desenvolvemento de **Proxecto Lector de Centro** desta biblioteca que forma parte do **PLAMBE de bibliotecas escolares**. [Plan Anual de lectura: Anexo III](#)

19. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

Partindo do Proxecto Lingüístico do centro, da análise e das necesidades que nel se detallan, cabe seguir promovendo o uso do galego e fomentando actitudes positivas cara a lingua.

Será preciso seguir apostando por unha serie de actividades que forman parte xa da tradición cultural do centro, pero incluíndo novidades co fin de promover e dinamizar o uso do galego, tratando de incrementar o prestixio da nosa lingua na comunidade escolar, procurando concienciar á comunidade educativa ao respecto.

Entre estas iniciativas:

- Campañas que promoven o uso do galego, orientadas á desaparición de prexuízos lingüísticos e ao fomento de actitudes positivas cara a lingua.
- Participar en actividades públicas relativas á promoción lingüística (concursos, certames, publicacións...).
- Organización dalgunhas charlas (escritores, personaxes públicos...) que axuden á divulgación da cultura galega.
- Potenciar a lectura en galego a través da biblioteca do centro.
- Promover as representacións teatrais e de artes escénicas en galego.
- Potenciar o coñecemento do folclore e da música galega a través do timbre musical.

- Poñer ao alumnado en contacto coas raíces culturais de Galicia.
- Celebración do Día de Rosalía de Castro.
- Actividades de coñecemento doutras tradicións galegas: Samaín, Apalpador, os Maios...
- Festas (magosto, Entroido...) e xogos populares.
- Celebración do día do libro con contacontos, lecturas colectivas...
- Conmemoración da semana da prensa.
- Celebración da semana das Letras Galegas.
- Visitas de carácter didáctico que lles permitan coñecer a presenza da lingua galega, sobre todo nas actividades socialmente prestixiadas.

Independentemente da lingua vehicular empregada en cada aula para acadar os obxectivos didácticos establecidos, promoveremos o uso do galego en calquera expresión pública dos alumnos (representacións teatrais, murais...) procurando fomentar tamén o seu uso nas actividades informais do alumnado en xogos, tarefas lúdicas... e proxectos relacionados con actividades conxuntas do centro, e empregaremos unha lingua ou outra naquelas que teñan que ver coa tradición popular galega a través de contos, cancións, lendas ...

No caso de alumnos con lingua materna distinta do galego, aplicaranse as medidas necesarias para que pouco a pouco se vaian familiarizando con ela e, de ser preciso, solicitar no curso correspondente a exención da mesma.

MATERIAS QUE SE IMPARTEN EN GALEGO

EDUCACIÓN INFANTIL, emprégase indistintamente o galego e o castelán nas distintas situacións de aprendizaxe.

EDUCACIÓN PRIMARIA, séguese a seguinte distribución:

AREAS	1º EP	2º EP	3º EP	4º EP	5º EP	6º EP	LINGUA
GAL	4	4	4	4	4	4	GAL
CC.SS.	2	3	2	3	2	2	GAL

CC.NAT	3	2	3	2	3	2	GAL
MÚS	1	1	1	1	1	1	GAL
PLÁS	1	1	1	1	1	1	GAL
VALORES	-	-	-	-	-	1	GAL
Total Gal	11	11	11	11	11	11	

20. PLAN DIXITAL

Neste curso 23-24 será necesario a implementación e posta en práctica do Plan Dixital elaborado no curso pasado atendendo a *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e FP pola que se ditan as instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da CA de Galicia.*

Obxectivos e temporalización do Plan Dixital: Anexo VI

Pola súa banda o grupo dinamizador das TIC será o encargado de organizar recursos e actividades e dar soporte a este plan e facilitará así a xeneralización da utilización das TIC á totalidade do profesorado e alumnado e a posta en marcha da Aula Virtual.

O obxectivo fundamental é a realización dunha primeira aproximación á tecnoloxía, para o cal partimos dos seguintes puntos:

Proxecto EDIXGAL en 5º e 6º de EP.

Antigos ordenadores Abalar en 4º de EP.

Uso das TICS e o tratamento da información para a consecución das competencias TICS.

Aula Tics con 12 postos informáticos para o alumnado e un para profesorado.

Zona de consulta con 4 equipos informáticos na biblioteca.

Préstamos informatizados na biblioteca a través do programa MEIGA.

Presenza de encerados dixitais na maioría de espazos do centro.

Pantalla multimedia informativa no vestíbulo do centro.

Laboratorio de radio.

Páxina web e aulas virtuais dispoñibles e actualizadas.

Amplo porcentaxe de familias con acceso a internet.

Uso de Abalar-móvil como principal medio de comunicación oficial coas familias xunto á páxina web.

Elaboración de material multimedia que axude aos profesores/as nas súas programacións e que fomente un novo tipo de ensino coa utilización das TIC. Elaboración de presentacións de Power Point.

Formación permanente do profesorado para integrar as novas ferramentas dixitais e lograr un aproveitamento eficaz das mesmas no ensino.

Plan de continxencia coa organización tecnolóxica e medidas a levar a cabo en caso de confinamento.

Programas para atención á diversidade, que se empregan tanto para a prevención das dificultades, como para a detección e recuperación das mesmas. Estes programas de intervención empréganse nos ámbitos da pedagogía terapéutica e da audición e linguaxe.

21. CONCRECIÓN PLAN DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE. (PADO)

No relativo ao Plan de Atención a Diversidade concrétnanse as seguintes accións para o presente curso

-Concreción do Plan de Atención á Diversidade do DO: Anexo IV.

22. CONCRECIÓN PLAN DE CONVIVENCIA

Unha das liñas de actuación deste curso será iniciar a renovación dos documentos en materia de convivencia tales como: NOF, Plan de convivencia, así como os protocolos de corrección de incidencias e condutas contrarias as normas de convivencia e de traballo. Tamén reformular o espírito e funcionamento da aula de convivencia / aula de atención educativa. Será unha tarefa integral que implicará ao equipo directivo, CCP, DO e grupos de traballo específicos de convivencia no control

Nas NOF relacionadas estreitamente co Plan de Convivencia, primarán o carácter preventivo das accións e de forma parella o carácter rehabilitador das mesmas. Estableceranse mecanismos de prevención e corrección de condutas (Causas-accións-consecuencias).

Entre as principais concrecións en materia de convivencia que rexerán este curso serán:

- Presenza de delegados/as en todas as aulas de primaria. Reunións periódicas da dirección do centro con estes delegados/as para tratar asuntos de interese do alumnado e a convivencia.
- Hora de titoría: acórdase desenvolver semanalmente unha hora de titoría tratando temas moi diversos do grupo-clase. Entre estes temas a desenvolver están: cohesión do grupo-clase, entrenamento en habilidades sociais, estratexias e técnicas socioemocionais para a resolución de conflitos, traballar o autoestima, técnicas de xestión emocional.
- Alumnos/as mediadores: valorarase ao longo do curso retomar esta actuación co grupo de 6º EP que tan bos resultados nos proporciona na resolución de conflitos entre iguais durante o tempo de lecer.
- Aula de convivencia-atención educativa, para a resolución de conflitos de convivencia de maior calado.
- Caderno de incidencias de grupo-aula: instrumento que pretende compartir e coordinar as incidencias, faltas leves ou graves que se dean nun alumno/a ou grupo de alumnos dunha titoría ans diferentes materias, recreos, comedor... En dito caderno de incidencias deben figurar as seguintes anotacións:

INCIDENCIAS	FALTAS LEVES	FALTAS GRAVES
-Falta de puntualidade. -Falta de material. -Non realización de tarefas. -Malos modais ou formas de dirixirse. -Incumprimento dalgunha indicación ou orde do profesorado ou PAS. -Mala actitude na aula. -Falta de interese. -Interrupcións na aula. -Incordio aos compañeiros. -Pequenos conflitos con compañeiros. -Desaxustes ou cuestións emocionais. -Dificultade nas habilidades sociais ou traballos en grupo. -Incidencias leves do patio ou comedor. -Outras consideradas incidencias leves.	-Agresión, inxuria ou ofensa leve. -Actos de discriminación leve. -Actos individuais ou colectivos de indisciplina ao profesorado ou PAS de menor gravidade. -Danos ou subtraccións leves ás instalacións e materiais. -Actos inxustificables leves nas actividades do centro ou nas complementarias / extraescolares. -Actuacións leves prexudiciais en canto a saúde ou integridade persoal. -Portar calquera obxecto prohibido polo centro. -Inasistencia inxustificada a clase ou falta de puntualidade	-Agresión, inxuria ou ofensa GRAVE. -Actos de discriminación GRAVES. -Actos individuais ou colectivos de indisciplina ou desafío a autoridade (profesorado / PAS) GRAVES. -Gravación, manipulación e difusión de imaxes ou informacións que atenten contra algún membro da comunidade escolar. -Actuacións que constitúan ACOSO ESCOLAR. -Suplantación da personalidade en actos ou documentos. -Danos ou subtraccións GRAVES ás instalacións e materiais. -Actos inxustificables GRAVES nas actividades do centro ou nas complementarias / extraescolares. -Actuacións GRAVES prexudiciais en canto a saúde ou Integridade persoal. -Portar calquera obxecto GRAVEMENTE perigoso prohibido polo centro. -Varias faltas leves reiteradas no curso.

	-Reiteradas e continuas incidencias.	-Incumprimento das sancións impostas
MEDIDAS		
<p>Posibles medidas: <i>amoestación verbal ou por escrito (alumno, titor/a, familia...), realización dalgunha tarefa extra simple en horario escolar ou fóra sobre a conduta realizada, solicitude de titoría coa familia, charla ou dinámica grupal, privación de participar nalgunha tarefa da aula ou recompensa, baixada das cualificacións asesoramento DO ou xefe/a estudos, excepcionalmente a non asistencia a parte do recreo, outras proporcionais que dispoña o mestre/a.</i></p>	<p>Posibles medidas: <i>amoestación privada ou por escrito, comparecencia ante o xefe/a de estudos, traballos específicos en horario lectivo, aula de convivencia, realización de tarefas en horario non lectivo relacionadas co centro, suspensión actividades extra. / compl. (2 semanas), separación no comedor, privación temporal de patio, cambio grupo (1 semana). <u>Só en casos excepcionais de abundante reincidencia e con rexistro:</u> suspensión de ir a determinadas clases ou ao centro (máx 3 días).</i></p>	<p>Posibles medidas: <i>realización de tarefas en horario lectivo ou non lectivo relacionadas co centro, suspensión actividades extra. / compl. (entre 2 semanas e 1 mes), expulsión do comedor temporal ou permanente, cambio grupo. <u>Só en casos excepcionais de alta gravidade</u> suspensión de ir a determinadas clases ou ao centro (entre 4 días e dúas semanas). <u>Só en casos altamente graves:</u> cambio de centro.</i></p>
<p>-O establecemento das medidas debe ser sempre proporcional e ter en conta: o recoñecemento ou reparación espontánea dos feitos, a existencia de intencionalidade e/ou reiteración, a difusión por calquera medio do dano causado, a importancia e natureza dos prexuízos causados e a vulnerabilidade da vítima da conduta (idade, circunstancia, incorporación ao centro...).</p> <p>-A adopción de medidas relacionadas coa asistencia a aula de convivencia, faltas leves ou graves de forma reiterada deberá levar aparellado sempre o desenvolvemento do plan de habilidades sociais e un plan específico para o alumno/a infractor co asesoramento do DO e o xefe/a de estudos.</p>		

23. PLAN IGUALDADE

O obxectivo da escola coeducativa, é a eliminación de estereotipos entre sexos, superando as desigualdades sociais e as xerarquías culturais entre o alumnado e convídase a transformar as relacións entre homes e mulleres, nun marco máis equitativo e a potenciar a transgresión de roles estereotipados.

É preciso polo tanto prestar atención ao proceso de convivencia no centro para conseguir que se valoren de maneira igualitaria as capacidades, os intereses e as achegas das nenas e dos nenos e

favorecer deste xeito as relacións de igualdade e de respecto, o que repercutirá non só nunha mellor convivencia escolar senón tamén nunha sociedade máis igualitaria.

Na aplicación deste plan, resulta de especial importancia a colaboración e o apoio do departamento de orientación do centro xunto co resto do profesorado, como recurso necesario para a inclusión e para a mellora da intervención educativa en termos de igualdade, por ter entre as súas funcións asesorar e poñer á disposición da comunidade educativa aqueles medios ou recursos necesarios para a atención á diversidade. **(Plan de igualdade Anexo V)**



ANEXO I PXA

Criterios de cualificación e promoción

CURSO 2023-2024



CEIP MESTRE MANUEL GARCÍA

1. CRITERIOS DE SELECCIÓN DO ALUMNADO OBXECTO DE PROGRAMAS DE REFORZO (PROA+).

Os criterios par a selección do alumnado obxecto destes programas serán os seguintes:

CRITERIOS PROGRAMAS DE REFORZO					
<input type="radio"/>	Alumno/a repetidor.	<input type="radio"/>	Adaptación curricular.	<input type="radio"/>	Risco e vulnerabilidade.
<input type="radio"/>	Informe psicopedagóxico.	<input type="radio"/>	Reforzo Educativo.	<input type="radio"/>	Circunstancias persoais.
<input type="radio"/>	Atención de PT .	<input type="radio"/>	Materias suspensas.	<input type="radio"/>	Dificultades medio sociofamiliar.
<input type="radio"/>	Atención de AL .	<input type="radio"/>	Dificultades de aprendizaxe.	<input type="radio"/>	ACNEAE - ACNEE

2. CRITERIOS XERAIS SOBRE OS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Co fin de permitir a valoración obxectiva de todo o alumnado promoverase o uso xeneralizado de **instrumentos de avaliación variados**, onde cada docente usará e adaptará os máis idóneos en función das distintas situacións, grupos e alumnado obxecto da aprendizaxe.

Os posibles procedementos e instrumentos a empregar sitúanse no punto **17.3. INSTRUMENTOS E ESTRATEXIAS**.

3. CRITERIOS XERAIS SOBRE A CUALIFICACIÓN

A avaliación na etapa de **Educación Infantil** das diferentes áreas consignarase empregando distintos ítems de avaliación a través das valoracións: acadado, en proceso ou non acadado.

A cualificación en **Educación Primaria** consignarase a través das seguintes valoracións: IN (Insuficiente), SU (Suficiente), BE (Ben), NOT (Notable) e SB (Sobresaliente) e irán acompañadas dunha cualificación numérica.

Para establecer a cualificación teranse en conta os seguintes elementos nos diferentes niveis:

Realizaranse polo menos tres sesións de avaliación parciais ao longo do curso, unha avaliación inicial (no primeiro mes) e unha avaliación final.

CRITERIOS CUALIFICACIÓN INFANTIL	CRECEMENTO EN ARMONÍA	DESCUBRIMENTO E EXPLORACIÓN DO ENTORNO	COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN DA REALIDADE	INGLÉS	RELIXIÓN VALOES
Observación <ul style="list-style-type: none"> ○ Intervencións orais dos alumnos. ○ Participación activa na aula. ○ Respecto polo material, compañeiros/as, 	60%	60%	60%	60%	60%

mestre/a e normas de convivencia. o Constancia, interese e esforzo.					
Traballo individual o Realización de pequenas experimentacións. o Caderno e material de traballo de clase limpo e ordenado. o Presentacións. o Realización de tarefas no tempo previsto. o Atención e interese demostrado.	20 %	20%	20%	20%	20%
Traballo en grupo o Respecto ás normas de traballo en equipo. o Aportacións ao grupo o Respecto e valoración das aportacións dos compañeiros/as o Realización de tarefas no tempo previsto.	20 %	20 %	20 %	20 %	20 %

CRITERIOS CUALIFICACIÓN 1º CICLO	MAT	LINGUAS	CIENCIAS	ARTÍSTICA	EF	PC/REL
Observación o Intervencións orais dos alumnos. o Participación activa na aula. o Respecto polo material, compañeiros/as, mestre/a e normas de convivencia. o Constancia, interese e esforzo.	40 %	40%	40%	40%	40%	40%
Traballo individual o Realización de pequenas experimentacións. o Caderno e material de traballo de clase limpo e ordenado. o Presentacións. o Realización de tarefas no tempo previsto. o Atención e interese demostrado.	30 %	30%	30%	30%	30%	40%
Traballo en grupo o Respecto ás normas de traballo en equipo. o Aportacións ao grupo o Respecto e valoración das aportacións dos compañeiros/as o Realización de tarefas no tempo previsto.	20 %	20 %	20 %	30%	30%	20 %

Probas escritas e orais <ul style="list-style-type: none"> o Elaboración de fichas. o Realización de traballos. o Controis de cada unidade didáctica. o Calidade de traballos de pequenas experimentacións ou clasificacións. 	10%	10%	10%	-	-	-
--	-----	-----	-----	---	---	---

CRITERIOS CUALIFICACIÓN 2º CICLO	MAT	LINGUAS	CIENCIAS	ARTÍSTICA	EF	PC/REL
Observación <ul style="list-style-type: none"> o Intervencións orais dos alumnos. o Participación activa na aula. o Respecto polo material, compañeiros/as, mestre/a e normas de convivencia. o Constancia, interese e esforzo. 	30 %	30 %	20 %	30 %	30 %	30 %
Traballo individual <ul style="list-style-type: none"> o Realización de pequenas experimentacións. o Caderno e material de traballo de clase limpo e ordenado. o Presentacións. o Realización de tarefas no tempo previsto. o Atención e interese demostrado. 	40 %	30 %	30 %	30 %	30 %	20 %
Traballo en grupo <ul style="list-style-type: none"> o Respecto ás normas de traballo en equipo. o Aportacións ao grupo o Respecto e valoración das aportacións dos compañeiros/as o Realización de tarefas no tempo previsto. 	10 %	20 %	30 %	30 %	30 %	50 %
Probas escritas e orais <ul style="list-style-type: none"> o Elaboración de fichas. o Realización de traballos. o Controis de cada unidade didáctica. o Calidade de traballos de pequenas experimentacións ou clasificacións. 	20 %	20 %	20 %	10 %	10 %	-

CRITERIOS CUALIFICACIÓN 3º CICLO	MAT	LINGUAS	CIENCIAS	ARTÍSTICA	EF	PC/REL
Observación <ul style="list-style-type: none"> o Intervencións orais dos alumnos. o Participación activa na aula. 	20 %	20 %	20 %	30 %	30 %	30 %

<ul style="list-style-type: none"> o Respecto polo material, compañeiros/as, mestre/a e normas de convivencia. o Constancia, interese e esforzo. 						
Traballo individual <ul style="list-style-type: none"> o Realización de pequenas experimentacións. o Caderno e material de traballo de clase limpo e ordenado. o Presentacións. o Realización de tarefas no tempo previsto. o Atención e interese demostrado. 	30 %	30 %	30 %	30 %	30 %	20 %
Traballo en grupo <ul style="list-style-type: none"> o Respecto ás normas de traballo en equipo. o Aportacións ao grupo o Respecto e valoración das aportacións dos compañeiros/as o Realización de tarefas no tempo previsto. 	20 %	20 %	20 %	30 %	30 %	50 %
Probos escritas e orais <ul style="list-style-type: none"> o Elaboración de fichas. o Realización de traballos. o Controis de cada unidade didáctica. o Calidade de traballos de pequenas experimentacións ou clasificacións. 	30 %	30 %	30 %	10 %	10 %	-

O resultados destas cualificacións trimestrais comunicaranse na 1ª e 2ª avaliación mediante a aplicación Abalar. Na 3ª avaliación e final expedirase un boletín impreso.

Débase distinguir entre avaliación continua e progresiva. A avaliación debe ser **sempre continua** na medida que debe ter un carácter formativo e orientador, pero non ten que ser progresiva xa que existen partes diferenciadas que non poden ser avaliadas de forma progresiva especialmente nos cursos máis altos da educación primaria.

A cualificación final ordinaria non necesariamente ten por que ser unha media aritmética da 1ª, 2ª e 3ª avaliación nin ten que coincidir coa cualificación da 3ª avaliación se non que estará en función dos **criterios de cualificación obxectivos (fórmula matemática)** que se establezan nas distintas programacións.

CRITERIOS PARA O TRATAMENTO DE MATERIAS PENDENTES

O alumno/a que non alcance os obxectivos propostos:

1. Rectificará a súa actitude se esa é a dificultade.
2. En caso de que o mestre/a o estime oportuno fará aqueles traballos que non fixo ou que fixo mal e corraxirá o caderno.

3. Na proba ou probas específicas de cada avaliación inclúiranse preguntas correspondentes á avaliación anterior, de xeito que os alumnos/as poidan recuperar este apartado da cualificación global. Tamén se valorará o cambio de actitude e o traballo desenvolvido para recuperar cada avaliación durante o trimestre seguinte.
4. No caso de que o alumnado promocioe con materias suspensas, aplicaráselle un reforzo educativo e constatarase no informe pertinente no curso seguinte se superou ou non dita materia.

4. CRITERIOS DE PROMOCIÓN

Para a toma de decisións sobre a promoción dun alumno ou alumna seguiranse os criterios de promoción vinculados con cada unha das competencias que se recollen a continuación.

Un alumno/a **non promocionará** cando obteña **unha puntuación inferior ao 50%** da máxima posible nos criterios establecidos.

Será esta puntuación a que guíe o proceso de toma de decisións e non o número de áreas suspensas. Non obstante, enténdese que un **alumno/a con 3 ou máis áreas suspensas** non ten axeitadamente desenvolvidas as competencias e infírese que a súa puntuación será inferior a ese 50 % mencionado.

Non promocionará tampouco aquel alumnado que teña **4 ou máis competencias** con todos os criterios por debaixo dun **3 de puntuación**.

1	2	3	4	5
<i>Con gran dificultade.</i>	<i>Con dificultade.</i>	<i>De forma básica (Con axuda)</i>	<i>Acadado.</i>	<i>Moi desenvolvido.</i>

CRITERIOS DE PROMOCIÓN 2º CICLO EI						
COMPETENCIAS	CRITERIO DE PROMOCIÓN	1	2	3	4	5
Comunicación lingüística.	Comunícase de forma correcta nas situacións cotiás.					
Plurilingüe.	Interésase e respecta outras linguas.					
Matemática, ciencia, tecnoloxía e enxeñería.	Iníciase en habilidades numéricas, manipulación de obxectos e comprobación de fenómenos.					
Dixital	Iníciase no proceso de alfabetización dixital.					
Persoal, social e de aprender a aprender	Desenvólvese no entorno con progresiva autonomía.					
Cidadá	Adquire valores de respecto, equidade, igualdade, inclusión e convivencia.					
Emprendedora	Desenvólvese con iniciativa.					

Conciencia e expresións culturais.	Achégase a manifestacións culturais e artísticas.					
------------------------------------	---	--	--	--	--	--

CRITERIOS DE PROMOCIÓN 1º CICLO EP						
COMPETENCIAS	CRITERIO DE PROMOCIÓN	1	2	3	4	5
Comunicación lingüística.	Participa activamente en diversas situacións de comunicación aplicando as normas socio-comunicativas: escoita, respecto de quendas... Le e escribe, con axuda, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social.					
Plurilingüe.	Comprende e expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área.					
Matemática, ciencia, tecnoloxía/ ingeniería.	Realiza operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.					
Dixital	Emprega as Tics de forma guiada facendo un bo uso delas.					
Persoal, social e de aprender a aprender	Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta aos compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.					
Cidadá	Pon en práctica procesos de razoamento sinxelos sobre determinadas condutas acordes as normas de convivencia escolares.					
Emprendedora	Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.					
Conciencia e expresións culturais.	Repite esquemas rítmicos escoitados. Recoñece e valora as principais manifestacións artísticas e culturais.					

COMPETENCIAS	CRITERIO DE PROMOCIÓN	1	2	3	4	5
Comunicación lingüística.	Le, comprende e escribe textos de dificultade media integrando as normas ortográficas. Desenvolve a expresión oral en diversas situacións comunicativas.					
Plurilingüe.	Evidencia unha actitude favorable cara a adquisición de linguas.					
Matemática, ciencia, tecnoloxía/ ingeniería.	Identifica os números e realiza operación básicas. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados seguindo os pasos do método científico.					
Dixital	Desenvolve habilidades para a busca, selección e tratamento da información.					
Persoal, social e de aprender a aprender	Expón de forma clara e ordenada os contidos traballados. Experimenta e rexistra as conclusións extraídas do proceso					
Cidadá	Mostra habilidades para o coñecemento e participación activa na súa contorna próxima.					
Emprendedora	Evidencia autonomía e iniciativa tanto no traballo persoal como grupal (toma de decisións, planificación, participación, liderado...).					
Conciencia e expresións culturais.	Recoñece e valora a diversidade e manifestacións culturais.					

CRITERIOS DE PROMOCIÓN 3º CICLO EP						
COMPETENCIAS	CRITERIO DE PROMOCIÓN	1	2	3	4	5
Comunicación lingüística.	Le sen dificultade e cunha velocidade lectora e comprensión lectora adecuada e progresiva textos de diverso tipo adaptados a súa idade. Produce textos orais e escritos con sentido global, boa estrutura, ortografía, puntuación e caligrafía.					
Plurilingüe.	Aplica as normas sociocomunicativas : escoita atenta, espera de quendas, participación respectuosa. Realiza intervencións orais cun discurso coherente, adecuado ao contexto, boa entoación e un vocabulario adaptado a súa idade. Exprésase cunha pronunciación e dicción correctas.					

Matemática, ciencia, tecnoloxía/ingeniería.	Resolve situacións nos que interveñen as operacións aritméticas e conceptos matemáticos traballados. Aplica estratexias de razoamento lóxico, cálculo mental e xeneralización de aprendizaxes na resolución de problemas.						
Dixital	Manexa os procedementos relacionados co proxecto EDIXGAL: a organización dunha páxina web, entorno EVA, programas informáticos e procesadores de texto. Realiza con axuda un bo tratamento da información (resumos, ideas clave, tema, esquemas, infografías, exposicións oriais...)						
Persoal, social e de aprender a aprender	Amosa hábitos de estudo e esforzo nas actividades diarias. Cumpre as funcións das que é responsable nos traballos cooperativos e en equipo amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.						
Cidadá	Respecta as normas de aula e de centro. Amosa uns hábitos de convivencia positivos tanto en pequenos grupos, na aula e no centro.						
Emprendedora	Participa activamente na aula e implicase nos debates sobre os temas tratados. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa e capacidade de esforzo no estudo e traballo sobre aspectos da materia.						
Conciencia e expresións culturais.	Organiza e trae o material e tarefas precisas á aula con puntualidade en tempo e forma aplicando as técnicas Presenta os traballos e cadernos , en soporte dixital ou papel, de maneira ordenada, clara e limpa.						

5. CRITERIOS OBXECTIVIDADE NA AVALIACIÓN

-A comunidade educativa deberá poder ter **acceso a información** sobre os procedementos e os criterios xerais de avaliación, de cualificación e promoción a través da páxina web e nos documentos presentes na secretaría do centro.

-A persoa titora e o profesorado das distintas áreas manterán unha comunicación fluída no relativo ao proceso de aprendizaxe a través de **reunións de titorías** (presenciais e/ou telefónicas) no horario establecido na PXA.

O profesorado titor canalizará de forma xeral a información do conxunto de profesorado do grupo.

Se se precisa información máis detallada dun especialista concertarase titoría con el/ela.

No caso de situacións específicas poderanse realizar reunións conxuntas con todos ou algún docente do alumnado e o DO, ben solicitada polo centro, ou pola familia, expoñendo especificamente o asunto a tratar.

-De forma xeral, as **probas específicas non se enviarán ós domicilios** do alumnado. Se algún pai/nai ou titor/a legar quere consultar ditas probas específicas acudirá ao centro en horario de titoría.

-Intentarase incentivar que o **proceso de avaliación non se vincule única e exclusivamente cun proceso de cualificación**. Neste sentido, os procedementos e instrumentos usados na avaliación derivada do proceso de ensino aprendizaxe cotiá non terán que levar aparellados obrigatoriamente unha cualificación numérica ou doutro tipo (Ex: cualificacións numéricas de probas escritas), se non que están abertas a outro tipo de valoracións ou comentarios que cumpran cun **valor formativo e orientador da avaliación**.

-O **primeiro paso ante aclaracións ou discrepancias** acerca dos procesos de avaliación, cualificacións ou decisións que deriven delas será comunicar este aspecto ao mestre/a ou mestra responsable da materia. De non chegar a un consenso poñerase isto en coñecemento da Xefatura de Estudos do centro.

- No caso de que a vía anterior non dese como resultado un acordo común entre as partes no relativo ás cualificacións ou as decisións de promoción, iniciárase o **procedemento de reclamación** formal seguindo as instrucións e prazos da *Orde de 26 de maio de 2023 que regula o dereito a obxectividade na avaliación*:

TRÁMITES E ACTUACIÓNS		PRAZO
Presentación	Reclamación formal ante a dirección.	Dous días lectivos ou, se é o caso, hábiles desde o día seguinte á comunicación.
Revisión no centro	Decisión de modificación ou ratificación da cualificación final. (Informe do equipo docente)	Primeiro día lectivo seguinte ou, se fose o caso, hábil a aquel en que finalice o período de solicitude de revisión.
	Reunión extraordinaria para revisar o proceso de adopción da decisión de promoción ou titulación á vista das alegacións realizadas.	Dous días lectivos ou, se é o caso, hábiles desde a finalización do período de solicitude de revisión.
	Comunicación da decisión ao alumnado reclamante, e á persoa docente titora.	Día lectivo , ou se fose o caso, hábil, seguinte .
	Anotación nas actas de avaliación, e no seu caso, no expediente académico e no historial académico, da oportuna dilixencia (secretaría do centro) no caso de modificación dalgunha cualificación final.	Tras o proceso de revisión.
Reclamación ante a xefatura Territorial	Reclamación ante a Xefatura Territorial no caso de que persista desacordo.	Dous días hábiles a partir do día seguinte á comunicación sobre a decisión adoptada.
	Anotación nas actas de avaliación, e no seu caso, no expediente e no historial académico, da oportuna dilixencia (secretaría do centro) no caso de modificación dalgunha cualificación final.	Tras o proceso de revisión.

>Modelos de reclamación.

6. CRITERIOS DE OUTORGAMENTO DE MENCIÓNS HONORÍFICAS

Para o outorgamento dunha mención honorífica a un alumno/a ao final da etapa de Educación Primaria deberanse cumprir os **seguintes 3 criterios**:

CRITERIOS MATRÍCULA DE HONRA		SI	NON
A	Presentar unhas cualificacións finais de etapa en todas as áreas de sobresaliente.		
B	Amosar unha regularidade e constancia ao longo da etapa de EP que se reflecta no historial académico.		
C	Amosar un grado de desenvolvemento das competencias básicas moi desenvolvido (Puntuación 5) en polo menos un 80% dos criterios de promoción establecidos para o terceiro ciclo de EP.		



ANEXO II

PXA

Plan autoprotección

CURSO 2023-2024



ACTUACIÓN EN CASO DE EVACUACIÓN - INCENDIO

1. MEDIDAS

PUNTO DE ENCONTRO	PISTA POLIDEPORTIVA
--------------------------	---------------------

TAREFA	PERSONA RESPONSABLE	EVACUACIÓN
Dar a alarma e chamar aos bombeiros ao 112	Profesorado de garda ou coordinador/a	Activar o sistema de alarma e tocar o timbre (5 veces intermitente)
Desconectar a corrente eléctrica	Profesorado de garda ou coordinador/a	Pechar o subministro eléctrico no cadro xeral
Abrir as portas exteriores do edificio	Profesorado de garda ou coordinador/a	Abrir as portas e saídas do edificio
Coordinador xeral	Integrante do equipo directivo que estea dispoñible	Decidir medidas a adoptar en cada situación Recibir información no punto de encontro.

Ser informado das incidencias polo coordinador da planta		
Coordinación de planta	Planta Baixa: Profesorado de apoio EI.	Control de que a evacuación se realice con orde polas vías establecidas. Serán os últimos en abandonar a planta. Control de que as ventás e portas estean pechadas.
Coordinación de planta	Planta alta: mestra de PT.	

1.1. ACTUACIÓNS A REALIZAR POLO PROFESORADO

Pechar as ventás da aula e deixar as portas pechadas.

Manter o alumnado en orde e control para unha evacuación ordenada.

Facer o reconto no punto de encontro e comunicalo ao coordinador xeral.

1.2. ACTUACIÓNS A REALIZAR POLO ALUMNADO

Saída de forma ordeada, sen mesturarse con outros grupos. Dirixirse ao punto de encontro.

O alumnado que se atope fóra da aula deberá ir a súa clase.

Deberán deixar os seus obxectos persoais.

Nunca se deberá volver atrás

Deberán saír primeiro os alumnos que se atopen nas aulas máis próximas a saída.

Non se pode utilizar o ascensor.

De haber fume nas escaleiras interiores permanecerase nas aulas sen saír.

NÚMERO DE ALUMNOS	135
NÚMERO DE PROFESORADO	18
PERSOAL NON DOCENTE	5

2. VÍAS DE ACCESO AO CENTRO

O centro ten dúas vías de acceso:

1. Acceso polo Centro de Saúde.
2. Acceso pola entrada de buses.

3. SAÍDAS DE EVACUACIÓN DO CENTRO

1. Saída porta principal.
2. Saída porta traseira ao campo de fútbol.

3. Saída de emerxencia planta superior.

4. EQUIPOS DE SERVICIOS DE INTERVENCIÓN DE REFERENCIA:

- Grupo de emerxencias supramunicipais (GES) de A Guarda.
- Protección civil de A Guarda.
- Policía Local de A Guarda.
- 112 de Oia.
- Garda Civil.

5. SIMULACRO DE INCENDIOS-EVACUACIÓN

Poderase realizar un simulacro de incendio cunha evacuación inmediata atendendo a Orde do 22 de xullo de 1997 que regula determinados aspectos da organización e funcionamento das escolas de EI e os colexios de EP no 2º ou 3º trimestre do curso escolar.

Dito simulacro deberá recoller os seguintes aspectos:

Día.

Hora.

Autorización do Concello e visto e prace da alcaldía.

Aviso dos equipos de servizos e grupos de intervención que intervirán no simulacro.

Avisarase ao Centro de saúde para que teña coñecemento do mesmo.

Aviso das familias do alumnado con anterioridade vía AbalarMóbil e/ou páxina web.

O programa de simulacro deberá recoller tamén:

- Medidas e protocolo que vai realizar o centro.
- Vías de acceso ao centro.
- Equipos que intervirán e teléfonos dos mesmos.
- Corte de tráfico do acceso ao centro, se procede.

-Uso de vías de auga existentes no centro para a comprobación do seu funcionamento.

-Unha vez finalizado, os grupos de intervención informarán ao alumnado das medidas, orientacións, materiais de utilización... e reuniranse co equipo directivo para avaliar e corrixir aqueles aspectos a mellorar.

ANEXO III

PXA

Plan anual de lectura

CURSO 2023 | 2024

ÍNDICE

PLAN ANUAL DE LECTURA

1. Obxectivos e fundamentación.
2. Organización espazos e tempos de lectura.
3. Liñas de actuación prioritarias.
4. Seccións de aula.
5. Rutinas de lectura.
6. Recursos humanos.
7. Itinerarios lectores.
8. Actividades programadas.
9. Lectura e familia.
10. Seguimento e avaliación.

1. OBXECTIVOS E FUNDAMENTACIÓN

O Plan Anual de Lectura do CEIP Mestre Manuel García “BibliOia” concreta os obxectivos e establece as accións para o desenvolvemento do **Proxecto Lector de Centro** desta biblioteca que forma parte do **PLANBE de Bibliotecas Escolares**. Seguindo as *Instrucións de comezo de curso da dirección xeral de centros e RR.HH. en relación coa organización e funcionamento das bibliotecas escolares durante o curso 2023-2024*, tratamos de deseñar un plan adaptado ás características específicas do noso centro, que vaia encamiñado a mellorar as competencias fundamentais de lectura e escritura do noso alumnado desde todas as áreas do currículo, xa que nelas atópase a base de calquera tipo de aprendizaxe. En calquera caso, a biblioteca será o recurso de referencia para todas as actuacións que pretendan a mellora das competencias de lectura, escritura e habilidades para o uso e produción de información. É un lugar privilexiado que ofrece oportunidades de aprendizaxe, de colaboración e de convivencia.

PERTENZA AO PLAMBE	12º ANO CONSECUTIVO
PRESUPOSTO ASIGNADO	Fondos: pendente da dotación da Consellería. Mobiliario: pendente da dotación da Consellería (Sumado a: entre un 5% -10% dos orzamentos do centro).

Os obxectivos que se pretenden acadar son os seguintes:

- Potenciar o **uso físico do espazo da biblioteca** e dos diferentes recunchos relacionados coa mesma ao longo do centro.
- Favorecer e potenciar a **presenza líquida** da biblioteca na actividade pedagóxica do centro.

- Desenvolver a **competencia lectora**, mellorando a expresión oral e escrita.
- Impulsar a presenza da biblioteca na web do centro e nas contornas **dixitais** con recursos dixitais que complementen ós físicos.
- Seguir desenvolvendo a **imaxe corporativa da biblioteca**, para adaptala ás necesidades dixitais.
- Favorecer a **competencia literaria** a través da lectura de textos pertencentes a distintos xéneros.
- Educar no **uso crítico da información**, potenciando no alumnado o sentido crítico e selectivo. Potenciar a formación no relativo á ALFIL /AMI.
- Apoiar **programas e proxectos** do centro funcionando de xeito coordinado e funcional.
- Desenvolvemento de estratexias de **comprensión lectora** e **hábitos de estudo**.
- Potenciar a biblioteca como **laboratorio de aprendizaxes e innovación** educativa.
- Fomentar o **hábito da lectura e a escritura**, interpretando e producindo textos orais e escritos de xeito creativo e crítico.
- Desenvolvemento de **actividades creativas** que parta do principio de aprendizaxe manipulativa, vivencial, motivadora e do aprender facendo.
- Desenvolvemento de espazos xeradores de aprendizaxe a nivel educativo: facilitador de experiencias, desconexión e evasión do alumando.
- Potenciar a actividade científica e creativa do alumnado mediante recursos e actividades de ciencias, espazos creativos, maker, creación audiovisual...
- Potenciar o uso da biblioteca escolar como **centro de recursos** e como referente para todas as actuacións que pretendan a mellora das competencias de lectura, escritura e habilidades para o uso e produción de información, sendo esencial para a adquisición das competencias clave.
- Implicar a toda a **comunidade educativa** a través da participación en actividades de distinto tipo, organizadas polo centro escolar e outros órganos da contorna.

2. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS DE LECTURA

2.1. Organización de espazos e tempos. Creación de ambientes lectores.

Ambientes lectores: tratarase de crear no centro un clima que favoreza o achegamento ós libros e a lectura, onde se poña en valor esta actividade:

- Facer visible a biblioteca escolar e outros recursos.
- Facilitar a presenza da lectura e dos libros na práctica cotiá.
- Programar actividades para toda a comunidade escolar .
- O profesor como mediador e como modelo lector.

A biblioteca estará aberta durante o maior tempo posible ó longo da xornada lectiva. É responsabilidade do profesorado que acompaña ó alumnado garantir un ambiente de silencio na mesma e o cumprimento das normas. A parte da actividade programada nos recreos, estableceranse

horas individualizadas para cada grupo ao longo do período lectivo de mañá. A biblioteca permanecerá aberta polas tardes luns, mércores, xoves e venres de 15:45h a 17:00h.

2.2. Principais tempos e ambientes lectores que se desenvolverán no centro.

- Hora de ler, 30 minutos diarios destinados ó desenvolvemento do hábito lector e literario.
- A renovación periódica ó longo de todo o curso dos contidos da zona expositora situada na biblioteca. Darase a coñecer a diversidade de materiais existentes na biblioteca e as actividades que se realizan desde a biblioteca así como as producións do alumnado de distintos cursos en varias materias.
- Encontros con narradores ou poetas, en distintos momentos do curso nas aulas ou no salón de actos.
- Expositor de novidades de novos exemplares adquiridos.
- A actividade o libro do mes que se publicita na biblioteca e que se desenvolve ao longo de todo o curso.
- Zona de lecturas colectivas que permiten vivir a experiencia sobre a lectura dun título en común.
- Exposición de documentación e bibliografía relacionada co PDI temático de cada ano no expositor diferenciado na biblioteca.
- Promoción das actividades da biblioteca na radio escolar “Radio Arrabal”.
- Con motivo da Semana das LETRAS GALEGAS, realízase, cada ano, unha exposición sobre o persoeiro ó que se lle dedica o Día da Letras Galegas, a súa obra e a súa época.
- Algunhas efemérides relacionadas coa lectura ou outras datas importantes: Día do Libro, Día da biblioteca escolar, Día da muller, Día da paz, Día contra a violencia de Xénero...que se realizan en diversos lugares do centro e con distintos grupos.
- Diversos concursos e exposición organizados desde os equipos ou a biblioteca que se publicitan nas aulas e nos taboleiros presentes na entrada do centro ou nas corcheiras da biblioteca.
- O club de lectura-lettering que se desenvolve na biblioteca, con reunións e talleres periódicos ao longo de todo o curso.
- A biblioteca do noso centro está subscrita a varias publicacións que se poden ler na zona de lectura informal: xornais infantís, curiosidades, actualidade...
- Na web e instagram da biblioteca publícanse as actividades de fomento da lectura levadas a cabo polo equipo debiblioteca.

2.3. Espazos.

A biblioteca (“BibliOia”) do CEIP Mestre Manuel García está situada no primeiro andar.

Temos habilitadas varias zonas:

- **Zona de préstamo e xestión:** dotada de ordenador conectado a internet desde onde se realiza todo o proceso de xestión e catalogación e que conta con acceso ó Meiga e cunha pizarra dixital de proxección.
- **Zona de consulta dixital:** unha mesa redonda cun carriño con equipamento dixital: 5 ordenadores portátiles e 7 táblets destinados á procura de información.
- **Zona de lectura central:** libros de entretemento e tamén de consulta de diferentes temáticas. Catro mesas centrais para o desenvolvemento de actividades do alumnado que favoreza o tratamento e produción da información colaborativa.
- **Zona de lectura informal:** dispoñemos dunha zona de lectura máis informal con gradas coxíns e sofás para unha lectura máis distendida.
- **Recuncho de Bibliquiosco:** nel centralízanse as revistas, xornais, xornais infantís... e outros materiais de divulgación e contrucción.
- **Recuncho de xogos:** espazo específico onde se centralizan todos os xogos de diversas categorías, idades, tipoloxía...
- **Laboratorio de radio:** recentemente rediseñado para realizar o programa “Radio na Biblio”.
- Iniciarase o acondicionamento do espazo **“Bibliparque”:** patio interior para o goce da lectura e xogos.
- **Biblipuntos de lectura colectiva:** puntos ao longo do centro onde se recollen coleccións de libros do mesmo título, organizados por idade e próximo ós grupos de referencia.
- **Recanto de Bibliofamilias:** espazo adicado a recursos bibliográficos para as familias do centro.

O espazo dispoñible na nosa biblioteca é claramente insuficiente, especialmente as zonas de fondos narrativos, polo que se fai necesario unha redefinición e aproveitamento de espazos.



Así a parte da zona principal da biblioteca, súmanselle outros recantos seguindo este plano:

OBRAS E GASTOS DE ACONDICINAMENTO E MOBILIARIO A REALIZAR:

- Accesorios, materiais e xogos para os recantos de Bibliquiosco e Biblioxogos.
- Estudo das obras para o acondicionamento do espazo de Bibliparque: toldo, chan e mobiliario.
- No caso da viabilidade do punto anterior: adquisición de mobiliario e material necesario.
- Eliminación do mobiliario obsoleto.
- Redistribución de mesas e asentos de lectura da biblioteca.
- Adquisición de material e accesorio para o espazo do voluntariado da biblioteca.
- Adquisición de títulos de lectura colectiva para o primeiro ciclo.
- Adquisición de coxíns e mobiliario de asentos (gradas) na petición de material da consellería.
- Colocación dunha pizarra dixital e a súa conexión co ordenador de xestión da biblioteca.
- Adquisición de taboleiros e accesorios para a colocación de material de catalogación e creativo da biblioteca.
- Ordenación do material e instrumentos de traballo do alumnado voluntario e club de lectura lettering. Adquisición de novo material.
- Adquisición dos accesorios necesarios para o laboratorio da radio.
- Creación dun punto de traballo maker con panel, ferramentas e material para o traballo do mesmo.
- Centralización e rexistro dos xogos do centro na biblioteca.
- Adquisición de material funxible, organizador e de catalogación para a biblioteca (Lapiceiros, accesorios para estantes, caixas clasificadoras, impresión de cromos...).
- Adquisición do material necesario para o desenvolvemento do PDI.
- Creación de novas maletas viaxeiras vinculadas co PDI.
- Adquisición de mobiliario para os fondos de poesía, inglés e teatro.
- Alfombra vinílica para o espazo de lectura informal.

BIBLIO TICS

Seguirase apostando pola rede dixital da biblioteca que deberá:

- Actuar como transmisor da actividade da biblioteca nun escenario de actividade académica non presencial.
- Combinar a biblioteca física e virtual con recursos en ambos planos.
- Actualización e potenciación da páxina web indo **máis aló dunha recompilación** e mostra de traballos e actividades de aprendizaxe.
- Fornecer ó alumnado e as familias de **recursos bibliográficos** dixitais, **espazos web** e **recursos dixitais** realizando unha selección e clasificación accesible dos mesmos relacionados coas distintas áreas de aprendizaxe.
- Ser o **espazo** de transmisión e vínculo para o desenvolvemento e **conmemoración de actividades xerais**, sendo a alternativa á realización de actividades físicas conxuntas de todo o centro.
- Recoller o enlace do **OpacMeiga** onde o alumnado, familias e profesorado poden consultar o fondo bibliográfico presente no centro.
- Desenvolver iniciativas para a **formación do alumnado na ALFIN e AMI**.
- Ser o **soporte** de transmisión principal para o desenvolvemento do **PDI** deste ano académico que leva por título “A volta ao mundo en...”.
- Propoñer unha oferta rica e variada para o desenvolvemento dunha hora de ler alternativa, eficiente que vaia **máis aló da presenza exclusiva de libros impresos**.
- Ser o espazo que acolla a aposta polo desenvolvemento das **bibliotecas creativas e abertas** namentres non se poida desenvolver en espazos físicos comúns para todo o alumando.
- Aproveitar o uso das **redes sociais** (Instagram) e vías de comunicación actual para establecer conexións cos puntos de interese do alumando e as familias.
- Un dos obxectivos deste curso que forma parte do *Plan Dixital e* o uso da **Plataforma ELBE** para o préstamo de libros especialmente destinada aos cursos de 4º, 5º, 6º de EP.
- Continuidade no programa **Radio na Biblio** a través da nosa radio escolar: Radio Arrabal e colaboración co equipo TICs.

Propóñense os seguintes apartados para a páxina web do centro:

- **Booktubers:** carteleira e opinións do alumando sobre diferentes libros.
- **Bibliodixital:** recursos e actividades dixitais que complementan a biblioteca física.
- **BibliUsuarios:** formación do voluntariado e do acceso do alumando a información.
- **BiblioCreativas:** actividades e conmemoracións que xiran entorno á biblioteca.

- **BiblioPDI:** recollerá todo o relacionado co PDI “A volta ao mundo en...).
- **DocuBiblio:** apartado para recompilar toda os documentos programáticos e organizativos da nosa biblioteca.

Ademais da biblioteca escolar, o centro ten outros recursos e espazos físicos para acceder á información:

- Unha aula de informática.
- Aula/cabina radio escolar (Radio Arrabal).
- Unha aula con equipamentos ABALAR.
- Dúas aulas con equipamento EDIXGAL.
- A maioría das aulas contan con encerado dixitale e pizarras interactivas.
- As aulas do primeiro e segundo ciclo contan con equipos informáticos de consulta para o alumnado.
- Aulas STEM: matemáticas ciencia e artística.
- Pantalla de proxección na entrada do colexio de informacións diversas.

TEMPOS

O horario de asistencia á biblioteca é o expresado no cadro seguinte:

Horario BIBLIO	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
❶ 9:40 -10:30	4º EP				EQUIPO BIBLIO
❷ 10:30-11:15					6º EP
❸ 11:15-12:00	EQUIPO BIBLIO		EQUIPO BIBLIO	2º EP	
◉ RECREO	3º-4º	1º-2º	3º-4º	5º-6º	5º-6º

12:00-12:30					
⚙️ HORA DE LER 12:30-13:00	Voluntariado	Voluntariado	Voluntariado	Club lectura-lettering	Voluntariado
	H. de ler EP	H. de ler EP	H. de ler EP	H. de ler EP	H. de ler EP
④ 13:00-13:50	3º EP		6º EP		4 ANOS
⑤ 13:50-14:40	5º EP	1º EP	3 ANOS		5 ANOS
15:45-17:00 Apertura a comunidade escolar		DINAMIZACIÓN EQUIPO BIBLIO (16:45-17:h)			

Cada grupo de alumnos terá acceso a entre 1 ou 2 horas semanais fixas (máis a posibilidade de acceder noutras horas de forma flexible), ás que se lle suman os 30 minutos diarios da hora de ler desenvolvidas nas aulas e 8 sesións de recreos dedicadas á formación de voluntariado e do desenvolvemento da súa labor. Ademais permanecerá aberta luns, mércores, xoves e venres en horario de tarde no marco da iniciativa “Bibliotecas abertas” e para a dinamización e reunións, os martes pola tarde.

3. LIÑAS DE ACCIÓN PRIORITARIAS

As bibliotecas escolares fomentan o hábito da lectura, imprescindible sen dúbida para a mellora de dúas das competencias clave, a lingüística e a social, necesarias para a aprendizaxe de todas as materias. Ademais, nas bibliotecas, o alumnado poderá atopar, xa sexa a través dos libros ou mediante recursos informáticos, a información que requira nas súas tarefas de clase e atopar respostas ás súas distintas dúbidas.

Deste xeito desenvolverá a súa capacidade de investigación e aprenderá a ter unha actitude crítica á hora de interpretar a gran cantidade de información da que hoxe dispoñemos sobre calquera tema. As bibliotecas favorecen a alfabetización múltiple, un concepto que amplía e actualiza o concepto de lectura. A alfabetización múltiple defínese como a comprensión, utilización e avaliación crítica de diferentes formas de información, incluídos os textos e imaxes, escritos, impresos ou en versión electrónica.

Pero a biblioteca non debe ser exclusivamente un espazo para o alumnado, senón un lugar que dinamice a vida cultural do centro na que participen tanto os alumnos como o profesorado. É importante que a biblioteca sexa un lugar para achegarse a distintos ámbitos da cultura (literatura, cine, música,...) de forma reflexiva e mesmo lúdica.

Entre estas **principais liñas de actuación** sitúanse:

- Revisar os **resultados da avaliación** do curso anterior.
- A biblioteca como **entorno físico e dixital** de aprendizaxe: importancia da motivación do alumnado.
- Xerador de **oportunidades para o alumnado**: espazos de encontro coa cultura, diálogo, conversa, comunicacións... (viveiros da cidadanía).
- **Xerador de oportunidades** a nivel educativo.
- Colección **diversificada**, actualizada, equilibrada e inclusiva.
- **Implicación** do equipo de profesorado, voluntarios e familias.
- Vincular as actuacións **aos contidos curriculares** e competencias clave.
- Menos conmemoracións ritualistas e máis **actividades de calidade**.
- Incorporar a **lectura comprensiva** en todos as áreas e materias.
- Reflexionar sobre as **prácticas para o fomento da lectura** e a formación literaria.
- Desenvolver **estratexias innovadoras** de comprensión lectora.
- Fomento da **lectura /escritura social**.
- Contemplan e profundan a **lectura e escritura dixital** e en pantalla.
- Abordar o traballo coa **información**: ALFIL/AMI.
- Integrar **novas formas de escritura e de comunicación**.
- Proporcionar novas liñas e actividades de **innovación metodolóxica**.
- Incorporar a **educación audiovisual**.
- Conseguir a **implicación das familias** e da comunidade educativo no mundo da biblioteca e da lectura.

Para o desenvolvemento destas liñas de actuación establécese unha **rede de actividades e sección** inseridas na dinámica da biblioteca, que se resumen na seguinte infografía, que pretende guiar tanto ó alumnado como ó profesorado no desenvolvemento das actividades.

4. SECCIÓNS DE AULA

Nas primeiras semanas de curso cada titoría organizará seccións de aula (Biblioteca de aula) co fin de descentralizar os recursos da biblioteca e facilitar o acceso ós fondos da biblioteca ó alumnado. Nesta escolla de libros, naqueles cursos máis altos, débese contar coa opinión e gustos do propio alumnado.

- Será obrigatorio cambiala polo menos **unha vez cada trimestre**.
- Para unha boa escolla, é necesario unha **selección variada** na que estean presentes tódolos xéneros literarios: cómics, narrativa, poesía, teatro...
- Tamén é importante incorporar **libros informativos**.
- Na medida do posible procurárase incluír libros en ámbolos **dous idiomas** (galego e castelán). Tamén do pequeno fondo en inglés.
- As **revistas e xornais** que están na entrada tamén se poden incluír, así como o fondo de **xogos**.
- Será necesario incorporar **libros de lecturas colectivos** almacenados e clasificados en caixas para formar parte dos recursos de lectura de aula.
- O **equipo de biblioteca** proporcionará asesoramento se así se demanda.





5. RUTINAS DE LECTURA

A parte do establecemento dunha tempo de lectura diario de 30 minutos fixado no horario do apartado 2 deste documento, desenvolveranse estratexias sistematizadas de promoción da comprensión lectora e do fomento de hábitos de lectura.

5.1. Ensinanza de estratexias de comprensión lectora en todas as áreas.

Para a comprensión dos textos escritos cómpre ter en conta:

- O **coñecemento previo**, os esquemas de coñecemento que construímos e que nos permite comprender unha situación, un programa de radio, unha noticia ou un texto lido.
- Os **obxectivos ou intencións de lectura**, dos que vai depender a capacidade de resposta diante das dificultades de comprensión. O control da comprensión é un requisito esencial para a lectura eficaz.
- **A actividade ten que ter sentido**. A lectura dun texto terá sentido para o lector se o seu contido conecta cos seus intereses e se a tarefa responde a unha finalidade.

Estratexias de comprensión lectora:

- Lectura consciente, previa á realización de calquera actividade.
- Axuda do contexto para chegar a resolver ás dúbidas de vocabulario.

- Elaboración de resumos e esquemas de xeito que aprendan a discernir as ideas principais das secundarias.
- Realización de borradores, bosquejos, guións, etc..., antes de elaborar un traballo.
- Lectura de textos con funcionalidade: receitas, instrucións, prospectos, menús...
- Realización de glosarios que os axuden a ampliar o vocabulario.
- Outras estratexias e actividades como poden ser: busca de palabras clave, predicións, visualizacións, organizadores de texto, parafraseo, toma de apuntes, axuste do ritmo de lectura, conexións textuais, palabras pantasma, análise de cancións....

5.2. Fomento dos hábitos de lectura en todas as áreas.

- Estableceranse bases de fomento dos hábitos de lectura na CCP.
- Establecerase un libro recomendado par as vacacións de Nadal.
- O profesorado recomendará libros, películas, webs, revistas, etc...relacionados coa materia que estea a impartir nese momento.
- Propiciaranse ambientes lectores no centro: clubs de lectura, létering, lecturas compartidas e intercambio de libros entre profesores e alumnos.
- Incidirase na práctica da lectura en voz alta nas clases co fin de mellorar a fluidez, entoación e dicción.
- Potenciaranse os contacontos por parte do profesorado que esperten a curiosidade e motivación polos libros.
- As celebracións de datas e as actividades relacionadas coa lectura serán asumidas por todo o claustro (Día da Paz, Día contra a violencia de Xénero, Día das Letras Galegas, Día do libro, Semana da Prensa, Día da Poesía...)
- O equipo de biblioteca cooperará co profesorado no que se refire a peticións de libros, difusión de actividades, información sobre as novas adquisicións e sobre o funcionamento da biblioteca e da súa páxina web e do seu Instagram.
- Nas aulas abordarase a lectura de todo tipo de textos, en todo tipo de soportes e con todo tipo de finalidades.
- Tratarase de transmitir a idea da lectura por pracer.

6. RECURSOS HUMANOS

A biblioteca do centro conta cun equipo dinamizador conformado por cinco integrantes ós que se lle asignaron 4 horas de dinamización .

- Álvaro Gómez, coordinador: mestre no primeiro ciclo de primaria, definitivo no centro. (3 h dinamización).
- Raquel Baldonado: mestra de PT, definitiva no centro.(2 h dinamización)
- Sofía González: mestra do primeiro ciclo de primaria, definitiva no centro..ç
- Montse: mestra de apoio en EI, provisional no centro.

Establécense tamén 2 h de dinamización grupal mensual os martes pola tarde de 16:45h a 17:30h. Aínda que o equipo de biblioteca está composto por estes 4 membros, a contribución ó cumprimento dos obxectivos e o desenvolvemento das iniciativas relacionadas coa biblioteca e a lectura debe ser unha responsabilidade asumida por todos os mestres do centro na súa tarefa diaria.

No relativo ao voluntariado este ano contamos cos seguintes recursos:

- 6º Educación Primaria: 23 voluntarios.
- 5º Educación Primaria: 14 voluntarios.

Membros da comisión de Biblioteca escolar:

- Álvaro Gómez (Coordinador do equipo) e / ou Raquel Baldonado (Representante do profesorado no CE).
- Marta Morro (Representante pais e nais).
- Cristina Correa (Representante do concello).

7. ITINERARIOS LECTORES

Os itinerarios lectores son seleccións de títulos axeitados para cada nivel de idade, escollidos con criterios de calidade en función de obxectivos recollidos no Proxecto Lector de Centro. Intentarase ofertar itinerarios lectores atractivos. Estes libros pódense presentar nas clases dunha maneira informal, dar a posibilidade de lectura para complementar o traballo nas diferentes materias, usar algún texto ou capítulo nun momento determinado, etc... O itinerario lector debe favorecer a adquisición da competencia lectora do alumnado.

Itinerarios lectores por cursos:

CURSO	ITINERARIO LECTOR
3 ANOS	Lúa.- Antonio Rubio Tito fai de malabarista.- Guido Van Genechten Cocorico.- María Luisa Núñez Álvarez Chibos Chibóns.- Olalla González
4 ANOS	O monstruo de cores.- Anna Llenas Vivan as uñas de cores.-Luis Amavisca e Alicia Acosta O meu irmono.- El Hermatocrito Un can.- El Hermatocrito





5 ANOS	Un can.- El Hermatocrito Non quero ser polbo.- Francesca Chessa O meu irmono.- El Hematocrítico Diferentes pero iguais.-Guido Van Genechten
TALLERES INFANTIL	A que sabe a lúa?.-Michael Grejniec Os meu increíbles veciños.- Iria Bermúdez La ballena.- Benji Davies Boldog.-Daniel López
1º EP	O Grúfalo.- Julia Donaldson El Gran Libro de los Superpoderes.-Susana Isern Abecedario.- Raul Vacas As catro estacións.- Antonio García Teijeiro
2º EP	<i>La curiosa librería.- Shinsuke Yoshitake</i> <i>As Fomiguiñas filandeiras.- Victoria García</i> <i>Quiero ser.- Ideaka Edelvives</i> <i>O libro dos cus.- Eva Manzano e Emilio Urberuaga</i> <i>Los ciclos mágicos del universo.- Mariona Cabassa</i>
3º EP	A nave dos libros.-Obradorio Santillana El vampiro de Sussex S. Holmes.- Arthur C. Doyle Las Fieras Fútbol Club.- Joachim Massannek La isla del tesoro fantasma.- Gerónimo Stilton
4º EP	As historias do lobo de area.- Asa Lind Versos de calendario.- Juan Carlos Martínez Cuentos a tumba abierta.- Abel Amutxategi Bichos, amor y cosas.- José María Mayorga Adeliña.-Celia Díaz
5º EP	Bárbara y el misterio de Ariadna.-César Fernández García Nata y Chocolate.- Alicia Borrás Sanjurjo Mamá quero ser Ziggy Stardust.-Iria Misa Roseira do teu mencer.-Xosé María Álvarez Blazquez
6º EP	Invisible.- Eloy Moreno ¿Quién quieres ser?.- Carla Frabeti La biblioteca de los libros vacíos.- Jordi Sierra i Fabra No corazón do bosque.- Agustín Fernández Paz Pan de rescate.- Antía Yáñez

8. ACTIVIDADES PROGRAMADAS

As actividades que se programen tentarán cumprir con estas directrices:

- Procurarase que as **actividades sexan proveitosas e eficaces** para o alumnado cuns obxectivos claramente definidos e unhas **temáticas de calidade**.
- Traballarase para que poidan ser de **fácil integración** nas dinámicas de traballo das **titorías** sen sobrecargar as tarefas xa existentes.
- Incentivarán a **relación e participación** do conxunto do alumando, profesorado e familias.
- Tentarán de **poñer en valor as actividades e iniciativas** que nacen e se desenvolven nas propias titorías.
 - En moitas ocasións poderán servirse da **hora de ler** para o seu desenvolvemento.
- **Combinaranse actividades** máis acoutadas e dirixidas con outras de carácter máis aberto.

Co fin de sistematizar e de facer máis eficaz o traballo, este ano as actividades da biblioteca encaixaranse en **4 ámbitos de traballo**:

 <p>PDI</p>	 <p>CONMEMORACIÓNS</p>	 <p>FORMACIÓN</p>	 <p>BIBLIO-CREATIVAS</p>
<p>Actividades relacionadas co PDI este curso arredor do coñecemento do patrimonio cultural, etnográfico, natural, paisaxístico, gastronómico, deportivo... do noso concello de Oia.</p> <p>“OIADORES”</p>	<p>Conmemoracións de datas sinaladas relacionadas coa biblioteca (Día do libro, poesía, etc) así como outras con potencial educativo (Ex: axenda 2030).</p> <p>Colaboración con outros equipos</p>	<p>-Actividades de fomento da lectura e da competencia lingüística.</p> <p>-Formación de usuarios de biblioteca.</p> <p>-Uso e tratamento da información (ALFIL/AMI)</p>	<p>-Laboratorio creativo de aprendizaxes arredor de distintas competencias.</p> <p>-Promoción e posta en valor de actividades e proxectos interdisciplinares nacidos nas aulas.</p>

PDI:

A educación documental engloba todas as actividades que buscan a capacitación do alumnado para un uso crítico das diversas fontes informativas: a formación de usuarios da biblioteca, que son as

fontes informativas en distintos soportes e como usalas, Internet, etc... Todos os docentes farán constar nas súas programacións e desenvolverán este PDI nas súas materias.

Este ano o PDI da biblioteca xirará en torno a temática: **OIADORES (Coñecemento do patrimonio, natural, cultural, gastronómico, deportivo... do concello no que se sitúa o centro: o concello de OIA).**

OBXECTIVOS DO PDI:

- Potenciar a biblioteca como laboratorio de aprendizaxe. BIBLIOTECA LEO/LAB (Lectura - laboratorio).
- Desenvolver un PDI nas distintas programacións didácticas como un proxecto/ tarefa de investigación.
- Incorporar no traballo de investigación os obxectivos da axenda 20/30.
- Acceder a documentos audiovisuais e dixitais, para obter, seleccionar e clasificar, con certa autonomía, a información relevante e necesaria para realizar traballos ou completar información, valorando os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.
- Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para realizar creacións.
- Potenciar a participación activa no traballo en grupo, así como nos debates.
- Desenvolver interese polo traballo individual e colaborar no seu dun grupo para a consecución dun fin colectivo.
- Fomentar a realización de propostas creativas e utilizar as competencias para abordar proxectos sobre valores sociais.
- Coñecer o potencial creativo e comunicativo do audiovisual.
- Desenvolver a capacidade expresiva e comunicativa do alumnado.

FASES DO PDI:

FASE 1	FASE 2	FASE 3	FASE FINAL
---------------	---------------	---------------	-------------------

<ul style="list-style-type: none"> -Descubrir coñecementos previos. -Enfocar e delimitar o ámbito e liña de actuación do PDI no marco do tema proposto. -Propoñer o que queremos saber. -Vinculalo cos obxectivos e contidos curriculares -Poñerlle título ao PDI deste ano. 	<ul style="list-style-type: none"> -Propoñer como e onde queremos investigar. -Buscar a información. -Procesala e reelaborala. <p><i>(Potenciar o uso da biblioteca para esta fase)</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> -Comunicar a información. -Elaborar o produto final. -Preparara a forma e o medio de exposición do mesmo. 	<p style="text-align: center;">Mes de xuño</p> <ul style="list-style-type: none"> -Cubrir a plantilla da actividade ou proxecto de investigación. -Desenvolverase un museo no centro no que se expoñerán os traballos. -Memoria do PDI.
<p>Actividades vinculadas co PDI:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Elaborar o calendario de centro sobre a temática do PDI (decembro). -Entroido: disfraces con temática PDI.(Febreiro) -Retos e actividades de educación documental entorno ao coñecemento de OIA. -Panel de traballo colaborativo e recompensa por aulas arredor da busca e colección de postais relacionados co PDI. 			

CONMEMORACIÓNS:

Trátase de actividades coma obradoiros, exposicións, concursos, encontros con autores, celebracións (Día da Biblioteca Escolar, Día do Libro, Día da Paz, 8 de Marzo, Semana da Prensa, Día das Letras Galegas, Día do Medio Ambiente...). Desde distintos departamentos, desde a biblioteca, así como desde o EDLG ... realízanse, de xeito coordinado, numerosas actividades deste tipo ó longo de todo o curso.

Entre as actividades a desenvolver prioritarias están:

<p>CONMEMORACIÓNS DE ALTA IMPLICACIÓ TITORIAL</p>	<p>CONMEMORACIÓNS DE IMPLICACIÓ MEDIA</p>
--	--

Semana do libro (17 ao 21 de abril-3ºT). Fin de curso: exposición do PDI-museo.	Día das Bibliotecas Escolares (24 Outubro-1ºT) Semana da Prensa (do 4 ao 8 de marzo-2º T).
--	---

FORMACIÓN:

Este apartado recolle actividades e estratexias relacionadas con:

- Actividades de fomento do hábito lector e desenvolvemento da C. Lingüística: narracións, lectura individual, compartidas, presentacións de libros, encontros con autores ou ilustradores, librofórum, booktubers, booktrailers , apadriñamentos lectores, xogos de animación, obradoiros de escritura creativa, lecturas (para aprender, para facer un resumo, para buscar un dato, resolver un problema, pracenteira, en soidade, en pantalla...).
- Desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora.
- Investigación uso e tratamento da información (ALFIL/AMI): a biblioteca como punto de acceso á cultura impresa e dixital, fontes informativas (localización e selección), organizarse para investigar, xeración de contidos e comunicación.
- Técnicas de estudo: subliñado, resumen, esquemas, infografías...
- Formación de usuarios de bibliotecas: uso da CDU, busca de libros (OpacMeiga), préstamos e devolucións, voluntariado...

BIBLIOTECAS CREATIVAS:

Este apartado recolle o impulso que pretende dar a biblioteca en relación a:

- Laboratorio creativo de aprendizaxes arredor das distintas competencias.
- Continuidade no programa de Radio na Biblio do que fomamos parte dende o curso 21-22.
- Continuidade no programa de voluntariado-A de bibliotecas escolares.
- Posibilidade de inscribirse no programa Club de lectura.
- Estratexias e actividades de innovación educativa.
- Desenvolvemento de proxectos e programas ou actividades interdisciplinares nadas no centro.
- Potenciación da aula STEM: matemáticas, laboratorio e maker.

TEMPORALIZACIÓN POR TRIMESTRES

1º TRIMESTRE	
Xestión técnica e organización	Dinamización, fomento da lectura, formación do usuario e promoción dos recursos
<ul style="list-style-type: none"> • Revisión e establecemento da ruta de navegación do curso. • Devolución dos préstamos de verán do curso anterior. • Establecemento do novo horario da biblioteca. • Establecemento do novo equipo de biblioteca. <ul style="list-style-type: none"> • Actualización PAL. • Incrición programas biblioteca: Radio, Voluntariado e Club de Lectura. <ul style="list-style-type: none"> • Renovación de mobiliario. • Ordenación de espazos. • Colocación libros do recuncho de lectura colectiva. • Establecemento das bibliotecas de aula. <ul style="list-style-type: none"> • Horarios de préstamos e usos da biblioteca. • Actualización dos apartados da páxina web e recursos dixitais. • Xestión dos voluntarios e formación (contratos, acreditacións e programa 	<ul style="list-style-type: none"> • Actividade de apertura da biblioteca. • Horarios e función dos voluntarios. • Nas distintas materias fanse actividades encamiñadas a fomentar o hábito lector. <ul style="list-style-type: none"> • Exposicións temáticas de libros. • Actividade transversal-PDI: colección de postais. • Actualizarse na web do Centro a sección dedicada á biblioteca. • Boletíns para informar á comunidade escolar sobre as novas da biblioteca ao longo de todo o curso. • Posta a disposición da comunidade educativa dunha listaxe de suxerencias e peticións de compra de recursos para a biblioteca. <ul style="list-style-type: none"> • Recomendación literaria de Nadal. <ul style="list-style-type: none"> • Timbre musical. • Iniciación na palataforma ELBE.2 <ul style="list-style-type: none"> • Booktubers / Booktrailes. • Radio Arrabal- Radio na Biblio: encargados, organización e participación. <ul style="list-style-type: none"> • Timbre musical. • Prensa na escola. • Mochilas viaxeiras: renovación das mochilas.

formativo). Solicitud de voluntariado de lectura A.

- Revisión de recursos informáticos e dixitais.
- Análise da necesidade de novos fondos segundo as necesidades dos distintos departamentos.
 - Renovación da base de datos do sistema de préstamo, incorporando aos novos alumnos e profesores.
- Creación de listaxes de usuarios da biblioteca.
 - Realización de carnés novos da biblioteca.
- Incremento de fondos tendo en conta as peticións dos diferentes departamentos e do alumnado.
- Xestión dos préstamos e devolucións dos fondos da biblioteca así como información aos usuarios do seu estado de morosos se é o caso.
- Organización do equipo encargado da biblioteca, reparto de funcións e posta en marcha.
 - Revisión da aula STEM (mates+ciencias). Horarios e material.
- Colocación e adquisición de xogos educativos.recursos.
 - Novo etiquetado dos libros.
- Revisión do espazo de Biblofamilias.
- Presentación do lema elixido dende Bibliotecas escolares.

- Promocionar obxectivos axenda 20/30.
- Presentación das bases para a realización do PDI-OIADORES.
- Actividades de formación de usuarios de bibliotecas.
- Impulso de actividades de innovación educativa.
- Estratexias de comprensión lectora.
- Xornadas de Bibliotecas Escolares: formación.
- Conmemoracións: **Día das bibliotecas -APERTURA(24 outubro)**, semana da ciencia (novembro), Día Universal da Infancia (20 novembro), **Día internacional contra a violencia de xénero (25 de novembro)**, conmemoración da Constitución e EE.AA. (28 novembro-5 decembro), **Día internacional das persoas con discapacidade (3 decembro)** Día da Declaración Universal dos DD.HH. (10 decembro).
- Promoción do instagram e páxina web.
- Creación do Calendario de centro de nadal sobre o PDI.

- Expurgo de fondos.

2º TRIMESTRE
Xestión técnica e organización
Dinamización, fomento da lectura, formación do usuario e promoción dos recursos

Continuarase coas pautas fixadas no primeiro trimestre.

Analizaranse as necesidades de fondo documentais que vaian xurdindo. Continuarase co rexistro dos fondos.

Boletíns para informar á comunidade escolar sobre as novas da biblioteca ao longo de todo o curso.

Adquisición de mobiliario: recantos e biblioteca.

Iniciar o estudo do recanto de Biblioparque.

Colocación e adquisición de xogos educativos.

Expurgo de fond

- Seguirase ofrecendo ao profesorado suxestións e actividades para o fomento da lectura.
- Encontros con narradores ou poetas, en colaboración cos departamentos de linguas e o EDLG.
- Continuarase coas actividades que se iniciaron no primeiro trimestre e que se desenvolven ao longo de todo o curso.
- Continuarase coa actualización da web do centro na sección dedicada á biblioteca.
 - Fase 2 e 3 do PDI.
- Conmemoración do Entroido en relación a temática PDI.
 - Booktubers - Booktrailes.
 - Radio Arrabal.
 - Timbre musical.
 - Torneo Xadrez.
- Actividade transversal: postais.
- Iniciación na plataforma ELBE.2
 - Libro doente.
 - Prensa na escola.
- Promocionar obxectivos axenda 20/30.
 - Mochilas viaxeiras.
- Actividades de investigación e tratamento da información.

	<ul style="list-style-type: none"> · Estratexias de comprensión lectora. · Conmemoracións: Día Internacional da educación (24 xaneiro), Día escolar da Violencia e da paz (30 xaneiro), Día de Rosalía (23 febreiro), Día Internacional da Muller (8 marzo), Día Mundial dos Dereitos do Consumidor (15 marzo), Semana da prensa (4-8 marzo), Día das Artes Galegas (1 Abril), Día Mundial da Saúde (7 abril). · Actividade: diversidade afectivo sexual.
--	---

3º TRIMESTRE	
Xestión técnica e organización	Dinamización, fomento da lectura, formación do usuario e promoción dos recursos
<p>Continuarase coas pautas fixadas no primeiro trimestre.</p> <p>Analizaranse as necesidades de fondo documentais que vaian xurdindo. Continuarase co rexistro dos fondos.</p> <p>Boletíns para informar á comunidade escolar sobre as novas da biblioteca ao longo de todo o curso.</p> <p>Potenciar a adquisición de material para o apartado de ciencias e maker.</p> <p>Colocación e adquisición de xogos educativos.</p> <p>Enquisa de avaliación para profesorado e alumando.</p> <p>Realización da Memoria Final da Biblioteca.</p> <p>Realización da Memoria Final de Radio na Biblio.</p> <p>Realización da Memoria Final de Voluntariado-A</p> <p>Expurgo de fondos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> · Seguirase ofrecendo ao profesorado suxestións e actividades para o fomento da lectura. · Continuarase coas actividades que se iniciaron no primeiro e segundo trimestre e que se desenvolven ao longo de todo o curso. · Continuarase coa actualización da web do centro na sección dedicada á biblioteca. · Festival de curtas (xuño). Exposición de traballos PDI. <ul style="list-style-type: none"> · Booktubers / Booktrailes. <ul style="list-style-type: none"> · Radio Arrabal. · Timbre musical. · Prensa na escola. · Actividade transversal: postais. · Iniciación na palataforma ELBE.2 <ul style="list-style-type: none"> · Libro doente. · Prensa na escola. · Promocionar obxectivos axenda 20/30.

<p>Agasallo do panel de recompensa grupal adquiridos.</p> <p>Diplomas e agasallo para os voluntarios que deixan o centro.</p> <p>Xestión préstamo de verán.</p>	<ul style="list-style-type: none"> · Actividades de investigación e tratamento da información. · Actividades de formación de usuarios de bibliotecas. · Impulso de actividades de innovación educativa. <ul style="list-style-type: none"> · Estratexias de comprensión lectora. · Conmemoracións: Semana do Libro (22-26 abril), día Internacional do Acoso Escolar (2 maio), Día de Europa (9 maio), Semana das Letras Galegas (13-17 maio), Día Mundial do Ambiente (5 xuño).
---	---

9. LECTURA E FAMILIA

A biblioteca escolar cumpre a función de achegar a toda a poboación escolar uns recursos culturais e para a aprendizaxe que a situación socioeconómica das familias, ou a dispersión da poboación do rural, ás veces non facilitan. Deste xeito, a biblioteca escolar cumpre unha función de compensación das desigualdades.

A biblioteca é un recurso de compensación social xa que pon á disposición do alumnado e as familias todo tipo de fondos. Ofrece tamén a posibilidade de consultar o catálogo de recursos a través de 4 postos informáticos por medio da OPAC Meiga e as actividades e novas de intereses, consultando a páxina web do noso centro escolar.

Estará presente na entrada do centro unha sección BiblioFamilias con préstamos gratuítos para adultos.

Desenvolverase a actividade de mochilas viaxeiras para fomentar a lectura en familia.

Potenciaranse os contacontos no centro a cargo das familias.

A biblioteca estará aberta en horario de tarde para a atención a familias.

Potenciarase a comunicación coas familias a través de:

- Páxina web (Apartado biblioteca).
- Instagram (@biblimmg).
- Abalar Móbil.

10. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

SEGUIMIENTO

A principios de curso, farase unha posta en común con todo o profesorado sobre as necesidades en torno a lectura e a competencia lingüística do alumnado no centro. Ao longo de cada curso, nas reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica, farase un seguimento do Plan Anual de Lectura e, ó final do curso, faranse as recomendacións pertinentes para o PAL do curso seguinte. Os puntos máis importantes do Proxecto Lector de Centro e o Plan Anual de Lectura lembraránse no claustro de principio de curso e a totalidade do mesmo estará a disposición de toda a comunidade educativa a través da páxina web do centro.

AVALIACIÓN

Haberá unha serie de indicadores para comprobar se o PAL se está a desenvolver correctamente:

- En canto ó alumnado:

- Teranse en conta os avances realizados na competencia lectora, na expresión oral e escrita, na comprensión de calquera tipo de texto: narrativo, histórico, artístico, matemático, científico...
- As melloras na busca e tratamento da información.
- A potenciación de valores e actitudes positivas no conxunto do alumnado en torno os eidos, conmemoracións e educación en valores propostos.
- Capacidade de desempeño de tarefas, proxectos e posta en práctica de competencias clave.
- Mellora na autonomía, orientación e coñecemento da súa biblioteca.
- Maior calidade e diversidade na selección de lecturas e temáticas.
- Len máis e mellor.
- Participan activa e voluntariamente nas propostas relacionadas coa lectura.
- Sentimento positivo no relativo a biblioteca, contextos lectores, actividades e recantos de BibliOia.
- A valoración que fan nas enquisas que se realicen e as propostas de mellora incluídas nelas.

- En canto ó profesorado:

- Utilizan o espazo da biblioteca para o préstamo e consulta dos fondos.
- Os fondos desta, tanto para uso persoal como para preparar a súa materia,

- Participan activamente na elaboración e no desenvolvemento de propostas de fomento da lectura.
- Estatísticas de préstamo por grupo durante o ano.
- Estatísticas do programa de xestión de biblioteca Meiga do préstamo anual.
- Estatística sobre os novos exemplares catalogados e a proporcionalidade entre fondos literarios, informativos e por idiomas.
- O índice de participación nas actividades propostas pola biblioteca ou outros ambientes lectores de toda a comunidade educativa.

Desenvolveranse unha enquisa de avaliación a finais de curso preferiblemente a nivel dixital:

- Para o **alumnado** sobre a biblioteca escolar e os hábitos de lectura,
- Para o **profesorado** sobre as prácticas de uso da biblioteca escolar e de fomento da lectura.

Realizarase a **Memoria Final de Curso** onde se recompila e valora toda a actividade da biblioteca neste curso académico.

ANEXO IV

PXA

Plan de atención á diversidade do DO

CURSO 2023-2024



CEIP MESTRE MANUEL GARCÍA

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:

PROGRAMA DO DEPARTAMENTO

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

CONCRECIÓNS ANUAIS CURSO 2023-24

CONSTITUCIÓN DO DEPARTAMENTO.

Constituído tal e como establece o Decreto 120/1998 (art. 4) e a Orde do 24 de xullo de 1998 (art. 3), polo Xefe do departamento (compartido), unha mestra de AL, unha de PT e os coordinadores/as de EI e EP, así como a directora do CEIP.

Os membros do Departamento de Orientación do propio centro son:

Sofía González Cordero, coordinadora de 1º e 2º de EP.

José Ramón Castro Paredes, coordinador de 3º e 4º de EP.

Carla Cabrera Alonso, coordinadora de 5º e 6º de EP.

Lorena Fernández Pazos, coordinadora do segundo ciclo de Educación Infantil.

M.ª Belén Sánchez Veiga, especialista en Audición e Linguaxe.

Raquel Baldonado López, especialista en Pedagogía Terapéutica.

Ana B. Garcés Domínguez, Directora do CEIP.

Iván Fernández Alfonso, Xefe do Departamento de Orientación.

Neste curso 2023-2024, ó igual que en anos pasados, a xefatura do Departamento de Orientación do CEIP é compartido co C.E.I.P. Refoxos de Loureza.

O orientador exerce o seu traballo os martes, mércores, xoves e venres no centro base, acudindo ao centro compartido os luns xa que é cando se atopan en dito centro as especialistas de AL e de PT. O orientador, tamén asiste ao CEIP de Refoxos un martes completo ao mes (preferentemente, o segundo martes).

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO

ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.

Datos do Centro

Denominación: **C.E.I.P. Mestre Manuel García**

Localidade: **A Riña, Oia**

Nº de Unidades: **9 (6 de EP e 3 de EI).**

Nº de alumnos: **135**

I.E.S.P. ao que esta adscrito: "IES Primeiro de Marzo", Baiona

Horario lectivo: **de setembro a xuño de 9:40 a 14:40**

Recursos materiais

Aulas xerais: 6 de EP e 3 de EI.

Aulas específicas: 1 de Pedagogía terapéutica, 1 de Audición e linguaxe, 1 de Orientación, 1 de Música, 1 de Informática, 1 Biblioteca e 1 de Audiovisuais

Instalacións: Ximnasio con duchas e vestiarios, Patio, Comedor, Transporte, ascensor .

Recursos humanos

Persoal docente:

Profesores titores: 6 en EP e 3 en EI.

Profesores especialistas: 1 de lingua inglesa, 1 mestra de apoio na etapa de EI, 1 mestra de educación artística, 1 mestre de EF, 1 mestra de Relixión (itinerante), 1 mestra de pedagogía terapéutica, 1 mestra de audición e linguaxe, 1 mestra de pedagogía terapéutica do plan PROA+ (a media xornada) e 1 orientador (4 días á semana).

Persoal non docente: 1 ATE (coidadora), 2
persoas de limpeza, e Asociación de pais e nais de alumnos (ANPA).

Órganos de goberno do centro.

Directora, Xefe de Estudos, Secretaria, Claustro, Consello Escolar, Departamento de orientación,
Comisión Pedagóxica, Equipo do Ciclo de EI, Equipos de Nivel de EP, Equipo de Dinamización Lingüística, Equipo de actividades complementarias e extraescolares, Equipo das TICs e o Equipo da biblioteca, Equipo de convivencia...

Recursos externos ao centro

Concellerías de educación, cultura e de benestar e servizos sociais (Asistentes sociais, Educadoras sociais ...), Cruz Vermella, Centro médico con pediatra, psicólogo, dentista, Unidade de Saúde Mental infante -xuvenil, gabinetes de psicólogos e logopedas da localid

de e de Baiona, Tomiño, A Guarda, Vigo..., Protección Civil, Biblioteca Municipal, Policía local, Equipo de Orientación Específico (EOE)...

Características do alumnado.

O alumnado procede, na súa maioría, de familias estruturadas e estables. A idade media dos pais está entre os 30-45 e os 25-40 para as nais. Na súa maioría a familia está formada polo pai, a nai e varios fillos/as. Existe un porcentaxe a ter en conta, de familias nas que ademais convive outro membro (avó, avoa,...).

A lingua materna predominante dos nenos/as neste concello é o galego, isto reflíctese no ámbito escolar polo que o uso do galego polos/as nenos/as é maioritario aínda que, na maior parte dos casos, se desenvolven perfectamente ben nas dúas linguas.

Os nosos/as alumnos/as teñen idades que van dos 3 aos 12 anos.

Ás características psicolóxicas propias destas idades temos que engadir outras particularidades específicas determinadas pola interacción do alumno co ambiente socio-familiar no que vive.

Son nenos e nenas con ambientes familiares moi diferentes e con vivencias moi contrastadas que abarcan desde experiencias de vida rural ata a vida nas vilas. Estas diferenzas son enriquecedoras no aspecto de intercambio cultural pero ás veces conlevan outras diferenzas de nivel cultural e económico que repercuten nos diferentes rendementos escolares.

En xeral o ambiente de convivencia é bo e así é percibido polas familias, e apenas se producen conflitos.

Identificación e valoración das necesidades

Para identificar as necesidades do noso alumnado partimos dos datos obtidos:

- **Na Avaliación inicial.** A principios de curso, segundo a orde do 23 de novembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, e a nova orde do 8 de setembro de 2021 (atención á diversidade), o profesorado titor revisará os expedientes dos/as alumnos/as e realizará a avaliación inicial, establecendo o nivel de competencia curricular do alumno/a. Cando un titor/a detecte que os resultados obtidos por un alumno/a estean moi por debaixo do esperado, deberá poñelo en coñecemento do departamento de orientación para poder adoptar as medidas necesarias.
- **Nas sesións de avaliación.** Outro momento clave para a detección de aqueles alumnos que puidesen precisar un tratamento máis diferenciado é durante as sesións de avaliación de cada grupo. Pero tamén debemos ter en conta, tras a avaliación individual do alumnado que o profesorado leva a cabo, o proceso de reflexión e valoración colectiva que se desenvolve a través dos órganos de coordinación.

En base á análise feita desde este Departamento, no curso anterior, pendente de concretar nas novas avaliacións iniciais, as principais NEAE do alumnado son: dificultades específicas de aprendizaxe, dificultades na linguaxe oral, alumnado con NEE asociadas a TEA, TDAH, déficit de atención, TEL...

Obxectivos referidos ao alumnado

- Realizar as probas e valoracións dos alumnos e alumnas que as precisen.
- Coordinar a atención do alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo.
- Contribuír á personalización dos procesos de ensino-aprendizaxe.
- Potenciar a prevención como medida de atención á diversidade.
- Mellorar a saúde emocional do alumnado, así como as súas habilidades e competencias sociais.

PROPOSTAS DE MEDIDAS A ADOPTAR:

-Medidas ordinarias: No noso centro pódense levar a cabo as seguintes medidas ordinarias de atención á diversidade:

- a) **Adecuación da estrutura organizativa do centro** (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- b) **Adecuación das programacións didácticas** ao contorno e ao alumnado.
- c) **Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo** en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, e outras que promovan a inclusión.
- d) **Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación** para dar resposta aos requerimentos de determinado alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- e) **Actuacións destinadas á mellora da convivencia.**
- f) **Desdobramentos de grupos:** Este curso non se fará ningún desdobramento.
- g) **Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.**

O Mestres/as con dispoñibilidade horaria, de ser o caso, farán apoios, se así se considera, aos nenos e nenas con NEAE. As tarefas de apoio levaranse a cabo de forma prioritaria nas áreas ou materias instrumentais.

h) **Programas de recuperación para repetidores:** De ser o caso, actuarase conforme ao artigo 9 do Decreto 130/2007 polo que se establece o currículo de educación primaria e do artigo 6 da Orde do 23 de novembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación primaria, a permanencia dun alumno un ano máis no curso deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo educativo organizado polo centro arredor das competencias básicas e aquelas áreas que faciliten a superación das dificultades de aprendizaxe.

O Plan incluirá unha serie de actuacións con este alumnado nas áreas non superadas, con especial incidencia nas instrumentais, co obxectivo de incrementar o éxito escolar actuando sobre as variables que incidiron negativamente no seu rendemento.

Formará parte da programación do curso e será elaborada e desenvolta polo profesor da área co asesoramento, se é o caso, do orientador.

i) Programas específicos personalizados, que se levarán a cabo cando se detecten diferentes problemáticas de tipo individual e contando coa colaboración das familias, como por exemplo o programa de adquisición de hábitos de traballo na casa, ou outros que se elaboren ante determinados problemas de disciplina, de sono, de alimentación.

j) Programas colectivos de estimulación da linguaxe e prevención de dislalias (PELO): Neste curso non se considera a súa impartición, anque si serán dadas pautas pola mestra especialista de AL para que sexan aplicadas polas mestras de infantil.

Medidas extraordinarias

Entre outras, no noso centro, pódense levar a cabo as seguintes medidas extraordinarias de atención á diversidade:

a) Adaptacións curriculares: este curso debemos renovar unha, e trala avaliación inicial, pode valorarse a opción dalgunha nova.

b) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.

A mestra especialista en P.T con xornada completa no colexio desenvolverá os seus apoios nos alumnos/as que se considere necesario.

A mestra de A.L atenderá aos nenos e nenas con dificultades de linguaxe de xeito individualizado, ou en pequenos grupos, segundo corresponda, en Infantil e en Primaria.

Nalgúns casos, a mestra solicitará a colaboración coa familia para que realice estas actividades (elaboradas por ela) na casa.

Criterios para a valoración do alumnado polo D.O

En primeiro lugar os mestres/as demandantes deberán cumprimentar a solicitude de intervención. As familias deberán facer a demanda de intervención a través do titor ou titora que lles dará unha folla de intervención elaborada polo D.O.

- O Departamento de Orientación procederá a valoración do alumno/a.

- Se decidirá sobre as medidas a levar a cabo, que poden ser:
 - Medidas organizativas: agrupamentos flexibles, desdobramentos, etc.
 - Medidas curriculares: ACS, reforzo educativo, etc
 - Medidas didácticas: adaptación do proceso de aprendizaxe as características do alumnado, cambios metodolóxicos...
- Ademais valorarase a necesidade de recibir apoio por parte das mestras especialistas en PT e AL, ou apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria e a súa incorporación a estas clases en función da dispoñibilidade horaria das mesmas.

Critérios prioritarios de atención pola mestra de A.L.

Se priorizará o alumnado na seguinte orde de prioridades:

1º Problemas diagnosticados con informe médico.

2º Problemas de COMUNICACIÓN E LINGUAXE

- Alumnado con ACS: un en 4º EP, e outros por valorar.

3º Problemas de FALA.

Na educación infantil a atención será: Individualizada ou en pequeno grupo, atendendo ás necesidades puntuais do alumnado.

Na educación primaria: na atención individual priorizarase na mesma orde antes citada, ou en pequenos grupos se se considera conveniente.

Critérios prioritarios de atención pola mestra de P.T

A atención do alumnado priorizarase na seguinte orde:

1º Alumnado con ACS. Hai un alumno de 4º de EP.

2º Alumnado de integración tardía ao sistema educativo: a mestra de pedagogía terapéutica priorizará o traballo para adquisición do nivel de competencia curricular

3º Alumnado que presenta necesidades educativas especiais e /ou dificultades de aprendizaxe.

4º Alumnado que recibiu apoio en cursos anteriores e que non foron dados de alta.

Organización dos recursos do profesorado especialista de P.T e A.L

1. Priorizaranse os apoios dentro da aula. En casos e/ou sesións concretas, serán fóra da aula, cun máximo de 2 alumnos/as en cada sesión, ou algún máis, no caso de AL, se se considera pertinente.
2. Reforzarase preferentemente a materia que se estea a impartir á mesma hora na aula ordinaria, sempre que sexa posible.
3. Procurarase ter en conta o horario do grupo no que se imparte a materia obxecto de dificultade intentando que coincidan tempos e materias pero, como o profesorado titor ten máis posibilidades para modificar o horario da aula, no caso de non coincidir coa materia que se pretende reforzar, deberá ser o profesor titor quen modifique o seu horario para facilitar os apoios.
4. Non se usará para o apoio o horario das especialidades de Ed. Física, Inglés e Educación artística.
5. A proposta de atención, realizada polo orientador coa participación de todo o profesorado implicado, será presentada á xefatura de estudos.
6. O profesorado de P.T e A.L. desempeñará a súa labor co alumnado que presente necesidades específicas de apoio educativo que impliquen a necesidade dunha atención máis individualizada e que fora previamente avaliado no departamento de orientación.

Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición

No ámbito de atención á diversidade é fundamental a coordinación e colaboración de toda a comunidade educativa que se desenvolverá principalmente a través de:

- Comisión de coordinación pedagóxica, que marcará as pautas de actuación deste plan, e se reunirá con periodicidade mensual.
- A coordinación entre o profesorado e o titor/a, responsable este último da mediación do alumnado cos demais membros da comunidade educativa. O intercambio da información entre estes axentes debe ser fluído e facilitador.
- A coordinación entre o profesorado titor e o Departamento de Orientación, aportando este último o asesoramento necesario para facilitar o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe. Habrá xuntanzas programadas cada 2 meses. E sempre que un titor o requira. A maiores, as sesións de avaliacións trimestrais.
- A coordinación do profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe co profesorado titor/a e os resto de profesorado, facendo e posibilitando que as actuacións levadas a cabo dende a aula de apoio teñan a súa continuidade no grupo ordinario.

- A coordinación dos membros do D.O.

Temos unha reunión semanal, os mércores a 5ª hora, onde se tratarán aspectos relacionados coa atención a diversidade, demandas de intervención, seguimento de alumnos/as, etc. Habitualmente, reuniremonos só unha parte do Departamento (profesorado de P.T, A.L e orientador).

- A coordinación do centro cos centros adscritos.

O CEIP está adscrito ao IES Primeiro de Marzo, de Baiona. Consideramos importante a coordinación co centro no que o noso alumnado vai continuar a súa escolaridade para ter unha continuidade nas nosas actuacións.

Así levaremos a cabo as reunións pertinentes co equipo de orientación do IES cando nos convoquen.

Proceso de seguimento, avaliación e mellora do plan

O desenvolvemento do Plan e das actuacións, programas e medidas que se inclúen neste plan someteranse a un proceso contínuo de avaliación, a través de distintos instrumentos (reunións periódicas, observacións, entrevistas cos diferentes axentes implicados, cuestionarios de avaliación e autoavaliación) comprendendo tres funcións básicas, referidas ao momento do proceso avaliativo.

Inicial ou de contexto: permite coñecer a realidade educativa e as necesidades do contexto e tomar decisións de planificación e programación para determinar os obxectivos do Plan e concretar axentes participantes e actuacións. Serven como referencia os informes e memorias dos cursos pasados, a análise dos documentos de centro e do propio alumnado, as propostas do Equipo directivo, do profesorado, as directrices da Comisión de Cordinación Pedagóxica e aportacións doutros axentes externos(sociais, sanitarios, familias...).

Formativa ou de proceso: Permite tomar decisións conxuntas sobre o desenvolvemento do Plan para valorar a marcha e introducir, se é necesario, melloras ou modificacións.

Sumativa ou final: medir o alcance dos obxectivos propostos e a coherencia funcionabilidade ou aplicabilidade no seu conxunto e as posibles modificacións para conseguir unha mellora. Permite, a través dunha valoración conxunta por parte dos participantes, tomar decisións respecto á continuación, modificación, ampliación ou propostas de mellora.

Para realizar a avaliación e seguimento do Plan, poderas ter en conta como criterios de avaliación: nivel de consecución dos obxectivos previstos, identificación temperá e priorización das necesidades, nivel de participación, implicación e coordinación de axentes externos e internos, optimización e adecuación de recursos, medidas, actuacións...

As propostas e conclusións dos diferentes membros da comunidade educativa e de tódolos implicados, serán concretadas pola xefatura do D.O na memoria anual.

O equipo directivo ao comezo de cada curso escolar incorporará a concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade(elaborada polo D.O) á programación xeral anual, e velará polo seu cumprimento, avaliación e memoria.

Coordinación do Departamento de Orientación

O Departamento de Orientación completo, reunirse os 4º martes de cada mes en horario de 16.00 a 17.00 h., puidendo coincidir en data coa CCP. A xefatura do departamento levantará acta de cada reunión.

Semanalmente tamén se realizará unha reunión de coordinación coas mestras especialistas de P.T. e A.L.; será cada mércores ás 13.50 h., e das que igualmente levantaremos acta.

Ademais, celebraranse reunións trimestrais co/a orientador/a do centro ao que estamos adscritos, o IES Primeiro de Marzo, dentro do Plan de Coordinación e Tránsito entre Infantil e Primaria, sempre que nos convoque.

Horario da xefatura do Departamento de Orientación

	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES
9.25-9.40	CEIP	TITORIAS		DO-CICLOS	BUS
9.40-10:30	REFOXOS TODA A XORNADA	DEP. ORIENTACIÓN	DEP. ORIENTACIÓN	DEP. ORIENTACIÓN	DEP. ORIENTACIÓN
10:30-12:00		DEP. ORIENTACIÓN	GARDA	DPTO ORIENTACIÓN	DEP. ORIENTACIÓN
12-12.30		GARDA	Recreo-GARDA	Recreo	RECREO
13:00-14:40		DPTO. ORIENTACIÓN	DEP. ORIENTACION	HORA LECTURA 3ºEP ITINERANCIA	HORA LECTURA 5ºEP ITINERANCIA
16:00-18:30		REUNIÓN COORD. PROFESORADO			

As estratexias de intervención están concretadas no Plan de Acción Titorial e no Plan Xeral de Atención á Diversidade. Este último o introducimos no PE como un documento independente aínda que totalmente vinculado ao noso Plan de Orientación. Ademais, levamos a cabo a Planificación Anual de Actividades do Departamento de Orientación (PAADO), partindo dos obxectivos propostos e tendo en conta o especificado no PAT e no PXAD.

- **PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN (PAADO): curso 23-24**

ACTUACIÓNS PREVISTAS	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	TEMPORALIZACIÓN
-----------------------------	---------------------	----------------------	------------------------

Asesoramento sobre o contido do PEC, documentos que o integran, especialmente medidas de atención á diversidade e de acción tutorial.	Orientador	Equipo Directivo	Inicio/fin curso
Asesoramento nos procesos de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, programacións de nivel e medidas de atención á diversidade na aula.	Orientador, PT	Profesorado	Todo o curso
Asesoramento na realización e seguimento das ACS se fose o caso.	Orientador.	Equipo docente.	1º trimestre Todo o curso.
Asesoramento sobre as diferentes medidas e recursos para a atención do alumnado con NEAE.	D.O.	Comunidade Educativa	Todo o curso
Proposta de adquisición de material específico do Departamento.	Orientador	Dirección	Todo o curso
Colaboración e coordinación con outras institucións: servizos sociais, centros de saúde, gabinetes psicopedagóxicos, asociacións..., que atenden ao alumnado NEAE	Orientador	Persoal responsable dos diferentes organismos	Todo o curso

Realización das avaliacións psicopedagóxicas individuais e dos correspondentes informes psicopedagóxicos e/ou informes escolares, así como ditames.	Orientador	Demandantes: equipos docentes, alumnado e familias	Ao longo do curso
Reunións co Departamento de Orientación "IES Primeiro de Marzo"	Orientador	Orientadora do IES	Ao longo do curso, nos momentos en que se determine
ACTUACIÓNS PREVISTAS	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	TEMPORALIZACIÓN
Reunións con orientadores da zona	Orientador	Orientadores/as da zona	Ao longo de todo o curso, cando se convoquen
Reunións informativas coas familias para: <ul style="list-style-type: none"> ● Intercambiar información sobre as necesidades dos nenos/as. ● Asesorar sobre as mesmas. ● Acadar acordos. 	Orientador	Comunidade Educativa	Cando se considere necesario
Envío de folletos informativos sobre aspectos educativos ás familias e aos mestres/as.	Departamento de Orientación	de Profesorado, familias	Ao longo do curso
Plan de Acolida ao alumado estranxeiro	Departamento de Orientación E Equipo Directivo	Claustro de Profesorado Alumnado	Todo o curso

Organización da acollida ao alumnado e /ou profesorado que se incorpora ao centro.	Orientador e Eq. Directivo	Alumnado Profesorado	Todo o curso
Valoración e seguimento dos alumnos/as con NEAE	D.O.	Profesorado, alumnado, familias.	Ao longo do curso.
Reunións mensuais de coordinación co equipo docente, CCP	Departamento de orientación, XE	CCP Claustro.	4º martes de cada mes de 16.00 a 16,45 h.
Reunións e coordinacións con AL e PT	Orientador, AL e PT	Membros do D.O.	Luns 3ª hora
Proposta de organización dos apoios e horarios do profesorado de PT e de AL.	Orientador e profesorado PT/AL	Titores do ANEAE e XE	Setembro/Outubro
Asesoramento e tramitación de bolsas e axudas para alumnado con NEAE.	Orientador	Familias Comunidade Educativa	Setembro/Outubro
Organización e actualización dos expedientes do alumnado con NEAE, así como dos arquivos de orientación.	Orientador	Comunidade educativa	Setembro/Outubro
ACTUACIÓNS PREVISTAS	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	TEMPORALIZACIÓN

Elaboración e/ou revisión, aprobación, dos distintos documentos do departamento: PO, PAT, PAADO, concreción PXAD...	Orientador e departamento	Comunidade Educativa	Setembro/Outubro
Elaboración e/ou actualización do Plan de Benestar emocional, e dos Plans de Habilidades e competencia social do centro	Departamento Orientación. Equipo Directivo	Comunidade Educativa	Setembro/outubro
Cumprimentación da aplicación DRDadi no espazo web da Consellería.	Orientador.	Consellería.	1º trimestre.
Asesoramento respecto dos asuntos a tratar nas reunións xerais coas familias	Departamento de Orientación	Profesorado	Setembro/Outubro
Asesoramento na selección do alumnado ó que vai dirixido á iniciativa ARCO	Departamento Orientación	Equipo directivo	Outubro
Asesoramento na avaliación inicial do alumnado	D.O.	Profesorado titor	Setembro/Outubro
Asistencia ás sesións de avaliación	Orientador e AL e/ou PT cando corresponda	Equipos Docentes	Datas da 1ª, 2ª e 3ª avaliación
Exploración psicopedagóxica grupal (BADYG ou similar) ao alumnado que remata ciclo	Orientador	Alumnado	2º e 3º trimestre
Coordinación co IES na preparación do proceso de transición do alumno de 6º de EP para a ESO	Orientador	Alumnado e familias de 6º	3º Trimestre

Deseño do proceso a seguir para a elaboración dos informes finais para o alumnado obxecto de apoio por parte do DO	Departamento de Orientación	Profesorado titor, XE, orientadora IES	Xuño
Exploración psicopedagóxica grupal ó alumnado de 6º(BADYG ou similar)	Orientador	Alumnado de 6º	3º trimestre
Colaboración na acollida ao alumnado que inicia a etapa de Educación Primaria	Orientador e Eq. Directivo	Alumnado Profesorado Familias	Xuño
Realización da avaliación do desenvolvemento do Plan Anual de Actividades do Departamento e demais programas do DO	Departamento de orientación	Departamento de orientación	Xuño
Previsión de NEAE de cara ó próximo curso	D.O.	Profesorado	Xuño
ACTUACIÓNS PREVISTAS	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	TEMPORALIZACIÓN
Redacción da Memoria do Departamento de Orientación	Orientador	Departamento Claustro Consello Escolar	Xuño
Cumprimentación da aplicación DRORIENTA no espazo WEB da Consellería	Orientador	Servizos de Orientación Educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia	Xuño



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE



CEIP MESTRE MANUEL GARCÍA
Camiño do Fial, 23 - 36794 - Oia (Pontevedra)
☎ 886110488 📠 886110486
✉ ceip.mestre.manuel.garcia@edu.xunta.gal
🌐 edu.xunta.es/centros/ceipmestremmanuelgarcia/

ANEXO V

PXA



Plan de Igualdade

CURSO 2023-2024



CEIP MESTRE MANUEL GARCÍA

ÍNDICE

PLAN DE IGUALDADE

1. Introducción.
2. Contextualización normativa e do centro.

3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia.
4. Obxectivos coeducativos que se abordan no plan:
 - 4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.--
 - 4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.
 - 4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.
 - 4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.
5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos:
 - 5.1. Organización do centro.
 - 5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.
 - 5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.
 - 5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.
6. Seguimento e avaliación.

1. INTRODUCCIÓN

A coeducación é un estilo educativo, un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mutua e tendente a unha relación de xustiza e respecto e en interese dunha formación integral e unha efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

O noso colexio parte do feito de que homes e mulleres somos iguais en dereitos, defendendo un modelo de escola coeducativa. Este modelo vai máis alá, pois parte da necesidade de compensar unha contorna sexista e non neutra. O obxectivo da escola coeducativa, é a eliminación de estereotipos entre sexos, superando as desigualdades sociais e as xerarquías culturais entre o alumnado e convídase a transformar as relacións entre homes e mulleres, nun marco máis equitativo e a potenciar a transgresión de roles estereotipados.

É preciso polo tanto prestar atención ao proceso de convivencia nos centros educativos para conseguir que se valoren de maneira igualitaria as capacidades, os intereses e as achegas das nenas e dos nenos e favorecer deste xeito as relacións de igualdade e de respecto, o que repercutirá non só nunha mellor convivencia escolar senón tamén nunha sociedade máis igualitaria.

Este Plan ofrece pautas para a promoción da igualdade de xénero, a coeducación e a prevención da violencia de xénero nos centros educativos, incorporando de forma integrada e transversal a perspectiva de xénero en todas as actuacións do centro.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NORMATIVA DO CENTRO.

Na súa aplicación resulta de especial importancia a colaboración e o apoio do departamento de orientación do centro xunto co resto do profesorado, como recurso necesario para a inclusión e para a mellora da intervención educativa en termos de igualdade, por ter entre as súas funcións asesorar e poñer á disposición de cada comunidade educativa aqueles medios ou recursos necesarios para a atención á diversidade.

Na sociedade actual están a producirse logros no referente á necesidade de avanzar cara á igualdade entre homes e mulleres. O principal obxectivo deste proxecto de coeducación, é cuestionar actitudes sexistas e fomentar espazos de convivencia en igualdade e equidade, que deben ir acompañados de actuacións preventivas e de aprendizaxe tendentes a unha convivencia en paz. Trátase que a través da educación poidanse desenvolver todas as capacidades individuais con independencia do xénero. A escola debe transmitir valores, normas e actitudes que favorezan os comportamentos de respecto aos demais; sen que teña cabida as actitudes agresivas, estereotipadas nin violentas.

Contextualización do centro

O Plan vai dirixido a toda a comunidade educativa

O centro escolar establece dentro das súas prioridades de actuación:

Fomentar actividades que traballen a igualdade e a equidade de xénero

Modificar e crear un entorno que fomente as relación desde a igualdade e a inclusión.

Contribuír a crear un centro inclusivo, eliminando estereotipos de sexo e xénero. O Plan de Convivencia vixente aprobado polo Consello Escolar establece dentro dos seus obxectivos específicos:

Lograr un clima de convivencia baseado no respecto e comunicación entre os diversos axentes da nosa comunidade.

Fomentar actitudes de tolerancia e respecto.

Rexeitar as manifestacións de violencia, agresión ou inxustiza que poidamos detectar e axudar no caso de que sexa necesario.

Para a elaboración deste Plan tivéronse en conta catro principios inspiradores:

TRANSVERSALIDADE: a igualdade de xénero como un principio transversal e sempre presente na actividade educativa.

IGUALDADE: todas as persoas nacen libres e iguais en dignidade e dereitos. Polo tanto, o noso deber educativo é procurar que se respecte este dereito ofrecendo igualdade e equidade de oportunidades a todo o noso alumnado.

OBXECTIVO “VIOLENCIA 0 NAS AULAS E NA SOCIEDADE”: é imprescindible a sensibilización e a concienciación na comunidade educativa do problema da violencia de xénero na nosa sociedade e a loita pola súa total desaparición.

INCLUSIÓN E INTEGRACIÓN DA DIVERSIDADE. A educación para a aceptación da diversidade sexual e a integración plena de todas as persoas na comunidade educativa e na sociedade sen que inflúa a súa opción afectiva ou sexual. Ademais o noso centro defende a educación inclusiva como o medio máis efectivo de combater as actitudes discriminatorias. Entendemos que a educación inclusiva é unha forma de vida baseada na crenza de que cada persoa é valorada e pertence a un grupo. Para que todo o alumnado se sinta incluído, é necesario apoiar as cualidades e as necesidades individuais de todo o alumnado da comunidade escolar.

Marco normativo:

A Constitución española de 1978 recoñeceu no artigo 14 a igualdade ante a lei por razón de sexo, pero, máis alá dese recoñecemento formal, estableceuse no artigo 9.2 que é unha obriga dos poderes públicos promover as condicións para que esa igualdade sexa real e efectiva.

O noso Estatuto de autonomía atribúelles a mesma obriga aos poderes públicos no ámbito da nosa Comunidade Autónoma.

Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, xa pon de manifesto que a educación é o medio de transmitir e, ao mesmo tempo, de renovar, a cultura e o acervo de coñecementos e valores que a sustentan. Así, un dos principais fins que se persegue coa educación é a formación no respecto dos dereitos e das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes, así como a valoración crítica das desigualdades, de forma que sirvan para superar os comportamentos sexistas.

O artigo 1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece como principio da educación “o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”. No artigo 2 dise que o sistema educativo se orientará á consecución de determinados fins, entre os que salienta a “educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes establece:

- o Artigo 23. A educación para a igualdade de mulleres e homes.

O sistema educativo incluirá entre os seus fins a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e na igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes. Así mesmo, o sistema educativo incluirá, dentro dos seus principios de calidade, a eliminación dos obstáculos que dificultan a igualdade efectiva entre mulleres e homes e o fomento da igualdade plena entre unhas e outros.

- o Artigo 24. Integración do principio de igualdade na política de educación.

1. As administracións educativas garantirán un igual dereito á educación de mulleres e homes a través da integración activa, nos obxectivos e nas actuacións educativas, do principio de igualdade de trato, evitando que, por comportamentos sexistas ou polos estereotipos sociais asociados, se produzan desigualdades entre mulleres e homes.

2. As administracións educativas, no ámbito das súas respectivas competencias, desenvolverán, con tal finalidade, as seguintes actuacións:

- A. A atención especial nos currículos e en todas as etapas educativas ao principio de igualdade entre mulleres e homes.

- B. A eliminación e o rexeitamento dos comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, con especial consideración a iso nos libros de texto e materiais educativos.

- C. A integración do estudo e aplicación do principio de igualdade nos cursos e programas para a formación inicial e permanente do profesorado.
- D. A promoción da presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de control e de goberno dos centros docentes.
- E. A cooperación co resto das administracións educativas para o desenvolvemento de proxectos e programas dirixidos a fomentar o coñecemento e a difusión, entre as persoas da comunidade educativa, dos principios de coeducación e de igualdade efectiva entre mulleres e homes.
- F. O establecemento de medidas educativas destinadas ao recoñecemento e ensino do papel das mulleres na Historia"

Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Artigo 17. O currículo regulador do sistema educativo.

- 1. A Xunta de Galicia adoptará, dentro das súas competencias, as medidas conducentes a lles proporcionar, tanto ás mulleres coma aos homes, unha educación para a igualdade. Para estes efectos, o currículo regulador da práctica docente de cada un dos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades do sistema educativo.
- 2. A Xunta de Galicia incluírá nos programas de formación do profesorado, como materia específica, a igualdade e a violencia de xénero. adaptárase ás seguintes especificacións relativas a obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación

o Artigo 18. Erradicación de prexuízos nos centros docentes.

- 1. Non se admitirán, no centro docente, as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuízos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.
- 2. De forma directa, as docentes e os docentes non permitirán ningunha forma de machismo e de misoxinia que puidese existir no seo da comunidade escolar e, nomeadamente, entre nenos e nenas e adolescentes, aplicarán activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres.

- o Artigo 22. Inclusión da realidade LGTBI nos plans de estudos A consellaría competente en materia de educación incorporará a realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual nos contidos transversais de formación de todo o alumnado de Galicia naquelas materias en que sexa procedente, dará audiencia ao Consello e, de ser o caso, escoitará as asociacións, organizacións e colectivos LGTBI. Así mesmo, visibilizaranse na educación os diferentes modelos de familia establecidos nesta lei.
- o Artigo 23. Actitudes A Administración educativa galega, en colaboración co departamento competente en materia de igualdade, fomentará a realización de actividades dirixidas á comunidade escolar para a prevención de actitudes e comportamentos discriminatorios pola orientación sexual ou a identidade de xénero.
- o Artigo 24. Formación do persoal docente Estableceranse actividades de formación para o persoal docente existente. Así mesmo, incorporárase a realidade LGTBI e os distintos modelos de familia aos cursos e másters de formación do futuro persoal docente e aos plans de estudos das titulacións de Educación Social, Maxisterio, Pedagogía, Psicoloxía e Dereito.
- o Artigo 25. Divulgación da realidade LGTBI entre as ANPA A consellaría competente en materia de educación, en colaboración coas ANPA, deseñará contidos para as escolas de pais e nais relativos á realidade LGTBI e aos diferentes modelos de familia.
- o Artigo 26. Combater o acoso e favorecer a visibilidade
 1. Estableceranse actuacións para combater o acoso escolar por razón de orientación sexual ou identidade de xénero, favorecendo a visibilidade do alumnado LGTBI e a plena normalidade das distintas orientacións sexuais e identidades de xénero. Así mesmo, informarase sobre os mecanismos de denuncia dos casos de acoso.
 2. Para os efectos de favorecer a visibilidade e de integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual nos centros escolares, a consellaría competente en materia de educación favorecerá nos sostidos con fondos públicos a realización de actividades específicas próximas a datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo de dereitos a persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais".

Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia establece como un obxectivo da educación primaria desenvolver unha actitude contraria aos "prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo – sexual".

Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG do 27 de xaneiro), contempla a integración do principio de igualdade entre mulleres e homes, para o que resolve establecer, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGTBIFOBIA.

O clima actual da convivencia no noso centro é bo e satisfactorio.

- Entre iguais, alumnado: boa relación
- Profesorado –alumnado: boa relación.
- Profesorado – familias - ANPA: boa relación.
- Profesorado -profesorado e persoal non docente: boa relación. Os tipos de conflitos máis frecuentes son:
 - Distracción e falta de atención.
 - Disrupción na aula: falar a destempo, levantarse sen permiso, falar entre o alumnado...
 - Esquecemento dos materiais para o desenvolvemento das clases.
 - Conflitos e perda de respecto entre iguais durante o recreo e na aula.
 - Falta de respecto ás veces entre iguais.
 - Desobediencia ás ordes educativas-formativas. As súas causas son:
 - Falta de atención.
 - Dificultades de aprendizaxe.
 - Falta de colaboración e/ou implicación por parte das familias, en casos puntuais.
 - Impulsividade, escasa reflexión.

- Falta dun referente de autoridade.
- Trastornos de conduta.

4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN

4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Promover a participación e implicación das familias no traballo coeducativo

Visibilizar e eliminar os estereotipos que persisten na sociedade respecto dos ámbitos de realización persoal e profesional e promover no alumnado unha elección do futuro académico e profesional libre de estereotipos de xénero.

4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

Facilitar orientacións para a súa adaptación e inclusión no plan de convivencia do centro, que permitan a prevención e detección precoz daquelas condutas que se integran no gradiente da violencia de xénero (control, acoso, abuso, etc).

Apoio ao alumnado vítima de violencia de xénero e ás persoas que vivan nos seus fogares esta situación. Traballarase en coordinación con servizos sociais e con xustiza.

4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.

Colaboración con axentes socio-educativos e de formación en materia de saúde, para a abordaxe integral da saúde afectivo-sexual entre todas as persoas destinatarias da comunidade educativa galega, independentemente do nivel e réxime de escolarización.

4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.

Actividades de sensibilización, información, formación e intervención para toda a comunidade educativa.

5. MEDIDAS CONCRETAS NOS SEGUINTEs ÁMBITOS

5.1. Organización do centro.

Establecer medidas de igualdade e de atención a diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar nos documentos de organización do centro: Proxecto Educativo do Centro e Plan de Convivencia.

Favorecer un uso da linguaxe inclusiva e non sexista. Revisaranse e modificaranse, se procede, todos os documentos do centro, para incorporar unha linguaxe non sexista.

Elaborar un protocolo de intervención en caso de acoso escolar por homofobia e transfobia entre o alumnado.

5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

Incrementar a biblioteca do centro con títulos, filmes e outro material coeducativo e relativo á diversidade afectivo-sexual, familiar e de identidade de xénero.

Organización de obradoiros, charlas e actividades relacionadas coa igualdade de xénero e contra a violencia sexista. (Mochilas Lilas)

Organizar actividades en efemérides concretas, tales como o 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia cara á Muller; o 8 de marzo, Día da Muller; etc.

Facilitar material de apoio e de recursos didácticos para que os/as titores/as e profesores/as poidan traballar a igualdade e a diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar na aula.

Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, para completar a historia da humanidade...

5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

Difundir información a través dun taboleiro no centro.

Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.

Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.

Orientar as actividades e a ocupación do patio para favorecer a inclusión.

5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

Promover o respecto e do bo trato entre mulleres e homes.

Promover actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente etc.

Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.

Promover metodoloxías activas participativas e cooperativas.

Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.

Favorecer a implicación das familias nos programas de innovación educativa que están a traballar no ámbito da igualdade

6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

A avaliación terá carácter continuo e avaliaremos se os obxectivos propostos se conseguiron ou non.

Avaliarase a participación activa de toda a comunidade educativa e teremos en conta o grao de adquisición dos obxectivos marcados.

A coordinación entre o profesorado.

O grao de participación de axentes externos (asociacións, familias...)

Os materiais empregados

A actitude do alumnado

A implicación do claustro en materia de Igualdade

Os instrumentos empregados serán: a observación, enquisas sobre actividades, etc.

Logo da análise e da valoración destes datos, estableceranse propostas de mellora para os seguintes cursos escolares co fin de ir completando a abordaxe dos distintos obxectivos coeducativos.

ANEXO VI

PXA

Objetivos Plan Digital

CURSO 2023-2024



Táboa 1: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora": H – Competencias dixitais do alumnado.						
OBXECTIVO (1):	FIXAR UNHA LIÑA PROGRESIVA E LONXITUDINAL DE ACCIÓN NO USO DAS TICS NA EDUCACIÓN PRIMARIA				Acadado	
RESPONSABLE:	EQUIPO DIRECTIVO E EQUIPO TICS				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Actividades realizadas do itinerario de tarefas TICS da Educación Primaria. (listaxe de cotexo)					
Valor de partida (3)	0 actividades realizadas do itinerario					
Valor previsto e data (4)	Cada curso aplicou polo menos 4 accións presentes no itinerario.			3ºT		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Realización dun inventario de recursos TICS do centro.	EQUIPO TICS	PRIMEIRA SEMANA DE SETEMBRO	Ordenador.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Previsión nos horarios e apoios para o desenvolvemento do itinerario TIC.	XEFE DE ESTUDOS	PRIMEIRA SEMANA DE SETEMBRO	Horarios Persoal dispoñible		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Axuste e redistribución de recursos TICs no centro/ aulas.	EQUIPO DIRECTIVO / EQUIPO TICS	SETEMBRO	Reunión do persoal implicado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.4: Elaboración do itinerario TICS de EP.	EQUIPO DIRECTIVO / EQUIPO TICS	OUTUBRO	Ordenador Reunión do persoal implicado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.5: Presentación do itinerario TICs ao profesorado de EP.	EQUIPO DIRECTIVO / EQUIPO TICS	NOVEMBRO	Proxector Sala de reunións		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A01.6: Aplicación do itinerario TICS no curso 23-24 nas aulas de primaria	MESTRES/AS PRIMARIA	XUÑO	Os especificados no itinerario TICS	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
A01.7: Avaliación da aplicación do itinerario TICS.	EQUIPO DIRECTIVO / EQUIPO TICS	ÚLTIMA SEMANA XUÑO	Proxector Sala de reunións Memorias fianais	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

Táboa 2: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora": H – Competencias dixitais do alumnado.						
OBXECTIVO (1):	USAR A PLATAFORMA ELBE.2 PARA O PRÉSTAMO DE LIBROS EN FORMATO DIXITAL				Acadado	
RESPONSABLE:	EQUIPO DIRECTIVO E EQUIPO DE BIBLIOTECA				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Nº de préstamos realizados mediante a plataforma ELBE.2 en cada aula. (listaxe de cotexo)					
Valor de partida (3)	0% de prestamos realizados a través da plataforma ELBE.2 en cada aula.					
Valor previsto e data (4)	0 % do alumnado de 4º de EP e o 100 % do alumnado de 5º e 6º realizou algún préstamo de libros mediante a plataforma.			3ºT		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Elaboración dun programa de uso da plataforma ELBE.2	EQUIPO BIBLIOTECA/ EQUIPO DIRECTIVO	COMEZOS DE NOVEMBRO	Ordenador.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Presentación do programa aos titores de primaria.	COORDINADOR BIBLIOTECA	COMEZOS DE NOVEMBRO	Sala reunións.		Realizada	
					Aprazada	

					Pendente	
A02.3: Impartición da formación sobre o uso da plataforma ao alumnado de 5º e 6º EP (Reparto das claves de acceso e normas).	EQUIPO BIBLIOTECA	FINAIS DE NOVEMBRO	Ordenadores EDIXGAL		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.4: Préstamo de libros de Nadal 5º-6º EP	EQUIPO DE BIBLIOTECA / TITORES	DECEMBRO	Ordenadores EDIXGAL		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.5: Posta en marcha do mecanismo de préstamo en 4º EP (posibilidade doutros cursos de EP)	EQUIPO DIRECTIVO / TITORES	XANEIRO- FEBREIRO	Ordenadores ABALAR / Lectores electrónicos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.6: Avaliación dos préstamos na plataforma.	EQUIPO DIRECTIVO/ EQUIPO DE BIBLIOTECA	FINAIS MAIO	Memoria biblioteca PLAMBE		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa 3: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

“Área/s de mellora”: B- Colaboración e redes.			
3. OBXECTIVO (1):	POTENCIAR E CANALIZAR A COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS A TRAVÉS DA PÁXINA WEB DO CENTRO.		Acadado
RESPONSABLE:	EQUIPO DIRECTIVO E EQUIPO TICS		Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Nº de accións desenvolvidas na páxina web presentes no plan de comunicación do centro. (listaxe de cotexo)		
Valor de partida (3)	Plan de comunicación de centro elaborado.		
Valor previsto e data (4)	Desenvolvemento do 70% das accións presentes no apartado web do plan de comunicación.		3ºT

ACCIÓN A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A03.1: Actualización do plan de comunicación do centro.	EQUIPO DIRECTIVO	SETEMBRO	Ordenador.		Realizada	<input type="checkbox"/>
					Aprazada	<input type="checkbox"/>
					Pendente	<input type="checkbox"/>
A03.2: Presentación do plan de comunicación ao profesorado e familias.	EQUIPO DIRECTIVO	SETEMBRO	Sala reunións. Proxector.		Realizada	<input type="checkbox"/>
					Aprazada	<input type="checkbox"/>
					Pendente	<input type="checkbox"/>
A03.3: Actualización e organización da interface e seccións da páxina web.	EQUIPO DIRECTIVO / EQUIPO TICS	OUTUBRO E NOVEMBRO	Ordenador.		Realizada	<input type="checkbox"/>
					Aprazada	<input type="checkbox"/>
					Pendente	<input type="checkbox"/>
A03.4: Establecemento e comunicación das pautas de publicación na páxina web para profesorado e ANPA.	EQUIPO DIRECTIVO	FINAIS DE NOVEMBRO	Sala reunións. Proxector.		Realizada	<input type="checkbox"/>
					Aprazada	<input type="checkbox"/>
					Pendente	<input type="checkbox"/>
A03.5: Aplicación das accións e pautas de publicación da páxina web.	DOCENTES E ANPA	XUÑO	Ordenadores.		Realizada	<input type="checkbox"/>
					Aprazada	<input type="checkbox"/>
					Pendente	<input type="checkbox"/>

ANEXO VII

PXA

PLAN DE BIENESTAR EMOCIONAL

CURSO 2023-2024



CEIP MESTRE MANUEL GARCÍA

- 1. Introducción, contextualización e xustificación.**
- 2. Análise do contexto e situación de partida.**
- 3. Obxectivos e indicadores.**
- 4. Procedemento de seguimento, avaliación, modificación e difusión.**

1. Introducción, contextualización e xustificación.

O CEIP Mestre Manuel García, ubicado no concello de Oia, é un centro rural de liña 1, que conta con 9 unidades (3 en EI e 6 en EP) e un total de 135 alumnos e alumnas.

O benestar emocional do alumnado pódese ver influenciado polas diferentes contornas vulnerables socioeconómicamente, as relacións familiares ou as dinámicas disfuncionais que poden presentar “adultos referentes” no desenvolvemento deste alumnado. Debemos xerar iniciativas que axudan a nenas e nenos, mozos e familias en situación de sufrimento psicolóxico ou risco de padecelo. Débese atender a toda a comunidade educativa desde aproximidade da súa contorna (familia, escola, entidades sociais...).

Con esta proposta preténdese acompañar á comunidade educativa para que poida ser quen de decidir que e como afrontar este reto colectivo do coidado emocional desde a transformación da convivencia, a aprendizaxe e a compensación socioemocional a través de redes de apoio para fomentar a participación e a corresponsabilidade nesta tarefa.

2. Análise do contexto e situación de partida.

A análise ou diagnóstico é o punto de partida para coñecer o estado da benestar no centro e, de ser o caso, a conflictividade detectada neste.

As relacións entre o profesorado, alumnado, persoal e as familias son, en xeral, boas e fluidas. A participación na vida do centro por parte da comunidade educativa é activa e dinámica. Ao ser centro con matrícula aberta debido a que non ten o ratio máximo nas súas aulas, somos susceptibles á acollida de novo alumnado durante o curso.

A conflictividade detectada no centro, facendo análise dos rexistros de incidencias, maioritariamente son incidencias de atitude e comportamento na aula ordinaria e conflitos interpersoais nos tempos de lecer (recreos e patios), entradas e servicios complementarios (comedor e transporte escolar).

As actuacións desenvolvidas ata o dagora foron efectivas na súa medida pero contemplan unha marxe de mellora.

3. Obxectivos e indicadores.

Para cada unha das accións concretarase, como mínimo, a súa temporalización e os indicadores que permitan avaliar o nivel de logro acadado.

OBXECTIVO	TEMPORALIZACIÓN	INDICADORES DE LOGRO
Promover o bo uso e tratamento dos datos sensibles no centro (cadernos vermello, alerxias e intolerancias, programa alerta escolar,...).	ANUAL	<ul style="list-style-type: none"> - Renovar os datos de alerta escolar, alerxias e intolerancias nos cadernos vermellos e entrega nas titorías e despachos. - Actualizar os datos do botiquín de alerta escolar. - Revisar a caducidade dos medicamentos e aviso ás familias se houberse que renovalos. - Solicitar ao profesorado consentimento de imaxe para páxina web, documentos de centro e materiais adaptados para o alumnado.
Colaborar na entrega das credencias para a comunidade educativa para a realización da enquisa anual de convivencia.	3º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> - Imprimir e entregar as credenciais a toda a comunidade educativa (PAS, profesorado, familias e alumnado). - Dar difusión en a través de Abalar móbil a todo o centro dos prazos e mecanismo. - Axudar ao alumnado de 3º ciclo na cumprimentación da enquisa dende os seus equipos E-Dixgal.
Colaboración co servizo UACO, DO e titorías para atención de alumnado e familias.	ANUAL	<ul style="list-style-type: none"> - Solicitud de intervención da UACO nos casos contemplados no DO como posibles familias e alumnado beneficiario. - Colaboración coa UACO e o DO na intervención dos casos seleccionados.
Implementación de programas para a mellora da convivencia.	ANUAL	<ul style="list-style-type: none"> - Solicitud do programa do colexio do Benquerer da asociación Meniños para a súa implementación en 3º ciclo. - Solicitud da intervención do programa Érguete para a aula de 3º EP.

4. Procedemento de seguimento, avaliación, modificación e difusión.

O seguimento do plan farase a través das listas de cotexo realizadas cos indicadores de logro.

A avaliación será continúa, formativa e final, axudándonos a valorar o noso propio traballo, analizar os progresos e identificar as dificultades.

No caso de ter que realizar modificacións no plan de benestar emocional, estes serán comunicados ao equipo de convivencia e trasladados á CCP, quedando recollidos nas actas e na memoria final de fin de curso.

A difusión de dito plan de benestar emocional farase a través da páxina web do centro, no apartado: “documentos de centro”, e estará incluído na PXA anual.